



**TESIS DOCTORAL**

**25 AÑOS DE TEATRO UNIVERSITARIO GALLEGO**  
**Las aulas de teatro universitarias de Galicia (1990-2015)**

**TOMO II**

**Fernando Dacosta Pérez**

DEPARTAMENTO  
**Lenguas Modernas y Literaturas Comparadas**

**2017**





**TESIS DOCTORAL**

**25 AÑOS DE TEATRO UNIVERSITARIO GALLEGO**  
**Las aulas de teatro universitarias de Galicia**  
**(1990-2015)**

**TOMO II**

**Fernando Dacosta Pérez**

DEPARTAMENTO  
**Lenguas Modernas y Literaturas Comparadas**

Conformidad de la/los Directora/es:

Fdo: **Iolanda Ogando González**

Fdo: **Enrique Santos Unamuno**

**2017**





**TOMO I**

Resumo en castelán da tese p. 5

Resumo en inglés da tese p. 7

Grazas p. 9

Lista de siglas p. 11

**CAPÍTULO 1: INTRODUCCIÓN p. 13**

1.1. Xustificación do traballo e obxectivos p. 15

1.2. Nota previa p. 23

1.3. Da literatura á representación p. 25

1.4. Breve panorámica do teatro galego p. 42

**CAPÍTULO 2: ANTECEDENTES p. 107**

2.1. Introducción ao tema p. 109

2.1.A. Breve historia do teatro universitario en España: os antecedentes das aulas de teatro universitarias p. 116

2.1.B. Breve historia do teatro universitario portugués p. 125

2.2. Novas sobre teatro universitario galego (Ata 1936) p. 132

2.3. O TEU de Santiago (A partir de 1936) p. 137

2.4. Os anos 80 p. 147

**CAPÍTULO 3: AS AULAS DE TEATRO UNIVERSITARIAS DE GALICIA p. 159**

3.1. Nacemento e desenvolvemento das aulas de teatro universitarias de Galicia do curso 1990/91 ao curso 2014/15 p. 162

3.2. As montaxes das aulas de teatro universitarias de Galicia do curso 1990/91 ao curso 2014/15 p. 190

3.3. As montaxes de grupos de teatro universitario non institucionais do curso 1990/91 ao curso 2014/15 p. 206

3.4. As montaxes das aulas de teatro universitarias de Galicia de 1990/91 a 2014/2015.

Compoñentes, equipos artístico e técnico, sinopses p. 231

3.4.1. Aula de teatro universitaria de Santiago p. 232

3.4.2. Aula de teatro universitaria de Coruña p. 250

3.4.3. Aula de teatro universitaria de Pontevedra p. 264

3.4.4. Aula de teatro universitaria de Ourense p. 275

3.4.5. Aula de teatro universitaria de Vigo p. 333

3.4.6. Aula de teatro universitaria de Lugo p. 345

3.4.7. Teatro universitario de Ferrol p. 364

**TOMO II****CAPÍTULO 4: AS MOSTRAS E FESTIVAIS DE TEATRO UNIVERSITARIO DE GALICIA. NACEMENTO E DESENVOLVEMENTO. PROGRAMACIÓN p. 375**

4.1. O nacemento e desenvolvemento das mostras e festivais de teatro universitario de Galicia p. 377

4.1.1. As mostras de Santiago p. 383

4.1.2. As mostras da Coruña p. 384

4.1.3. As mostras de Pontevedra p. 385

4.1.4. As mostras de Ourense	p. 387
4.1.5. As mostras de Vigo	p. 391
4.1.6. As mostras de Lugo	p. 392
4.1.7. Funcións de teatro universitario en Ferrol	p. 393
4.2. Programación das mostras e festivais de teatro universitario de Galicia	p. 393
4.2.1.A. Santiago. FITU	p. 394
4.2.1.B. Mostra de teatro universitario de GALICIA	p. 409
4.2.2. Coruña. FITEUC	p. 422
4.2.3. Pontevedra	p. 437
4.2.4.A. Ourense. MITEU	p. 448
4.2.4.B. Ourense. MOTI	p. 483
4.2.5. Mostra de Vigo	p. 492
4.2.6. Lugo	p. 502
4.2.7. Ferrol	p. 520
<b>CAPÍTULO 5: CUESTIONARIO</b>	p. 523
5.1. Roberto Salgueiro (Santiago)	p. 526
5.2. Chema Paz Gago (A Coruña)	p. 529
5.3. Rubén Ruibal (A Coruña)	p. 532
5.4. Xoán Couto (Pontevedra)	p. 536
5.5. Salvador del Río (Pontevedra)	p. 541
5.6. Ánxeles Cuña (Ourense)	p. 543
5.7. Fernando Dacosta (Ourense)	p. 547
5.8. Maribel González (Vigo)	p. 552
5.9. Pepa Barreiro (Vigo)	p. 554
5.10. Tareixa Campo (Lugo)	p. 558
5.11. Paloma Lugilde (Lugo)	p. 561
5.12. Xoán Carlos Mejuto (Ferrol)	p. 564
5.13. Gonçalo Guerreiro (Ferrol)	p. 567
5.14. Xosé Paulo Rodríguez (Director das aulas de Lugo e Coruña)	p. 570
<b>CAPÍTULO 6: IMAXES DOS ESPECTÁCULOS DAS AULAS DE TEATRO UNIVERSITARIAS DE GALICIA</b>	p. 577
<b>CAPÍTULO 7: CONSIDERACIÓNS SOBRE O TEATRO</b>	p. 623
7.1. Un sistema teatral de 25 anos	p. 625
7.2. O modelo e a diferenza	p. 639
7.3. Etapas e tendencias das aulas	p. 643
<b>CAPÍTULO 8: CONCLUSIÓNS</b>	p. 651
<b>BIBLIOGRAFÍA</b>	p. 657

**CAPÍTULO CATRO**

**AS MOSTRAS  
E FESTIVAIS  
DE TEATRO  
UNIVERSITARIO  
DE GALICIA.  
NACEMENTO  
E DESENVOLVE-  
MENTO.  
PROGRAMACIÓN**



#### 4.1. O NACEMENTO E DESENVOLVEMENTO DAS MOSTRAS E FESTIVAIS DE TEATRO UNIVERSITARIO DE GALICIA

Co nacemento no curso 1990/91 da Aula de Teatro universitaria de Santiago e dos grupos da Coruña que conformarán o Clube de Teatro da UDC, no curso 1991/92 da Aula de Ourense xunto á reaparición da Aula de Pontevedra, e o nacemento da Aula de Lugo e a incorporación efectiva da Aula de Vigo no curso 1993/94, hai seis grupos institucionais universitarios en Galicia. As aulas de teatro fan un traballo de posta en escena coidado, laborioso e ambicioso en canto á súa proxección, e xorde a necesidade de crear circuitos onde ese traballo de tantos meses poida verse, rendabilizar todo o esforzo dos alumnos universitarios e o investimento, tanto económico como de traballo, nas producións, de xeito que todo ese traballo, esforzo e investimento non quede só nalgunha representación puntual no propio campus.

Ademais desa rendabilidade, valórase o labor pedagóxico que supón poder representar unha obra en diversos espazos, a confrutación do traballo con outros públicos, a expansión do traballo dos universitarios a toda a cidadanía e máis factores que levan a directoras e directores das aulas a ter xuntanzas de cara ao establecemento dun circuito teatral universitario galego.

O 21 de decembro de 1993, na casa da Balconada de Santiago de Compostela hai unha xuntanza dos/das directores/as das aulas de teatro das universidades galegas con funcionamento nese momento. “A instancia do director da Aula de Santiago, Roberto Salgueiro, estiveron presentes os directores de Aula da Coruña (Chema Paz Gago), de Santiago (Roberto Salgueiro), Ourense (Ánxeles Cuña), Vigo (Ricardo Solveira) e Pontevedra (Xoán Couto)”<sup>1</sup> Hai que ter en conta que nese momento había só un mes que comezara a funcionar a Aula de Lugo.

Expoñen o traballo que se está a realizar nas distintas Aulas. O tema principal foi a celebración de actividades de interese mutuo. O obxectivo é avanzar nas conversas mantidas en xuño do mesmo ano polos/as directores/as das aulas de teatro de Santiago, Ourense e Vigo no “camiño de establecer contactos regulares e intercambios entre estes espazos teatrais”<sup>2</sup>

1 Documento do arquivo Couto Palmeiro.

2 Documento do Vicerrectorado de Política Cultural da Universidade de Santiago de Compostela cedido por directores de Aula que asistiron á reunión.

Xorde a proposta de celebrar ciclos de teatro universitario galego. O primeiro tería lugar en Santiago durante o mes de abril e participarían todas as aulas (finalmente este ciclo non se celebrou). En correspondencia, as aulas de cada campus programarían os seus respectivos ciclos. Estaría, deste xeito, tecéndose un circuito de teatro universitario galego.

Para celebrar estes encontros as aulas de teatro non cobrarían por representación. Os gastos de desprazamento serían cubertos pola universidade que se despraza. Os de manutención pola Universidade receptora. E conclúen:

1. A comunicación entre as Aulas de Teatro debe ser regular.
2. Enténdese que esta comunicación pasa polo intercambio de experiencias, ben no ensino teatral, invitando a directores, contrastando resultados pedagóxicos, ben no intercambio das montaxes realizadas polas Aulas de Teatro. Xa que Galicia posúe unha realidade lingüística propia, os directores entenden que os responsables universitarios deben posibilitar este intercambio, coa fin de establecer un circuito onde poder amosar os distintos traballos realizados nos espazos teatrais, habida conta dos problemas que manifiestan outras universidades do Estado á hora de intercambiar espectáculos con realidades lingüísticas diferentes. Os directores entenden que as universidades deben potenciar intercambios deste tipo.
3. Os directores definen o circuito teatral universitario galego como un espazo onde, tanto as Aulas de Teatro como aqueles outros grupos de teatro universitario, poidan amosar os seus traballos escénicos.
4. Este circuito estaría formado por A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo.
5. Cada Universidade contribuirá, na medida das súas posibilidades, a financiar ese intercambio.
6. Como punto de partida, os directores das Aulas comprométense a xestionar os teatros e a publicitar as montaxes daquelas Aulas de Teatro ou grupos universitarios que acudan a exhibilas, sen ningún compromiso inicial de financiamento.
7. As cuestións de financiamento deben ser estudadas e formuladas polos respectivos vicerrektorados.
8. A Aula de Teatro da Universidade de Santiago manifesta a súa intención de organizar un Encontro de Teatro universitario, para o cal invitaría ás restantes Aulas de Teatro.<sup>3</sup>

Xoán Couto recolle obxectivos desas xuntanzas ao redor das mostras de teatro:

- Establecer canles de comunicación e intercambios entre as Aulas e mailos grupos de teatro universitarios, galegos e de fóra da nosa comunidade.
- Contribuír á creación de circuitos estables de teatro feitos por universitarios. A pretensión de crear un circuito galego de teatro universitario cada vez está máis cerca de se acadar. (1997: 40)

A partir desas reunións as aulas da Universidade de Vigo comezan a poñer en pé o proxecto das mostras de teatro no ano 1994. A Aula de Pontevedra organiza semanas e encontros de teatro universitario con aulas de teatro e grupos universitarios galegos, do mesmo xeito que fai un primeiro Encontro a aula do Campus de Vigo. Ourense organiza a I Mostra de Teatro Universitario galego. Tamén Coruña presenta no ano 1994 o seu I Encontro de Teatro Universitario, pero só participarán grupos da Coruña ao ter un bo número de colectivos teatrais universitarios na propia universidade.

A USC, nos campus de Santiago e Lugo, farán o propio os seguintes anos. Santiago presenta o seu I Festival de Teatro Universitario no ano 1995 e Lugo o I Ciclo de Teatro Universitario no ano 1996.

---

<sup>3</sup> Documento do Vicerrektorado de Política cultural da Universidade de Santiago de Compostela cedido por directores de Aula que asistiron á reunión de 1993.

De cara ao intercambio entre as aulas dos campus galegos, cada “Aula debe organizar unha semana en cada cidade e debe, así mesmo, pagar o desprazamento propio ás outras cidades. Deste xeito, quen organice unha semana de actuacións só deberá responder economicamente da comida na súa cidade mais, se quere actuar noutras cidades, deberá pagarse o desprazamento”.<sup>4</sup>

No ano 1995, segundo documento de Xoán Couto, só se celebrarán as mostras de Pontevedra, Santiago e Ourense con vocación de intercambio. A da Coruña, como dixemos, segue a programar só grupos do seu campus.

No curso 1995/96, reúnense os directores das aulas da Universidade de Vigo (Pontevedra, Vigo e Ourense) e xorde a idea de realizar mostras internacionais ou ibéricas, ademais de darlle pulo aos intercambios dos grupos universitarios galegos. A Universidade recolle as ideas presentadas e achega o financiamento preciso para levalas adiante. A Universidade de Vigo pasa a crer no proxecto que se presenta e a facelo posible. De feito, a comezos dese mesmo curso, Manolo González Piñeiro, Vicerreitor de Relacións Externas da Universidade de Vigo, destaca que a Universidade de Vigo “é a única de toda España que ten tres grupos de teatro (institucionais), e cada un con tendencias distintas, xa que o de Vigo fai teatro de rúa, o de Pontevedra teatro infantil e o de Ourense teatro serio e comprometido”. (*La Voz de Galicia* 15 novembro 1995. Ed. Ourense)

Son varios os obxectivos das mostras:

Dar a coñecer o traballo desenvolvido polas diferentes Aulas de Teatro universitario galego, fomentando o intercambio de experiencias. Asemade búscase a integración destas actividades artísticas no seu entorno, de maneira que a comunidade universitaria e a cidadanía en xeral poidan coñecer e valorar o traballo realizado. Outra meta diríxese cara á creación dun circuíto estable de teatro universitario dirixido a un público heteroxéneo. (Boletín informativo da Universidade de Vigo. Arquivo Couto Palmeiro).

No ano 1996 Pontevedra presenta a I Mostra de Internacional de Teatro Universitario e en Ourense nace a MITEU (Mostra Ibérica de Teatro Universitario, que será Iberoamericana no ano 97, Ibérica de novo no 98 e a partir do ano 99 Internacional).

No curso 1996/97 hai un acordo de programación entre os diversos campus galegos, despois da reunión dos/das directores/as dos 7 campus universitarios galegos nese momento: Álvaro Deibe (Ferrol), Chema Paz Gago (Coruña), Roberto Salgueiro (Santiago), Tareixa Campo (Lugo), Fernando Dacosta (Ourense), Maribel González (Vigo), Xoán Couto (Pontevedra). É a primeira vez desde a creación das tres universidades galegas que se reúnen representantes de todas as aulas de teatro. A reunión ten lugar en Pontevedra o 6 de setembro de 1996 e acórdase, non só a programación nos diversos campus das aulas de teatro universitarias galegas, e grupos universitarios non institucionais cando sexa po-

4 Documento de 1995 da Aula de Teatro de Ourense ao Concello de Ourense.

sible, senón tamén a colaboración na programación de grupos estatais e internacionais de cara a rendabilizar cartos e esforzos.

A reunión rematou constatando a necesidade de programar actividades conxuntas que potencien o intercambio, rendabilizando os investimentos e permitindo unha maior fluidez nas relacións interuniversitarias xa que os sete campus desenvolven unha importante actividade teatral centrada en 3 áreas: a formación teatral básica, a montaxe de espectáculos e a programación de ciclos de teatro universitario. Deste xeito, o que se acorda é que os espectáculos que produzan as aulas poderán verse nos meses de abril-maio, e será neses meses cando as aulas programen os seus respectivos ciclos de teatro, o que servirá para consolidar un Circuito de Teatro Universitario Galego.

Será no ano 1997 cando as aulas de Pontevedra, Ourense, Vigo, Coruña, Santiago e Lugo se coordinen por primeira vez (e única de xeito tan xeralizado) para traer a grupos internacionais que percorran as mostras de teatro universitario galegas. Nese curso grupos de Lisboa, Cuba, Arxentina ou Brasil terán cabida na programación das diversas mostras (non todos os grupos en todas as mostras pero preto diso). As vantaxes económicas e de xestión son evidentes: cada Aula facía contacto con algún grupo internacional e ofrecía unha xira que chegase a varios campus. Despois dese intento do ano 97 houbo e hai colaboracións puntuais entre aulas de distintas universidades e mantéñense na actualidade nos campus da mesma universidade (Santiago con Lugo ou Ourense con Vigo), porén as dificultades para cadrar as mostras de todos os campus nunhas mesmas datas por unha banda, unidas ás dificultades administrativas (que universidade asumía que gastos e de que xeito se artellaba para que fora proporcional) máis as diferentes implicacións e mesmo filosofías á hora de programar unha mostra, fixo que nunca volvera a haber unha colaboración dese tipo entre todas as mostras. Ao respecto, Ramiro Neira fai esta apreciación:

(...) atopámonos con trabas políticas entre as universidades que impediron que algúns gastos que poden ser comúns entre universidades se compartisen. Se ao teatro universitario se lle dá a importancia que ten, todos os encargados das Aulas deberían propoñerse un achegamento para intentar arranxar certos problemas como unha unificación do calendario das mostras e a posibilidade de compartir gastos (...)  
(2001: 18)

Porén, como se dixo, segue habendo colaboracións puntuais e mantense o intercambio entre aulas de teatro universitarias galegas ao visitar cada Aula a mostra dos outros campus anualmente e invitar ao resto de campus á súa mostra, práctica que se foi consolidando ao longo dos anos de existencia das mostras. Cada mostra ou festival foi facendo un camiño (que presentamos no apartado 4.2. coas súas programacións) que coloca ás mostras e festivais de teatro galego como referente estatal e internacional, e que conseguen unha gran repercusión pública, tanto en medios de comunicación como en espectadores.

Nun traballo previo, apuntábase ao respecto da MITEU de Ourense, pero aplicable ao conxunto das mostras, campus e cidades:

A Mostra de Teatro é a culminación da actividade da Aula de Teatro Universitaria e un factor de intervención social e cultural de grande importancia na cidade de Ourense. Por iso, e nun



marco universitario que está ofrecendo unha panorámica internacional dos autores, directores e intérpretes do século XXI, o debate, a formulación de interrogantes e respostas, a explicación de maneiras de afrontar os traballos, a clarificación de contextos sociais (especialmente nos grupos de fóra da Península) serven para os artistas-estudiantes e para os espectadores. Hai que ter en conta que estamos a ver, en moitos casos, ós intérpretes e directores que rexerán o teatro dos vindeiros anos.

Trátase, en definitiva, de potenciar o intercambio artístico e humano entre actores universitarios galegos, da Península Ibérica e de fóra dela. E, a carón disto, nun tempo concentrado entre a inauguración e a clausura, achegar historias e xeitos de contalas diversos a Ourense e á súa Universidade. Que os cidadáns viaxen por este o noso mundo co billete que inclúe a entrada e coa equipaxe do seu maxín. (2001: 22)

En referencia ás mostras de teatro universitario, Lourenço e Vizcaíno apuntan:

Un capítulo á marxe constitúeno as xornadas de teatro universitario organizadas nos distintos campus, con grande vitalidade sobre todo a partir de meados da década [dos 90]. Foméntase con estas mostras o diálogo entre os diferentes grupos e a difusión dos traballos fóra do ámbito estritamente universitario. Un dos aspectos máis positivos destes ciclos teatrais é a celebración doutras actividades paralelas como coloquios e mesas redondas - mesmo tras as funcións -, coas que se completa a relación espectáculo-público. (2000: 70)

Tamén Roberto Pascual di ao respecto: “Os festivais son grandes prazas onde se escoita por todos os recantos, en cada lousa, o rumor dos participantes da cerimonia teatral, da Babel escénica.” (2007: 291)

As Mostras teñen un carácter artístico, pedagóxico e humano valiosísimo. Son á vez culminación do proceso e comezo de novos procesos ao relacionarse con outras maneiras de facer e de sentir.

As primeiras mostras dos anos 1994, 1995 e 1996 foron medrando e consolidándose nos programas culturais dos campus e das súas respectivas cidades. O campus de Ferrol tivo programacións intermitentes sempre dependentes da Aula de Teatro da Coruña e en contadas ocasións programou pequenos ciclos con presenza doutras aulas galegas.

No ano 2004 hai unha última incorporación ás Mostras de teatro xurdidas no seo da Universidade, a MOTI (Mostra de Teatro Infantil de Ourense). Esta Mostra ten un funcionamento distinto ás demais, xa que, aínda que está impulsada desde o Campus de Ourense e está organizada desde a Aula de Teatro desa cidade, a programación é de compañías profesionais que fan teatro infantil e a presenza teatral universitaria cínquese á Aula de Teatro Infantil do Campus de Ourense ademais de contar nalgunha ocasión con agrupacións que xurdiron da propia Aula ou ben con compoñentes da mesma (tal é o caso de Trécola Teatro ou La Imagina Machina).

No ano 2010 deixa de existir a Mostra de Teatro de Pontevedra que, aínda non se recuperou na actualidade (2017) e en Ferrol non hai nin Aula nin programación teatral universitaria. Mantéñense as de Santiago, Coruña, Ourense, Vigo e Lugo.

As mostras e festas de teatro universitario de Galicia adoitan estar dirixidas polos propios directores das aulas de teatro polo que, ademais da programación en si, daquilo que será presentado ao público, inflúen nas programacións aspectos como os intercambios entre grupos universitarios da Península e a interrelación entre grupos universitarios galegos que se programan entre si para manter o círculo que se vén traballando desde o curso 1993/94.

Habitualmente as mostras de teatro universitario galegas ofrecen aos grupos que chegan cobertura técnica: aforo, luz, música, axuda de montaxe,... nun espazo habilitado para representacións teatrais que, na maioría dos campus, son os teatros das cidades. Para os grupos non galegos ofrécese a manutención e aloxamento durante dous días (Portugal e España) e máis días se os grupos proveñen de lugares máis afastados (grupos de fóra da Península), mentres que para os grupos galegos ofrécese o xantar e cea do día da representación. Procúrase o encontro dos grupos que chegan ás mostras con alumnos das aulas de teatro que organizan durante os días de permanencia dos diversos grupos na cidade.

Normalmente, os grupos que participan nas mostras teñen que pagar a súa propia viaxe (Galicia, Portugal, España). É a universidade que viaxa quen se fai cargo dese custo. Esta fórmula é a que rexe na maioría de mostras e festivais de teatro universitario de todo o Estado. No caso de grupos de fóra da Península son moi variables as solucións. Se non veñen patrocinados polas súas universidades as mostras asumen os gastos desas viaxes.

As programacións universitarias galegas ocupan os principais espazos culturais das cidades. As datas de celebración das mostras e festivais galegos adoita ser nos meses de marzo, abril ou maio. Organizar unha mostra de teatro antes é complicado pois os grupos universitarios comezan a traballar co novo curso e dificilmente estrean antes de marzo (con excepcións, como é o caso da Aula de Santiago). Por outra banda téntase non entrar no mes de xuño por cuestións de exames e, desde a implantación do plan Bolonia, tentan facerse como moi tarde a comezos de maio.

Durante os anos de celebracións das mostras e festivais de teatro universitario galego teñen pasado unha gran cantidade de países dos cinco continentes, uns espectáculos e unhas procedencias que son unha achega fundamental do teatro universitario ao teatro galego e estatal. A cantidade e calidade de espectáculos programados é abrumadora en si mesma e respecto a outros ámbitos culturais e xeográficos. “Que de que serve?, non estou seguro. Sempre dubido se é unha tolería de visionarios ou algo grande que o tempo colocará onde corresponde.” (Dacosta, 2001: 26)

Se no mundo hai actualmente 194 países soberanos recoñecidos pola ONU (2017), un cuarto dese países pasou por Galicia grazas a estas mostras. Hai que unirille todos os campus galegos e practicamente todos os estatais. Estes datos están recollidos nas consideracións do capítulo 7.

#### 4.1.1. AS MOSTRAS DE SANTIAGO

A Aula de Teatro Universitaria de Santiago organiza no ano 1995 o 1º Ciclo de Teatro Universitario da USC. Hai un antecedente nas semanas da Facultade de Filoloxía da USC dos anos 1988, 1989, 1991 e 1992 das que falamos no apartado 2.3.

Chamarase Ciclo de Teatro da USC ata o ano 1997 (3 edicións). A partir do ano 1998 recibe o nome de Festival Internacional de Teatro Universitario (FITU), nome que mantén na actualidade.

Ao longo destes anos pasaron polo festival compañías de moi diversa procedencia: Francia, Alemaña, Reino Unido, Bélxica, Bulgaria, Noruega, Portugal, Marrocos, Costa de Marfil, Arxentina, Cuba, Brasil, Chile, Venezuela, Porto Rico, México... ademais de moitas das universidades españolas e todas as aulas de Galicia ademais dos grupos da USC. Ten actividades paralelas durante a celebración das mostras:

Paralelo á programación das postas en escena, leváronse adiante diversos talleres e encontros nos dous campus da Universidade compostelá [por Santiago e Lugo]. Destes, sen dúbida, os mellores foron aqueles que tiñan por lugar de debate os restaurantes, ás saídas dos teatros sentados nunha cafetería e cunha cervexa na man, discutindo sobre os traballos, preguntando, debatendo, criticando. Ese espazo que non está constituído de maneira oficial no programa, pero que ano tras ano resulta ser o máis útil, o máis produtivo, e ao que xa recorremos como cita principal no intercambio entre actores e directores. (Salgueiro, 2001: 19-20).

O festival adoita ter lugar no mes de marzo e prográmase en diferentes espazos escénicos de Santiago de Compostela e Lugo (pois o festival que se organiza en Santiago ten a súa extensión na mostra de Lugo coa programación de compañías internacionais e estatais, sobre todo).

No ano 2000, a Aula de Santiago pasa a organizar tamén a Mostra de Teatro Universitario de Galicia, que se mantén na actualidade.

Moi sintomático tamén para notarmos a saúde do teatro (universitario) en Galicia e as ganas de aproximación ás artes escénicas, decídese crear un espazo alternativo en 2000 para acoller a exhibición da enorme cantidade de producións que se levan a cabo entre os grupos da propia universidade (entre os campus de Lugo e Santiago) e así reservar un evento concreto para a programación de espectáculos internacionais na cidade das murallas e en compostela. (Pascual, 2007: 292).

Esta Mostra é un escaparate do movemento teatral universitario galego, prográmanse todas as compañías da USC así como as compañías das universidades de Vigo e da Coruña. Ten unha gran resposta de público, e chega co paso das edicións a moitos espazos, do que se fai eco Roberto Pascual: “A programación compostelá colgou o seu cartaz, sirva como exemplo, na práctica totalidade dos espazos de exhibición da capital: Sala Galán, Sala Nasa, Teatro Principal, Salón Teatro, Fundación Eugenio Granell, etc.” (2007: 291), aos que podemos engadir a Sala Yago e outros espazos dos que damos tamén conta nas conclusións do capítulo 7.

Na undécima edición (ano 2010) incorporan a entrega de premios á mellor montaxe, dirección e interpretación outorgado por un xurado.

Tanto o Festival como a Mostra están dirixidos por Roberto Salgueiro, coa coordinación en Lugo dos responsables do campus lucense que, ademais, teñen parcelas de programación propia. Está patrocinada pola Universidade e ao longo dos anos recibiu aportacións do IGAEM e da Deputación da Coruña. Non cobra entrada aos espectáculos.

### 4.1.2. AS MOSTRAS DA CORUÑA

Desde o Clube de Teatro da UDC preséntase no ano 1994 o I Encontro de Teatro Universitario (tamén chamada Semana teatral). Entran na programación só os grupos da UDC. A idea de organizar esa primeira semana teatral débese á cantidade e calidade de grupos que naceron no seo da Comunidade Universitaria, segundo apunta no xornal *El ideal gallego* Fidel López Criado, un dos responsables do clube no ano 94. Trátase de “dar cohesión e sentido aos grupos nados ao calor do apoio do Vicerrectorado” (*La Voz de Galicia*. 7 de maio 1994)

En 1997 organizan o primeiro encontro aberto a grupos de fóra da UDC. Por primeira vez participan aulas de teatro doutras universidades galegas e grupos de teatro de fóra de Galicia e do Estado. Organízanse, ademais, unhas xornadas sobre teatro, cultura e sociedade nas que participan directores de Aula e profesionais como Eduardo Quiles, José Monleón, Javier Yagüe, David Ladra, Isaac Díaz Pardo, Euloxio R. Ruibal entre outros.

Recibe o nome de Encontro de Teatro universitario (ou Semana teatral) da primeira edición á sétima. Da oitava á undécima edición chámanse Xornadas de Teatro Universitario e xa no ano 2005 (12ª edición) recibe o nome de FITEUC (Festival Internacional de Teatro Universitario da Coruña). Este nome manteno na actualidade.

Os encontros foron dirixidos polos coordinadores do Clube de Teatro nas primeiras edicións, nomeadamente Chema Paz Gago. Cos cambios de dirección da Aula de Teatro veu tamén o cambio de responsables da programación das mostras. Cando o director pasa máis anos á fronte da Aula ten máis responsabilidade nas mostras e pasa a dirixilas ou coordínalas (é o caso de Benito Cañada e Ivonne Ruiz, Pablo Rodríguez, Zé Paredes ou Rubén Ruibal). Cando foron directores de Aula por un só ano a maior parte do peso da organización das mostras recae nos técnicos de cultura da Universidade, tal é o caso de Isabel Peña ou de incorporacións de persoas relacionadas coa Aula de teatro como Ramiro Neira.

A mostra da Coruña conta co financiamento fundamental da Universidade. Recibiu en ocasións o apoio do IGAEM. Colabora tamén a Deputación da Coruña (non en todas as mostras) e o Concello da Coruña. A entrada foi gratuíta, ao longo dos anos, ou ben de 2 ou 3 euros segundo sexa para estudantes ou público en xeral, tendo bonos nalgunha edición (ano 2005, por exemplo). Ao respecto, Ramiro Neira, coordinador da Mostra no ano 2001, comenta: “A novidade que creou máis polémica das que se introduciron este ano

foi poñer un prezo simbólico ás entradas. Esta decisión tivo basicamente dous motivos, o teatro universitario debe ter o seu propio caché aínda que sexa un espectáculo subvencionado, (tendo en conta a realidade do teatro profesional galego), e o control das entradas, xa que en anos anteriores non existira” (2001: 18). Nas mostras máis recentes volveu ser gratuíta a entrada e contan co apoio do IMCE (Instituto Municipal Coruña Espectáculos). Os espazos son de titularidade municipal. As mostras da Coruña teñen presentado espectáculos no Teatro Rosalía, no Forum metropolitano, no centro socio-cultural Ágora, no espazo Normal (espazo de intervención cultural)...

#### 4.1.3. AS MOSTRAS DE PONTEVEDRA

A Aula de Pontevedra presenta a I Mostra de Teatro na Universidade en 1994. Os obxectivos cos que presenta a súa I Mostra son:

1. Abrir ao exterior as actividades das Aulas de Teatro universitarias galegas para mostrar o seu traballo, na área de influencia do Campus universitario de Pontevedra
2. Acoller experiencias doutras universidades que posibiliten o intercambio de experiencias e coñecementos nesta área de traballo
3. Crear un circuíto estable de teatro que, feito por universitarios, poida achegarse a un público específico (nenos, adolescentes, universitarios), e mesmo ao público en xeral.
4. Integrar a actividade da ATP no seu entorno para que a comunidade universitaria, en particular, e a cidadanía en xeral, poidan coñecer e valorar o traballo que desde esta entidade se está a realizar.
5. Aproveitar espazos permanentes de representación teatral que incidan na dinámica cultural do concello en xeral, e do campus universitario en particular.<sup>5</sup>

No ano 1996 nace a I Mostra Internacional de Teatro Universitario,

coa pretensión de dar un paso adiante na potenciación do teatro universitario no noso entorno (...)

A celebración do V centenario da USC foi o detonante dunha iniciativa, secundada pola Universidade de Vigo, que propiciou a chegada de grupos de teatro universitario españois e internacionais á nosa comunidade.

Para Pontevedra este acontecemento supuxo a apertura a un ámbito cultural, académico e educativo de primeira orde, enlazando cunha tradición que nas universidades máis prestixiosas do mundo ten un valor inestimable (...)

O obxectivo fundamental deste proxecto é a presenza, intercambio e entrega desinteresada dos participantes para ofrecer un traballo que, en moitos casos, acadou unha altura intelectual, artística e cultural notables.<sup>6</sup>

A posta en marcha de proxectos deste alcance resulta conveniente para rendabilizar cultural, educativa e artisticamente a existencia de grupos que, chegados desde outras comunidades, mostran o seu traballo nun contexto educativo onde os participantes viven a experiencia sen a presión que máis tarde padecerán cando se efronten, nos seus respectivos espazos profesionais, a situacións semellantes pero con responsabilidade ben diferente. Asemade, estas iniciativas constitúen unha boa oportunidade para establecer contactos con outras universidades que faciliten a posta en marcha de proxectos de intercambio cultural, científico, etc.

(...)

5 Documento do arquivo Couto Palmeiro.

6 Ib.

Convocamos esta Mostra cun desexo fundamental: quen participa faino coa intención de dar a coñecer aos demais unha parte da súa intimidade plasmada nun ideal estético e filosófico do que a sociedade que vivimos está moi necesitada. Se a isto contribuímos darémonos por satisfeitos coa seguridade de que trataremos de superarnos en próximas convocatorias.<sup>7</sup>

A asistencia media rexistrada foi de máis de 250 espectadores no caso da Mostra Internacional e de 150 no caso da galega, sendo esta última en varios espazos e case inmediatamente despois da internacional. Isto unido ás impresións moi positivas leva aos organizadores a pensar na continuidade do proxecto.

A Aula de Pontevedra pasa a organizar unha Mostra de Teatro Universitario Galego e unha Mostra Internacional, as dúas na primavera e cunha pequena separación temporal, entre o ano 1996 e o 1998.

Coa Mostra de Teatro universitario Galego, a Aula de Pontevedra, pretende a participación de todas as aulas de teatro universitario galego e, alomenos, un grupo de Facultade de cada unha das tres universidades.

No ano 1998 Kalandraka deixa a dirección da Aula e das mostras. Teatro de Ningures pasa a ser quen organice as mostras de Pontevedra e Vigo, cunha coordinación de grupos que pasa pola MITEU de Ourense e que fai, por contrato coa Universidade de Vigo, que a programación internacional e estatal sexa deseñada desde Ourense. Dese xeito, os grupos de fóra de Galicia que pasen por Ourense farano en parte tamén por Pontevedra e Vigo, os campus da UV. Desde a Aula de Pontevedra organízanse actividades propias, e prográbase aos grupos galegos, pero esa coordinación con Ourense fai que os organizadores lle dean tamén o nome de MITEU.

Esta MITEU aspira a ser e a consolidarse, tanto na cidade de Vigo como na de Pontevedra, como un espazo onde poidan mostrar os seus traballos grupos das Aulas de Teatro das tres universidades de Galicia, pero tamén representantes de universidades procedentes de países dos cinco continentes, tal e como vén acontecendo en todas as súas edicións. Aspira tamén a ser un espazo de encontro, de intercambio e de diálogo, entre todas aquelas personas que aínda que estean lonxe xeográfica ou culturalmente, teñen en común a súa paixón polo teatro, que son capaces de abstraerse das súas preocupacións, de escaparse das súas obrigas diarias, de poñer un pouco de tolemia na súa vida e buscarlle un oco a esta actividade. E tamén, como non, aspira a proxectarse non só na comunidade universitaria, senón a impregnar toda a sociedade de teatro, facendo deste evento un referente e unha cita ineludible para todos os amantes desta arte. (TEATRO DE NINGURES. Extracto do programa do ano 2006)

As Mostras da primeira etapa (Mostra Galega (1994-98) e Mostra Internacional (1996-98) contan co patrocinio (en varias das mostras) de Caixa Pontevedra, Banco Pastor, Caja de Madrid, Deputación de Pontevedra, Concello de Pontevedra, Universidade de Vigo,

---

7 Carta de Xoán Couto Palmeiro, coordinador de actividades da ATP no programa da I Mostra Internacional de Teatro Universitario de Pontevedra. 1996.



Kalandraka Teatro e Edicións Xerais. Colaboran a Escola de Maxisterio, a Facultade de Belas Artes e as universidades de Santiago e Coruña.

As Mostras da segunda etapa (1999-2010) contan co patrocinio da Universidade, o apoio do Concello de Pontevedra e de Caixa Nova (nalgunha edición) e a organización de Teatro de Ningures e no caso das viaxes de grupos de fóra da península, algúns anos contou con apoio do IGAEM. A entrada é gratuíta.

Os espazos foron o Teatro Principal, a Facultade de Belas Artes ou o Auditorio de Caixa Nova (este último, nas primeiras etapas).

No ano 2004 houbo unha Mostra de Teatro na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación na que colaborou o Vicerreitorado de Extensión Universitaria. Estaba organizada polo Grupo Quartoecuro e participaron grupos universitarios e amadores. Prolongouse alomenos 2 edicións máis.

A Mostra de Teatro de Pontevedra tivo a súa última edición ata o momento no ano 2010, coincidindo coa desaparición da Aula de Teatro de Pontevedra. Hai intentos de recuperación de Mostra e de Aula, pero na actualidade (2017) non se concretaron. Salvador del Río, xunto a Casilda García, Pepa Barreiros e Sonia Rúa, de Teatro de Ningures, eran os encargados da dirección da Mostra.

#### 4.1.4. AS MOSTRAS DE OURENSE

**Ourense** organiza a I Mostra de Teatro Universitario galego en 1994 baixo a dirección de Sarabela Teatro:

enténdese como necesidade dos alumnos-artistas o feito de presentar os seus traballos interpretativos en máis campus que o propio. Hai que ter en conta que desde o ano 90 funciona a Aula de Teatro de Santiago e que hai movemento teatral universitario (mediante un Clube da Universidade) na Coruña. Únese tamén Lugo. O teatro Universitario de Galicia ten posibilidade de crear un circuíto. Ese é o ano de nacemento da I Mostra Galega de Teatro Universitario de Ourense, organizada e creada, como tantas e tantas cousas, por Ánxeles Cuña.” (Dacosta, 2001: 21-22).

No ano 1995 organízase a II Mostra, coordinada por Fernando Dacosta. A Mostra nace estreitamente ligada ás Festas de Ourense xa que todas as actuacións desa 1ª e 2ª Mostra están dentro do programa das Festas da cidade. No ano 1996 a programación xa non está dentro das festas.

En 1996 nace a MITEU (Mostra Ibérica de Teatro Universitario, ao programar grupos galegos, portugueses e estatais), no ano 97 será Iberoamericana, no ano 98 de novo Ibérica e xa no ano 1999 será internacional ata a actualidade (2017). O feito de manter TEU, no seu nome, fai referencia ao movemento de teatro universitario que se presentou cunha forza fundamental para o teatro e a cultura deste Estado na década dos 50 e 60.

En 1996 hai un incremento de alumnado considerable nas Aulas, os directores perfilan modelos de Mostra de grande interese e con resposta de público, e a Universidade entende que está diante dun es-

caparate cultural de gran futuro con implicación nas distintas cidades. Nace o proxecto MITEU, parello ás Mostras de Vigo, Pontevedra, Lugo, Santiago e Coruña. Cada unha coa súa impronta e a súa pegada. (Dacosta 2001: 22)

A MITEU, desde a súa primeira edición, recibe xunto aos grupos universitarios, núcleo da súa programación, compañías profesionais o compañías independentes. Ten dentro da súa programación actividades complementarias: cursos, exposicións, concertos, conta contos... Por outra parte, como dicíamos nun traballo de hai anos,

O ámbito da MITEU é Ourense. É esta unha cidade de gran tradición teatral con grupos que desde os 70 percorren en maior ou menor medida Galicia e o Estado ademais de ser dinamizadores culturais constantes: Valle-Inclán, Histrión 70, Caritel, Rúa Viva, Escena, M<sup>a</sup> Luz Villar, Sarabela, Maricastaña... No entorno da cidade está o Festival Internacional de Teatro de Ribadavia e o Festival de Teatro Galego do Carballiño. A cidade responde a características especiais en canto á mobilización posible neste tipo de eventos. (Dacosta 2001: 22)

A Mostra de Ourense ten peculiaridades como os coloquios ao remate das representacións durante máis de dez anos. Coa entrada na programación do Auditorio Municipal a programación incrementouse gradualmente dos 15 grupos aos 30, en moitos casos con dobre ou triple representación diaria, polo que non había tempo para os coloquios e optouse por un punto de encontro ao remate das representacións que se mantén na actualidade.

Pola MITEU teñen pasado representantes de máis de 40 países dos cinco continentes: Australia, Xapón, Palestina, Israel, Líbano, India, Irán, Afganistán, Costa de Marfil, Guinea Ecuatorial, Angola, Marrocos, Tunicia, Exipto, Bissau, Cabo Verde, Sáhara, Cuba, Brasil, Arxentina, Ecuador, Colombia, México, Guatemala, Honduras, Salvador, Nicaragua, Costa Rica, Chile, República Dominicana, Estados Unidos, Hungría, Inglaterra, Italia, Francia, Ucraína, Bielorrusia, Alemaña, Bélxica, Dinamarca, Portugal (con asiduidade) e grupos de toda España e Galicia.

A mostra ten, ademais, un premio do espectador e outro do xurado, desde as primeiras edicións (que reciben, ambos os dous, o nome de Carlos Couceiro e Begoña Muñoz) e a partir de 2010 ten o premio á mellor resolución técnica, galardón chamado Suso Díaz, todos eles en conmemoración de membros da compañía Sarabela falecidos ao longo dos anos. Cada ano outorga tamén un premio da organización.

Hai desfile inaugural e animación promocional nas rúas, poténcianse os encontros coa prensa (no comezo eran diarios, co incremento da programación reducíronse). Adoita haber cursos (poténciase o intercambio e a aprendizaxe con grupos foráneos), exposicións, concertos, proxeccións de documentais, charlas e outras actividades como a campaña con institutos da cidade para que acudan a certas representacións, ademais dunha variedade na programación que alterna grupos universitarios e profesionais (dous tercios universitarios e un tercio profesional, habitualmente) e xéneros como circo, danza, maxia...

Dentro das liñas de programación, ademais do teatro universitario, destaca, entre outras, a das voces acaladas (países ou colectivos en conflito que adoita vir aparelhada cunha charla e encontros coa prensa) e a do humor (con frecuencia de corte subversivo).



A Mostra de Teatro é a culminación da actividade da Aula de Teatro Universitaria e un factor de intervención social e cultural de grande importancia na cidade de Ourense. Ten un amplo seguimento en prensa e unha gran acollida de espectadores:

Cifras como 9.300 espectadores (os que tivo a MITEU de Ourense na súa X edición, en 2005) non nos poden pasar desapercibidas. Un lugar de exhibición como é o Teatro Principal de Ourense, defende este evento como un dos máis interesantes e coñecidos programas estabéis da súa tempada. O teatro universitario conseguiu convencer en Ourense, ao espazo de exhibición e á cidadanía como lugar de encontro coa escena diversa, experimental e involucrativa que conlevan todos os grupos universitarios (con diferentes graos de calidade, efectivamente). (Pascual 2007: 291)

Ao ser unha programación tan ampla conta cun equipo de organización que ten dirección, coordinación, relacións públicas e técnicos, unido a deseñadores gráficos, fotógrafos, voluntariado (por parte do alumnado)... Está dirixida desde a súa orixe por Fernando Dacosta e coordinada de 1996 a 2009 por Elena Seijo e desde 2010 por Sabela Gago, coa colaboración dos membros da compañía Sarabela.

A MITEU naceu no seo da Universidade de Vigo - Campus de Ourense, está organizada por Sarabela Teatro e ten co paso dos anos como patrocinadores básicos ao Concello de Ourense (Cultura), a Deputación Provincial (Teatro Principal) e a Xunta de Galicia (IGAEM ou Secretaría Xeral de Cultura). Ten colaboracións co Liceo ourensán e con locais que son punto de encontro (Cervexaría O Moucho ao comezo ou o café Auriense na actualidade). Na orixe recibíu apoios para os premios de Citibank ou de Caixa Nova. Tamén ten colaboracións con diversas ONGs: Asemblea de Cooperación Pola Paz (ACPP), Amnistía Internacional, Médicos Sen Fronteiras...

As entradas oscilan nos prezos: 2 euros (que pasaron a 3 cos anos) para os grupos universitarios, 5 euros para teatro profesional e grupos convidados internacionais, e só excepcionalmente 8 euros para espectáculos de gran custo ou formato. As accións de rúa ou exposicións son gratuítas.

A MITEU de Ourense coordina desde o ano 1999 a programación dos grupos internacionais que asisten ás mostras de Vigo e Pontevedra e parte dos estatais en función das datas que dispoñen as outras mostras dos campus da UV.

Os espazos de actuación da Mostra foron moitos e variados ao longo dos anos, aínda que en cada edición hai un mínimo de 5 espazos diferentes desde a apertura do Auditorio (ano 2005): O teatro Principal, o Auditorio Municipal (sala principal e salas pequenas), o Campus (sala Pardo Bazán e Antiga capela), o Liceo, as rúas da cidade, o Centro Cultural Marcos Valcárcel, o café Auriense, o café Isaac, o Ollo Ledo, a livraría Torga, o pub Star, a cervexaría Moucho, escaparates de comercios e bares, Cine Clube Padre Feixoo, ...

O pouso. Moitas son as cousas que deixa, ano tras ano, a Mostra Internacional de Teatro Universitario de Ourense.

Unha grande parte pode intuírse ou desprenderse do exposto aquí. Outras moitas experiencias quedan nas lembranzas dos espectadores, nas mentes dos participantes...

Na MITEU hai movemento de moitas persoas, hai aprendizaxe, hai calor, hai traballo, hai dificultades

para levar cos medios disponibles unha Mostra desta importancia, hai vontade, hai crítica, hai momentos que quedan nas pedras da cidade, ou na copa dalgún pub, ou nunha butaca de platea,... hai cariño.<sup>8</sup>

### A MOTI (MOSTRA DE TEATRO INFANTIL DE OURENSE)

O seu nome (MOTI) son as siglas de Mostra de Teatro Infantil, levan ás palabras sonoras inventadas por nenas e nenos e ten unha leve reminiscencia coa Mostra Internacional de Teatro Universitario, MITEU. Nace no ano 2004 e desenvólvese do 26 ao 30 de decembro desde o seu nacemento á actualidade (2017), cun día previo de desfile e accións teatrais polas rúas de Ourense.

A Aula de Teatro Universitaria de Ourense decide crear unha Mostra paralela á MITEU insertando tamén na súa estrutura (...) un novo foco de atención, con moito éxito e froitos palpábeis entre o público e na especialización e atención ao teatro da infancia: a MOTI, Mostra de Teatro Infantil, unha nova regalía da constancia e das sensibilidades das xentes vencelladas ao teatro universitario na cidade de Blanco Amor. (Pascual 2007: 292-93).

Tenta ofrecer unha programación ampla, variada e en consonancia coas datas e a cidade. Na época vacacional do Nadal aparece como unha alternativa máis de cara á diversión, pero tamén coa vocación de encher de valores, sentimentos, xogos, aprendizaxe e risos os días anteriores á fin de ano. (Documento da Aula de Teatro Universitaria de Ourense, 2004).

Preséntase como unha alternativa de educación, cultura e ocio para o público infantil (e adultos acompañantes) da cidade e provincia no período de vacacións de Nadal, cando as nenas e nenos rompen coa cadencia da asistencia ao colexio e interrómpanse a maioría de actividades.

Organizada desde a Aula de Teatro de Ourense e Sarabela Teatro, conta cos patrocinios do Campus de Ourense, o Teatro Principal (que programa compañías dentro da MOTI), e o Concello de Ourense (Auditorio Municipal), coa colaboración de IGAEM ou AGADIC no caso de programacións de grupos dentro da Rede de Teatros. As entradas pasaron de 3€ a 4€ co paso dos anos. A Mostra colabora con UNICEF e apórtalle a recadación do Campus.

A MOTI programa fundamentalmente teatro profesional, xa que poucas universidades fan teatro infantil e non temos constancia de que haxa no Estado unha Aula universitaria de teatro infantil como é o caso do grupo Geppetto do Campus de Ourense. Aínda así está feita e vencellada á Universidade e á súa Aula de Teatro Infantil que estrea sempre na MOTI.

A Mostra Infantil mobilízase polos colexios de Ourense e nas rúas e ten representacións no Teatro principal, Auditorio Municipal, Campus e rúas ademais de ter estado no Liceo e outros espazos. Presenta de 15 a 18 representacións que van do teatro de actor ao circo, danza, música, maxia, títeres, xogos, teatro de rúa... Presenta desde o seu nacemento un

---

<sup>8</sup> Extracto dun informe da Aula de Teatro Universitaria de Ourense á Universidade de Vigo. Ano 2005

seguimento moi grande por parte dos espectadores con entradas esgotadas en case a metade dos espectáculos (algúns deles con aforos limitados polas características dos mesmos).

#### 4.1.5. AS MOSTRAS DE VIGO

Vigo celebra o I encontro de Teatro Universitario en 1994 con organización de Teatro Vagalume e dirección de Maribel González. Na presentación dese primeiro encontro dise:

Os Encontros das Aulas de Teatro das Universidades Galegas están concibidos coma un lugar de intercambio das súas diferentes pedagogías teatrais. Tamén nos interesa dar a coñecer ó público os nosos resultados artísticos froito do achegamento do universitario á cultura, non coma profesional do teatro senón coma individuo que busca unha educación global.

Recalcando o dito nun itre histórico onde interesa a formación de especialistas, nós entendemos que a universidade debe ser a sede onde as nosas vangardas se alimenten da cultura galega.

Propomos un achegamento ás nosas raíces literarias e populares para elaboralas a través de espectáculos teatrais nas súas diferentes formas: Teatro de escenario, teatro de rúa, teatro de participación.<sup>9</sup>

Desde ese primeiro encontro de 1994 ata o ano 1999 (no que colle a dirección da Mostra Teatro de Ningures) organízanse dúas mostras máis.

En 1997 realizan unha Mostra Internacional, coordinándose co resto de Campus galegos, pero por cuestións organizativas e de infraestruturas hai certos problemas e varias suspensións.

No ano 1998 a Mostra que se realiza ten lugar no Centro Cultural de Beade.

En 1999 celébrase a I MITEU de Vigo, que recibe o nome da de Ourense ao estar coordinada por esta en parte da programación (internacional e estatal). Eses grupos prográmanse en Ourense e coordínase con Vigo e Pontevedra as datas de actuación nesas cidades.). Desde 1999 celébrase conxunta coa de Pontevedra (publicidade, programación, coordinación) ao estar dirixida ambas as dúas por Teatro de Ningures, ata o ano 2010 en que desaparece a Mostra de Pontevedra.

Teatro e Universidade... Se o Teatro é unha arte eminentemente social, que necesita dunha sociedade, dun grupo humano concreto para nacer, para alimentarse, para medrar... que mellor segmento social que o representado pola Universidade para nela agromar e desenvolverse nun espazo do máis axeitado e nunhas condicións favorables!

Esta MITEU aspira a ser e a consolidarse, tanto en Pontevedra como en Vigo, como un espazo onde poidan mostrar os seus traballos grupos das Aulas de Teatro das tres universidades de Galicia, pero tamén representantes de universidades procedentes de países dos cinco continentes, tal e como ven acontecendo en todas as súas edicións.<sup>10</sup>

A Mostra de Vigo conta co patrocinio da Universidade de Vigo e a colaboración do Concello de Vigo. Está organizada por Teatro de Ningures desde 1999 ata a actualidade.

9 Programa do I Encontro 1994.

10 Teatro de Ningures. Carta de presentación no programa da edición do ano 2009.

A entrada é libre.

Os espazos de actuación son a sala de teatro da cidade universitaria Campus e o Auditorio do Concello. Tamén foron espazos da Mostra, co transcorrer dos anos, o Auditorio de Caixa Nova (García Barbón), o Centro Cultural de Beade, Salesianos, ...

### 4.1.6. AS MOSTRAS DE LUGO

A Aula de Lugo presenta o I Ciclo de Teatro Universitario en 1996. Nese ano presentan un ciclo para aulas galegas e grupos da USC e outro internacional con grupos que están programados tamén en Santiago. No ano 97 tamén se chama Ciclo de teatro. No ano 98 pasa a chamarse Festival Internacional.

No ano 1999 non presentan numeración nos programas e no ano 2000 aparece como o sexto festival da USC, cando se correspondería por numeración co quinto, polo que pode ser que contaran os ciclos do primeiro ano como dúas edicións ou ben que simplemente fixeran coincidir a numeración de Lugo coa do Festival de Santiago, do que reciben os grupos internacionais e estatais, por unificar a numeración dos festivais da USC. Inclinámonos máis por esta segunda opción. Hai anos nos que tiveron mostra galega e festival internacional en diferentes datas e outras edicións (a gran maioría) nas que se celebran de xeito conxunto.

“Dentro do seu festival de teatro universitario organízanse obradoiros, conferencias e hai representación de obras de diversos países.” (Lourenço e Viscaíno 2000: 100).

Aínda que a programación de grupos internacionais e estatais vén de Santiago, ten parcelas de programación propia como son concertos, obradoiros, charlas ou nos últimos anos unha programación de microproxectos de alumnos saídos da Aula de Lugo e/ou de escolas de formación teatral ou a colaboración de grupos universitarios e amadores de Lugo. Os microproxectos reciben o nome de “Teselas” e teñen o obxectivo de artellar vías de encontro e creación, servindo como foro para que estes grupos poidan presentar o seu traballo na súa cidade, segundo se presenta no programa.

O programa conformase en base a creación dun espazo de intercambio de experiencias no que a Compañía de teatro do Campus de Lugo actuará de anfitriño e xogará o papel de nexo de unión das distintas universidades e escolas de teatro participantes e no que, como vén sendo habitual, os estudantes que conforman os distintos grupos de teatro, presentarán ao público os seus traballos.<sup>11</sup>

Desde o ano 2000 recibe o apoio de Lugo Cultural:

Convenio Lugo Cultural entre a Deputación provincial de Lugo, o Concello de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela. A finalidade deste convenio é a de coordinar a actividade cultural en Lugo e apoiar, deste xeito, a implantación universitaria coa promoción e organización na cidade de actividades musicais, teatrais ou cinematográficas, exposicións e demais accións culturais.<sup>12</sup>

Tamén estivo ao comezo a Fundación Caixa Galicia. A entrada é gratuíta.

---

11 Programa da 20ª edición

12 <http://www.lugocultural.es/lugocultural/>

As persoas que dirixen a Aula adoitan ser as coordinadoras das mostras en Lugo (Tareixa Campo, Pablo Rodríguez, Alberte Cabarcos, Paloma Lugilde segundo os anos das súas direccións da Aula) ademais de contar co traballo das técnicas de cultura do campus, especialmente Carmen Xove nos primeiros anos. Só nos anos de directores convidados para dirixir un espectáculo estes non coordinaron a Mostra que desde hai moitas edicións recae (na coordinación da Mostra e nas liñas propias de Lugo) en Paloma Lugilde. A dirección é de Roberto Salgueiro, ao pertencer a Aula de Lugo á USC e depender da Aula de Santiago.

O espazo de actuación fundamental é o Auditorio Gustavo Freire de Lugo, pero tamén están as rúas, locais da cidade ou o Círculo das Artes ao longo das edicións.

A Aula de Teatro universitaria de Lugo estrea a súa nova produción anual no marco da Mostra.

#### **4.1.7. FUNCÍONS DE TEATRO UNIVERSITARIO EN FERROL**

Ferrol non chega a ter Mostra como tal, pero si representacións universitarias como extensión das que se celebran na Coruña, tanto dos encontros da UDC como do FITEUC, pero son representacións ocasionais e discontinúas no tempo, xa que só se celebraron algúns anos e con grandes saltos temporais. Funcións en 1997 e 1998 que chegaron a levar o nome de Encontros de Teatro universitario do Campus de Ferrol e extensión da programación do FITEUC da Coruña nos anos 2010 e 2011. No ano 2002 hai rexistrada unha función do grupo institucional Hac Luce da Coruña.

No caso das funcións de 2010 e 2011 foron de pago, con prezos que oscilaban entre os 3 e os 5 euros.

Ten actuado tamén o Teatro Universitario do Campus de Ferrol (os anos que tivo actividade, do curso 2010/11 ao curso 2013/14), a Aula da Coruña, a de Ourense, a de Lugo ou a Escola de Teatro de Narón. O Centro Cultural Torrente Ballester recibiu a maioría destas representacións, tamén a sala de actos e ensaios do Campus de Ferrol.

## **4.2. PROGRAMACIÓN DAS MOSTRAS E FESTIVAIS DE TEATRO UNIVERSITARIO DE GALICIA**

Neste apartado presentamos as programacións completas das mostras e festivais de teatro universitario de Galicia desde o ano 1994 (primeiras mostras) ata o ano 2015.

Facemos a relación de cada edición e de cada un dos festivais ou mostras presentando o seu nome, o ano, as datas de celebración, os espazos onde se celebrou e a programación coa data (o día en concreto da actuación), o nome do grupo (respétase o nome tal e como aparece en programas ou documetos), o espectáculo e o autor.

A información está extraída de diversos programas e documentos que tiñan tanto os técnicos de cultura, como os directores de Aula ou os arquivos visitados.

#### 4.2.1.A. SANTIAGO. FITU (FESTIVAL INTERNACIONAL DE TEATRO UNIVERSITARIO)

##### MOSTRA: I CICLO DE TEATRO UNIVERSITARIO DA USC

ANO: 1995

DATAS: do 6 ao 16 de maio

ESPAZOS: Sala Galán, Sala Nasa

DATA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	AUTOR
6	Captatio Benevolentiae. USC. Santiago	<i>Así que pasen 5 anos</i>	Federico García Lorca
8	Grupo de Teatro de Francés. USC. Santiago	<i>Le Père Noël est une ordure</i>	Le Splendid
9	Comité Pro-Autores Perseguidos. USC. Santiago	<i>The trials of brother jero; The swamp dwellers</i>	Wole Soyinka
10	Grupo de Teatro de Inglés. USC. Santiago	<i>When we are married</i>	J. B. Priestley
11	Grupo de Teatro de Alemán. USC. Santiago	<i>Die Physiker</i>	Friedrich Dürrenmatt
12	Eis. USC. Santiago	<i>A cociña</i>	Arnold Wesker
12	Grupo de Teatro da E. U. do Profesorado de E.X.B. Caravaca. USC. Santiago	<i>Deus</i>	Woody Allen
15	Aula de Teatro do Campus de Lugo. USC	<i>O xuíz dos divorcios, o retablo das marabillas</i>	Miguel de Cervantes
16	Aula de Teatro de Pontevedra. UV	<i>Momo</i>	Michael Ende
16	A Balteira. UDC. A Coruña	<i>Amor e pantomima</i>	Creación sobre cantigas medievais

##### MOSTRA: II CICLO DE TEATRO UNIVERSITARIO DE LA USC

ANO: 1996

DATAS: do 15 de abril ao 10 de maio

ESPAZOS: Sala Nasa, Teatro Principal, Librería Sargadelos, Salón de Graos da Facultade de Filoloxía (Campus Norte)

DATA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	AUTOR
15	Grupo de Teatro de Inglés. USC	<i>A Small Affair</i>	Bob Larbey
16	Grupo de Teatro de Francés. USC	<i>Instantanes</i>	Sobre textos de René de Obaldia e Jean Tardieu
17	Hipógrifo Violento Clube. UDC. A Coruña	<i>Luces de Bohemia</i>	Ramón María del Valle-Inclán
18	Aula de Teatro do Campus de Lugo. USC	<i>Deire, a coitada</i>	J. M. Synge

## AS MOSTRAS E FESTIVAIS DE TEATRO UNIVERSITARIO DE GALICIA

19	Amankay Tapia Montes. USC. Santiago	<i>Niño adulto/ Niño muerto</i>	Claire Dowie
19	Grupo de Teatro da Facultade de Xeografía e Historia. USC. Santiago	<i>Os cravos de prata</i>	Sobre a obra de Nicolás Bela
22	Captatio Benevolentiae. USC. Santiago	<i>La desaparición de Wendy</i>	Josep M. Benet i Jornet
24	Eis. USC. Santiago	<i>Berna</i>	Lluïsa Cunillé
23	Grupo de Teatro de Inglés. USC. Santiago	<i>Out of sight... Out of murder (A mystery comedy)</i>	Fred Carmichael
25	Aula de Teatro de la Universidade de Santiago de Compostela	<i>A velada espectral de Mister Peabody</i>	Manuel Lourenzo
26	Caravaca Teatro. Escola Universitaria de Formación do Profesorado de EXB. USC. Santiago	<i>El niño de belén</i>	Manuel Martínez Mediero
29	Grupo de Teatro da Facultade de Psicoloxía e Filosofía. USC. Santiago	<i>Tres por tres (ou comedia de balcón)</i>	Gabriel Penabade
30	Aula de Teatro do Campus de Pontevedra. UV	<i>Andersen, ou o conto da "súa" vida</i>	Sobre textos de H. Christian Andersen
2	Grupo de Teatro de Alemán. USC. Santiago	<i>Der Sprechende Hund un Andere Absurditäten</i>	Sketches baseados en textos de Lorient, Bernd Schroeder e Daniil Charms
5	Escola Superior de Música e Artes Escénicas de Oporto	<i>De passagem</i>	Sobre textos de Heiner Müller, W. Gombrowicz e B. M. Koltés
5	Aula de Teatro de la Universidad Pública de Navarra	<i>El caballero de olmedo</i>	Francisco Antonio de Monteser
6	Taller de Investigación Teatral. Universidad Nacional Autónoma de México	<i>Penélope</i>	Leonora Carrington
7	Aula de Teatro de la Universidad de Murcia	<i>La dama boba</i>	Lope de Vega
8	Aula de Teatro de la Universidad de Cádiz	<i>Salomé</i>	Oscar Wilde
9	Departamento de Drama de la Facultad de Humanidades de Puerto Rico	<i>El olor del pop-corn</i>	J. L. Ramos Escobar

### OUTRAS ACTIVIDADES

Día 25. Conferencia: INTERPRETACIÓN ARTÍSTICA E REPRESENTACIÓN TEATRAL polo Profesor García Barrientos na Sala de Graos da Facultade de Filoloxía (Campus Norte).

En colaboración co Departamento de Teoría da Literatura.

Día 3. Mesa de debate: TEATRO E IDENTIDADE NACIONAL

En colaboración co Instituto Internacional del Teatro del Mediterráneo .

Presentación e comunicacións:

Joaquim Benite, Director do Teatro Municipal de Almada. Puesta en escena e nacionalidade.

Antonio Cabidu, Director do Festival Internacional de Nora: O teatro sardo.



Ahmed Massaia, Director do Instituto Superior de Arte Dramático de Rabat: O teatro nacional de Marrocos.

Manuel Lourenzo, Director de escena: O teatro galego.

Carlos Cuadros, Coordinador do IITM e xornalista teatral: O teatro andaluz.

Debate

R. Vidal Bolaño, Director de escena: A lingua e os teatros nacionais.

Roberto Salgueiro, Director de escena: Nacionalidade e proxección do Teatro Nacional.

Pedro Álvarez-Ossorio, Director de escena: Actor e nacionalidade.

José Monleón, Director do IITM e de *Primer Acto*: Identidade cultural e teatro nacional.

### MOSTRA: III CICLO DE TEATRO UNIVERSITARIO DE LA USC

ANO: 1997

DATAS: Do 14 de abril ao 4 de maio

ESPAZOS: Teatro Principal, Sala Nasa, Sala Galán

DATA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	AUTOR
14	Teatro Universitario de La Habana	<i>Solavaya</i>	Rolando Rigali
15	Grupo da Facultade de Xeografía e Historia. USC. Santiago	<i>La venganza de don mendo</i>	Pedro Muñoz
15	Aula de Teatro de la Universidad de Murcia	<i>Mañana, aquí a la misma hora</i>	Ignacio Amestoy Eiguren
16	Aula de Teatro do Campus de Lugo. USC	<i>A nosa vila (our town)</i>	Thornton Wilder
16	Aula de Teatro de la Universidad de Murcia	<i>Mañana, aquí a la misma hora</i>	Ignacio Amestoy Eiguren
17	Grupo de Teatro Alemán. USC. Santiago	<i>Der fliegende gehimrat und andere einakter</i>	Sketches basados en textos de Margerite Jehn, Curt Goetz, Franz Hohler e Ken Campbel
18	Aula de Teatro de Pontevedra. UV	<i>Calvino, ou se unha noite un viaxeiro...</i>	Italo Calvino
19	Aula de Teatro de Ourense. UV	<i>Hamlet</i>	William Shakespeare
20	Grupo de Teatro Filosofía. USC. Santiago	<i>Paralelos</i>	Creación colectiva
21	Aula de Teatro de la Universidad de Cádiz	<i>Los títeres de cachiporra</i>	Federico García Lorca
22	Captatio Benevolentiae. USC. Santiago	<i>Troulas, andainas, solpores e unha farsa anónima</i>	Paula Carballeira
23	Captatio Benevolentiae. USC. Santiago	<i>Troulas, andainas, solpores e unha farsa anónima</i>	Paula Carballeira
24	Captatio Benevolentiae. USC. Santiago	<i>Troulas, andainas, solpores e unha farsa anónima</i>	Paula Carballeira
30	Facultade de Letras de Lisboa	<i>Cerimonial para um massacre</i>	Jorge de Lima Alves
1	Comité Pro Autores. USC. Santiago	<i>Bodas de sangre</i>	Federico García Lorca
2	Caravaca Teatro. USC. Santiago	<i>A asemblea de mulleres</i>	Aristófanos



3	La Machina Teatro. Universidad de Cantabria	<i>Madre prometeo</i>	Baseado en textos de Esquilo e Shelley
4	Eis. USC. Santiago	<i>A visita da vella dama</i>	Friedrich Dürrematt
9	Grupo de Teatro Inglés. USC. Santiago	<i>Macbeth. Romeo &amp; juliet. Othello. Hamlet</i>	William Shakespeare

**MOSTRA: IV FESTIVAL INTERNACIONAL DE TEATRO UNIVERSITARIO**

ANO: 1998

DATAS: do 20 de abril ao 14 de maio

ESPAZOS: Sala Nasa, Sala Galán, Auditorio da Universidade, Galería sargadelos

DATA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	AUTOR
20	Grupo de Teatro Alemán. USC. Santiago	<i>Frühlings Erwachen</i>	Frank Wedekind
21	Eis. USC. Santiago	<i>Os peixes encarnados</i>	Jean Anouilh
22	Grupo de Teatro Nus. USC. Santiago	<i>Clerks</i>	Kevin Smith
23	Compañía de Teatro da Facultade de Filosofía. USC. Santiago	<i>Deus</i>	Woody Allen
24	Grupo de Teatro Comité Pro Autores Perseguidos. USC. Santiago	<i>Que vin?</i>	Patricia Piñeiro
27	Banaketa. Universidad Pública de Navarra	<i>Indocumentados, el otro merengue</i>	José Luis Ramos Escobar
28	Aula de Teatro do Campus de Lugo. USC	<i>Ramo cativo</i>	Xenaro Mariñas del Valle
29	Teatro Universitario de Alicante. Universidad de Alicante	<i>El mercader de Venecia</i>	William Shakespeare
30	Aula de Teatro de la Universidad de Murcia	<i>Viznar o muerte de un poeta</i>	José M <sup>a</sup> Camps
4	Bin Kadi So. Costa de Marfil	<i>Cantique pour un crime glorieux</i>	Adaptación da obra <i>Feux</i> de Marguerite Yourcenar e do <i>Cantar dos Cantares</i>
5	Teatro Nacional Juvenil de Venezuela	<i>Rosa de papel</i>	Ramón del Valle-Inclán
6	Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela	<i>Comedia noxenta para mamá</i>	Versión sobre textos de S. Witkiewicz
6	Grupo de Teatro Universitario do Campus de Ferrol. Universidade da Coruña	<i>O mozo que chegou de lonxe</i>	J. M. Synge, en versión de Alberto Avendaño
7	Grupo de Teatro Politeia. USC. Santiago	<i>Sinopse (da vida dunha muller)</i>	Creación colectiva
8	Larger Than Fife Theatre Co. Escocia	<i>Waiting for Godot</i>	Samuel Beckett
11	English Theatre. USC. Santiago	<i>Surprise package</i>	Duncan Greenwood e Derek Parkes
12	Apeiron. USC. Santiago	<i>Os xemelgos</i>	Plauto
12	Grupo de Teatro Hac Luce. Universidade da Coruña	<i>A farsa de inés pereira</i>	Gil Vicente
13	Captatio Benevolentiae. USC. Santiago	<i>Teatro baixo a area</i>	Varios autores

13	Aula de Teatro Universitaria de Ourense. UV	<i>No tempo do crepúsculo</i>	Versión libre sobre a obra de Max Aub <i>Crimes exemplares</i>
----	---	-------------------------------	--

**OUTRAS ACTIVIDADES**

Día 5. Conferencia: O teatro ritual africano

Conferenciante: Marie José Hourantier, directora do Teatro Bin Kadi So de Costa de Marfil

Día 6. Conferencia: O teatro venezolano contemporáneo

Conferenciante: Roberto Stopello, director do Teatro Nacional Juvenil de Venezuela

Día 7. Conferencia: A práctica teatral en Escocia

Conferenciante: Andrew Home-Cook, director da Larger Than Fife Theatre Co. de Escocia

Día 14. Festa peche do IV FESTIVAL DE TEATRO UNIVERSITARIO

Concerto, improvisacións, números truculentos e toda clase de perversións parateatrais que abrirán o apetito para a próxima edición deste festival de teatro universitario.

**MOSTRA: V FESTIVAL INTERNACIONAL DE TEATRO UNIVERSITARIO**

ANO: 1999

DATAS: do 19 ao 30 de abril

ESPAZOS: Teatro Principal, Sala Galán, Sala Nasa, Auditorio da Universidade

DATA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	AUTOR
19	Departamento de Drama de la Universidad de Puerto Rico	<i>Bohemia 18, altos</i>	José Luis Ramos Escobar
19	Grup de Teatre de la Universitat de València	<i>Las mujeres de Sade</i>	Yukio Mishima
20	Grupo de Teatro Alemán. USC. Santiago	<i>Himmelwärts</i>	Ödön Von Horuáth
20	Compañía Rectángulo. Universidad Nacional Experimental Politécnica. Venezuela	<i>La muerte de Alfredo Gris</i>	Rodolfo Santana
21	Grupo de Teatro Comité Pro Autores Perseguidos. USC	<i>Xaque legal – Jaque legal</i>	Creación colectiva
21	Troupe de Théâtre de la Faculté des Sciences Juridiques, Economiques et Sociales. Université Hassan II. Marrocos	<i>Molière ou la cabale des dévots</i>	Michaele Belkakouve
22	English Theatre Group. USC. Santiago	<i>I'll get my man</i>	Philip King
22	La Cuarta Pared. Teatro Universitario. Universidad Politécnica de Madrid	<i>Tío Vania</i>	Antón Chejov
23	Aula de Teatro de la Universidad de Extremadura	<i>Rebelión en la granja</i>	Basada na novela de George Orwell

**AS MOSTRAS E FESTIVAIS DE TEATRO UNIVERSITARIO DE GALICIA**

23	Teatro “A’part”. Bulgaria	<i>A síndrome de Ubú Rei</i>	Baseado na obra de Alfred Jarry
24	Grupo de Teatro da Universidade do Algarve. Portugal	<i>A lição</i>	Eugène Ionesco
25	Grup Teatre Enginyers. Universidad Politécnica de Catalunya	<i>Retazos</i>	Albert Espinosa
26	Escola de Teatro Alternativa. USC. Santiago	<i>Le Galice</i>	Creación colectiva
26	Espazo de Danza Universitario. Universidade de Santiago de Compostela	<i>O museo e the ping-pong effect</i>	Juan Carlos Zahera
26	A Increible Muller Agulla – Ápeiron Teatro. USC. Santiago	<i>Desamañecendo</i>	X. Carlos Lousada Galiñáns
27	Captatio Benevolentiae. USC. Santiago	<i>Animalia</i>	Sobre textos de José Ruibal
27	Repámpanos Teatro. USC	<i>Azofrando nas cereixas</i>	Gonzalo García Velasco e Antonio Nogueira Losada
28	Grupo de Teatro Nús. USC. Santiago	<i>Todo o que quixeches saber sobre o sexo e nunca te atreviches a preguntar</i>	Woody Allen
28	Aula de Teatro Universitaria do campus de Ourense. UV	<i>O país das últimas cousas</i>	Baseada na novela de Paul Auster
29	Tirititraun Teatro. USC. Santiago	<i>Soños dun seductor</i>	Woody Allen
29	Debaser. USC	<i>Bus stop</i>	Creación propia
30	Eis. USC. Santiago	<i>Destino: Ourense empalme</i>	Baseada na obra <i>Ourense Empalme</i> de Vicente Montoto
30	Aula de Teatro do Campus de Lugo. USC	<i>A máquina Hamlet</i>	Heiner Müller

**MOSTRA: VI FESTIVAL INTERNACIONAL DE TEATRO UNIVERSITARIO**

ANO: 2000

DATAS: do 3 ao 10 de abril

ESPAZOS: Teatro Principal, Sala Galán

DATA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	AUTOR
3	El Teatro de las Afueras. Aula de Teatro de la Universidad Autónoma de Madrid	<i>El día menos pensado</i>	Jorge Amich e El Teatro de las Afueras
3	Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela	<i>Os vellos non deben de namorarse</i>	Alfonso R. Castelao
4	Grupo Carranca. Universidad Estadual de Campinas. Brasil	<i>Versus uno</i>	Gustavo García da Palma
4	Escuela de Teatro Universidad Católica de Chile	<i>Los enredos de Arlecchino</i>	Creación colectiva (Basado en clásicos de comedia dell’Arte)
5	E.S.M.A.E. Instituto Politécnico de Porto (Portugal)	<i>A Castro</i>	Antonio Ferreira

6	Aula de Teatro de la Universidad Pública de Navarra	<i>Los muertos se facturan y las mujeres se desnudan e No hay ladrón que por bien no venga</i>	Darío Fo
6	Immaturus. Universidad de Bergen (Noruega)	<i>The short version</i>	Creación colectiva
7	Aula de Teatro de la Universidad de Almería	<i>Fausto</i>	J. W. Goethe
7	Caramba Teatro. Universidad de Cádiz	<i>Los cuernos de don Friolera</i>	Ramón María del Valle-Inclán
8	Aula de Teatro do Campus de Lugo. Universidade de Santiago de Compostela	<i>Fin de partida</i>	Samuel Beckett
9	Teatro Universitario U. B. Universidad de Belgrano de Buenos Aires. Argentina	<i>Boca que vuela</i>	Baseada en textos de diversos autores
10	Grup de Teatre de la Universitat de València. Universitat de València	<i>Parejas de hecho</i>	Carles Pons

**MOSTRA: VII FESTIVAL INTERNACIONAL DE TEATRO UNIVERSITARIO**

ANO: 2001

DATAS: do 12 ao 18 de marzo

ESPAZOS: Teatro Principal, Sala Galán

DATA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	AUTOR
12	Aula de Teatro de la Universidad de Extremadura	<i>El diablo mundo</i>	José de Espronceda
12	Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela	<i>O burgués xentilhome</i>	Molière
13	Companhía Mariposa Marrom. Universidade de São Paulo. Brasil	<i>Caixa de Pandora</i>	Beatriz Carolina
14	Remiendo Teatro. Universidad de Granada	<i>Triángulos concéntricos</i>	Gracia Morales
15	La Vuelta Teatro. Querétaro. México	<i>La loca de Miramar</i>	Adaptación del primer monólogo del libro "Noticias del Imperio" de Fernando del Paso
15	Teatro Universitario de la Universidad Central de Venezuela	<i>Tres en cárcel</i>	Rodolfo Porras
16	Aula de Teatro do Campus de Lugo. USC	<i>Medea, arroutadas e delirio dunha histórica furiosa en terras de corinto</i>	Fermín Cabal
17	Grupo de Teatro de la Universidad Carlos III. Madrid	<i>Los últimos amantes</i>	Adaptación de <i>Romeo y Julieta</i> de William Shakespeare
18	In Vitro Teatro. Universidad de Jaén	<i>El lenguaje de las flores o doña Rosita la soltera</i>	Federico García Lorca

## OUTRAS ACTIVIDADES

Día 13. Taller de dramaturxia (actividade destinada a participantes no festival e alumnos do seminario de dirección da Aula de Teatro).

Día 14. Conferencia: TEATRO E COMPROMISO, polo dramaturgo venezolano Rodolfo Porras.

## MOSTRA: VIII FESTIVAL INTERNACIONAL DE TEATRO UNIVERSITARIO

ANO: 2002

DATAS: do 11 ao 17 de marzo

ESPAZOS: Teatro Principal

DATA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	AUTOR
11	Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela	<i>Matanza</i>	Roberto Salgueiro
12	Departamento de Artes Escénicas. Universidade de São Paulo. Brasil	<i>Correspondências</i>	Varios
13	Aula de Teatro de la Universidad de Murcia e Escuela Superior de Arte Dramático de Murcia	<i>Juegos prohibidos o el crepúsculo del paganismo romano</i>	Alberto Miralles
14	Departamento de Drama de la Universidad de Puerto Rico	<i>Salsa gorda</i>	José Luis Ramos Escobar
15	Aula de Teatro de la Universidad de Granada	<i>La farsa de maese pathelin</i>	Anónimo (Guillaume Alexis)
16	Facultade de Ciencias e Tecnoloxía da Universidade Nova. Lisboa. Portugal	<i>Esquartejamento para todos</i>	Boris Vian
17	In Vitro Teatro. Universidad de Jaén	<i>La visita de la vieja dama</i>	Friedrich Dürrenmatt

## MOSTRA: IX FESTIVAL INTERNACIONAL DE TEATRO UNIVERSITARIO

ANO: 2003

DATAS: do 24 ao 30 de marzo

ESPAZOS: Teatro Principal

DATA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	AUTOR
24	Aula de Teatro do Campus de Lugo. Universidade de Santiago de Compostela	<i>Pic-nic</i>	Fernando Arrabal
25	Fachhochschule Konstanz Eventproduktion. Alemaña	<i>Mission possible 6.2</i>	obre textos de Bertolt Brecht, Gerhard Dressel, Erich Zettl
26	Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela	<i>Apnea, traxedia contemporánea para cinco intérpretes. Libreto coreográfico nº 1</i>	Roberto Salgueiro
27	Théâtre Universitaire Liegeois. Université de Liège. Bélxica	<i>Communication à une académie</i>	Franz Kafka

## 25 ANOS DE TEATRO UNIVERSITARIO GALEGO

28	Ubú Teatro. Universidad de Castilla – La Mancha	<i>Pic-nic pánico</i>	Baseado en textos de Fernando Arrabal
29	Departamento de Artes Escénicas. Universidade de São Paulo. Brasil	<i>Vladimir e Estragón</i>	A partir do texto de Samuel Beckett <i>Esperando a Godot</i>
30	In Vitro Teatro. Universidad de Jaén	<i>Poeta en Nueva York</i>	Federico García Lorca

### MOSTRA: X FESTIVAL INTERNACIONAL DE TEATRO UNIVERSITARIO

ANO: 2004

DATAS: do 22 ao 28 de marzo

ESPAZOS: Sala Nasa, Fundación Eugenio Granell

DATA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	AUTOR
22	Universidad de Alicante	<i>Minim.Mal show</i>	Sergi Belbel
23	Universidad de Rennes. Francia	<i>Eye in you</i>	Creación colectiva
23	Universidade de São Paulo	<i>Apareceu a margarida</i>	Roberto Athayde
24	Universidad de Rennes. Francia	<i>Eye in you</i>	Creación colectiva
24	Universidad de Jaén	<i>Retablo de avaricia, lujuria y muerte</i>	Valle-Inclán
25	Universidade de São Paulo	<i>Vôo solo</i>	Mauricio Veloso e Gabriela Schawb
26	Universidade Técnica de Konstanz. Alemaña	<i>Far familiar shore</i>	Connie Haag
27	Universidad de San Juan. Puerto Rico	<i>Morgue sin pena</i>	Eyerí Cruz
28	Universidad de San Juan. Puerto Rico	<i>Morgue sin pena</i>	Eyerí Cruz

### MOSTRA: XI FESTIVAL INTERNACIONAL DE TEATRO UNIVERSITARIO

ANO: 2005

DATAS: do 14 ao 19 de marzo

ESPAZOS: Teatro Principal

DATA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	AUTOR
14	Morgana Teatre. Universitat de les Illes Balears. L' Ajuntament de Calvià	<i>La naranxa mecánica</i>	Adaptación de Juan Enrique Ramón Balcells a partir da obra orixinal de Anthony Burgess
15	Departamento de Artes Escénicas. Universidade de São Paulo	<i>Psicose</i>	Libre adaptación de Sarah Kane
16	Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela	<i>Ubú encadeado</i>	Alfred Jarry
17	Departamento de Drama de la Universidad de Puerto Rico	<i>El retablo de maese Sancho</i>	José Luis Ramos Escobar
18	Aula de Teatro de la Universidad de Murcia	<i>Volvió una noche</i>	Eduardo Rovner
19	Ubú Teatro Universitario. Universidad de Castilla La Mancha	<i>Monólogos de la vagina</i>	Eve Ensler

**MOSTRA: XII FESTIVAL INTERNACIONAL DE TEATRO UNIVERSITARIO**

ANO: 2006

DATAS: do 20 ao 26 de marzo

ESPAZOS: Sala Roberto Vidal Bolaño, Teatro Principal, Sala Yago

DATA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	AUTOR
20	Escola Espacio Aberto. Santiago de Compostela	<i>Amor de Fedra</i>	Sarah Kane
20	Departamento de Artes Escénicas. Universidade de São Paulo. Brasil	<i>Em transporte</i>	Creación colectiva
20	Aula de Teatro Universitaria do Campus de Ourense. UV	<i>Rampante</i>	Dramaturxia de Fernando Dacosta a partir de <i>El Barón Rampante</i> de Italo Calvino
21	Escola Espacio Aberto. Santiago de Compostela	<i>Amor de Fedra</i>	Sarah Kane
21	Compagnie des 4 Coins. Universidad Paul Verlaine. Metz. Francia	<i>Pouet poète!</i>	A partir de textos de Hugo Ball, Robert Filio, Brion Gysin, Bernard Heidsieck, Kurt Schuttens, Emmet Williams
21	Instituto Superior de Bellas Artes de Sousse. Universidad de Sousse. Túnez	<i>H' lalia 't</i>	Abderrahman Ayoub
22	Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela	<i>O velorio de Pat O'Connor. Pequeno divertimento</i>	Texto de Roberto Salgueiro a partir de <i>Los Clavos de Plata</i> de Nicolás Bela
22	El Yacoubi. QAW – Lisse Théâtre. Universidade de Agadir. Marrocos	<i>Ghita</i>	Aicha Haroun
23	Casahamlet. A Coruña	<i>O cuarto do príncipe</i>	A partir de textos de Sarah Kane e outros
23	Real Escuela Superior de Arte Dramático de Madrid	<i>Arlequino, pulido por el amor</i>	Marivaux
23	Universidade Luterana do Brasil	<i>Otelo</i>	William Shakespeare
24	A Artística. Vigo	<i>Ribeira Müller</i>	A partir de textos de Heiner Müller e coreografías de Olga Cameselle
24	Departamento de Artes Escénicas. Universidade de São Paulo. Brasil	<i>Quase de verdade</i>	Caetano Gotardo
24	Universidade de Campinas. Brasil	<i>Agora e na hora de nossa hora</i>	Eduardo Okamoto
25	Taller de Arte Dramática do Campus de Lugo. Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela	<i>Km 526</i>	Baseado no texto <i>As costureiras</i> de Claudio Rodríguez Fer e dramaturxia de Paloma Lugilde
26	Universidade Técnica de Konstanz. Alemaña	<i>Os bandidos / Hamletmachina</i>	Friedrich Schiller / Heiner Müller



**MOSTRA: XIII FESTIVAL INTERNACIONAL DE TEATRO UNIVERSITARIO**

ANO: 2007

DATAS: do 21 ao 27 de marzo

ESPAZOS: Sala Roberto Vidal Bolaño, Teatro Principal

DATA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	AUTOR
21	EventProduction. Universidade de Ciencias Aplicadas de Konstanz. Alemaña	<i>(Hamlet) explosion of a memory</i>	William Shakespeare / Heiner Müller
21	Compañía de Teatro da USC – Santiago de Compostela	<i>Trufaldino, servidor de dous amos</i>	Carlo Goldoni
22	Departamento de Artes Cénicas da USP. Brasil	<i>Holocausto</i>	Cia. dos Outros
23	Núcleo Risco. Departamento de Artes Cénicas da USP. Brasil	<i>Incubadora</i>	Iván Andrade
23	Casahamlet	<i>Lili cuartel</i>	Manuel Lourenzo
24	Maricastaña. Aula de Teatro Universitaria de Ourense. UV	<i>Unicornio</i>	Fernando Dacosta
25	Teatro Estudio Papelé. Universidade Técnica de Vilnius Gediminas. Vilnius. Lituania	<i>Kostiumas (el traje)</i>	Según o relato de Ray Bradbury <i>O marabilloso traxe de cor vainilla</i> , con adaptación de Olegas Kesminas
25	La Escalera Teatro. Aula de Teatro de la Universidad Pablo de Olavide. Sevilla	<i>Soliloquios</i>	Sobre textos de Darío fo e Franca Rame
26	Escuela de Literatura Dramática y Teatro. Universidad Nacional Autónoma de México	<i>Clotilde en su casa</i>	Jorge Ibarguengoitia
27	Escola de Teatro Espacio Aberto	<i>A noite xusto antes dos bosques</i>	Bernard Koltés
27	Compañía de Teatro da USC – Lugo	<i>O público</i>	Federico García Lorca

**MOSTRA: XIV FESTIVAL INTERNACIONAL DE TEATRO UNIVERSITARIO**

ANO: 2008

DATAS: do 1 ao 6 de abril

ESPAZOS: Sala Roberto Vidal Bolaño, Teatro Principal, Auditorio de Galicia

DATA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	AUTOR
1	Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela.	<i>As raíñas</i>	Werner Schwab (Adaptación literaria de su texto <i>As Presidentas</i> )
1	ASSAIG. Grup de Teatre. Universitat de València	<i>Per sant lluc</i>	Josep Lluís Sirera
2	Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela.	<i>As raíñas</i>	Werner Schwab (Adaptación literaria do seu texto <i>As Presidentas</i> )
2	Escola de Arte Dramática da Universidade de Sao Paulo. Brasil	<i>Lesão cerebral</i>	A partir de cuentos de Donald Barthelme



**AS MOSTRAS E FESTIVAIS DE TEATRO UNIVERSITARIO DE GALICIA**

3	Teatro Dallas. Estados Unidos	<i>Pizcas</i>	Margarito Rodríguez
3	Théâtre Universitaire Royal de Liège. Bélgica	<i>Si tu m'aimes...</i>	Hans Sachs
4	Teatro Dallas. Estados Unidos	<i>Pizcas</i>	Margarito Rodríguez
4	Aula de Teatro de la Universidad de Huelva	<i>No es tan fácil</i>	Paco Mir (Adaptación de L.J. Holguín)
5	Departamento de Artes Cênicas da Universidade de Sao Paulo. Brasil. Companhia de Teatro Inflamável	<i>Com os bolsos cheios de pão</i>	Matei Visniec
5	Aula de Teatro de la Universidad Pablo de Olavide. La Escalera Teatro. Sevilla	<i>Las relaciones de clara</i>	Dea Loher
6	Compañía de Teatro da USC – Lugo	<i>O público</i>	Federico García Lorca
6	Departamento de Artes Cênicas da Universidade de Sao Paulo. Brasil. Companhia de Teatro Inflamável	<i>Com os bolsos cheios de pão</i>	Matei Visniec
6	Escuela Superior de Arte Dramático de Murcia	<i>No hay burlas con el amor</i>	Calderón de la Barca

**MOSTRA: XV FESTIVAL INTERNACIONAL DE TEATRO UNIVERSITARIO**

ANO: 2009

DATAS: do 23 ao 27 de marzo

ESPAZOS: Sala Roberto Vidal Bolaño, Teatro Principal

DATA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	AUTOR
23	Núcleo 2 do Sujeitos de Cena. Departamento de Artes Cênicas da Universidade de São Paulo. Brasil	<i>(Des)esperando</i>	Baseada no texto <i>Esperando a Godot</i>
23	Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela.	<i>Xogos á hora da sesta</i>	Roma Mahieu (Tradución e adaptación de Cándido Pazó)
24	Núcleo 2 do Sujeitos de Cena. Departamento de Artes Cênicas da Universidade de São Paulo. Brasil	<i>(Des)esperando</i>	Baseada no texto <i>Esperando a Godot</i>
24	Moct Teatp. Universidade do Estado de Moscú	<i>Un xeño corrente (musical)</i>	Vadim Shefner
25	Teatro-Studio Palépé. Universidade Técnica Gediminas de Vilnius. Lituania	<i>Volta (escenas da vida de adomas mickevicius en Lituania)</i>	Dramaturxia de Olegas Kesminas
25	Teatro Rodante. Universidad de Puerto Rico (Recinto de Río Piedras)	<i>El Lazarillo</i>	Versión de José Luis Ramos Escobar
26	Teatro-Studio Palépé. Universidade Técnica Gediminas de Vilnius. Lituania	<i>Volta (escenas da vida de Adomas Mickevicius en Lituania)</i>	Dramaturxia de Olegas Kesminas
26	Escuela Superior de Arte Dramático de Murcia	<i>La tempestad</i>	William Shakespeare
27	Aula de Teatro de l'Universita d'Alacant	<i>Las cerezas de la memoria</i>	Juan Luis Mira

**MOSTRA: XVI FESTIVAL INTERNACIONAL DE TEATRO UNIVERSITARIO**

ANO: 2010

DATAS: do 12 ao 18 de abril

ESPAZOS: Salón Teatro

DATA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	AUTOR
12	Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela.	<i>As Cuñadas</i>	Dramaturxia de Roberto Salgueiro sobre o texto de M. Tremblay
13	Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela.	<i>As Cuñadas</i>	Dramaturxia de Roberto Salgueiro sobre o texto de M. Tremblay
14	Escola Superior de Arte Dramática de Asturias	<i>Noite de Reis</i>	William Shakespeare
15	Escola de Teatro de Narón	<i>Comendo pementos de padrón con Tarantino</i>	Leandro Lamas Ermida
16	Aula de Teatro da Universidade de Zaragoza	<i>O porvir está nos ovos</i>	Eugène Ionesco
17	In Vitro Teatro. Universidade de Xaén	<i>Romeo e Xulieta</i>	William Shakespeare
18	Teatro Universitário do Minho	<i>O jornalista da vosa beleza</i>	João Negreiros

**MOSTRA: XVII FESTIVAL INTERNACIONAL DE TEATRO UNIVERSITARIO**

ANO: 2011

DATAS: do 4 ao 9 de abril

ESPAZOS: Salón Teatro

DATA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	AUTOR
4	Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela	<i>Historia de Pura e Angelita. Pequeno divertimento mordaz</i>	Dramaturxia de Roberto Salgueiro a partir do texto <i>Los gatos</i> de Agustín Gómez
5	Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela	<i>Historia de Pura e Angelita. Pequeno divertimento mordaz</i>	Dramaturxia de Roberto Salgueiro a partir do texto <i>Los gatos</i> de Agustín Gómez
6	Compañía Teatral Banda Kurenai. Università Degli Studi di Genova. Italia. Gruppo Limpido	<i>Yo vivo. Delirio para un actor</i>	Libremente inspirado en <i>Calígula</i> de Albert Camus
7	Escuela Superior de Arte Dramático de Asturias	<i>Tres sombreros de copa</i>	Miguel Mihura
(e a compañía de varietés de Buby Burton estreará no novo music-hall do hotel “Don Rosario” a revista musical: <i>Ámame en diciembre lo mismo que me amas en mayo</i> )			
8	Teatrubi. Portugal	<i>Son[H]o dor-mente</i>	Adaptación libre do texto de Emma Santos <i>O Teatro</i>

## AS MOSTRAS E FESTIVAIS DE TEATRO UNIVERSITARIO DE GALICIA

9	Mequetrefes	<i>In-Comunicando. (Ejercicio que desencadea a turbación)</i>	Creación colectiva en base a textos do propio grupo, Gabriel Calderón e Sanchis Sinisterra.
---	-------------	---	---

### **MOSTRA: XVIII FESTIVAL INTERNACIONAL DE TEATRO UNIVERSITARIO**

ANO: 2012

DATAS: do 12 ao 17 de marzo

ESPAZOS: Sala Roberto Vidal Bolaño, Teatro Principal

DATA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	AUTOR
12	Aula de teatro da Universidade de Santiago de Compostela.	<i>Comedia famosa do Cabaleiro de Olmedo</i> (escrita por Francisco de Monteser e editada no ano 1651 en Alcalá, con algunha adición respectuosa para a súa posta en escena)	Francisco de Monteser
13	Teatr'ubi. Universidade de Covilha. Portugal	<i>Mata-dor</i>	Rui Pires a partir de <i>A Casa do Incesto</i> de Anaís Nin
14	Aula de Teatre. Universitat de Barcelona	<i>El año que conquistamos Europa</i>	Varios autores
15	Palépé. Teatras Studija. Vilniaus Giedimino Technikos Universitetas. Lituania	<i>Sappho</i>	Ovidio (adaptación de Olegas Kesminas)
16	Grupo de Teatro de La Universidad de Granada	<i>Bcktt</i>	A partir de textos de Samuel Beckett <i>Esperando a Godot, Días felices e Final de partida</i>
17	Aula de Teatro de La Universidad de Murcia	<i>El caballero de Olmedo</i> (traxicomedia de títeres e actores)	Lope de Vega

### **OUTRAS ACTIVIDADES**

#### **PORTAS ABERTAS**

(Programa de apoio dirixido a compañías de teatro integradas por alumnas e alumnos que pasaron pola Aula de Teatro da USC)

DATA: 15

COMPAÑÍA: SHER F. CARRODEGUAS

ESPECTÁCULO: FANTASÍA Nº 1 EN MI MENOR (un proxecto case teatral)

AUTOR: Sther F. Carrodegua

DATA: 16

COMPAÑÍA: TIRITA PRODUCCIONS

ESPECTÁCULO: FARAOAS

AUTOR: Roi Vidal

DATA: 17

COMPAÑÍA: TIRITA PRODUCCIÓN

ESPECTÁCULO: FARAOAS

AUTOR: Roi Vidal

**MOSTRA: XIX FESTIVAL INTERNACIONAL DE TEATRO UNIVERSITARIO**

ANO: 2013

DATAS: do 4 ao 9 de marzo

ESPAZOS: Salón Teatro

DATA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	AUTOR
4	Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela. Compañía de Teatro	<i>Agamenón. Volvín do supermercado e deille unha malleira a meu fillo</i>	Rodrigo García
5	Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela. Compañía de Teatro	<i>Agamenón. Volvín do supermercado e deille unha malleira a meu fillo</i>	Rodrigo García
6	Compañía de Teatro “Nie Ma” Universidade de Szczecin. Polonia	<i>Magic night</i>	(Non figura)
7	Licenciatura em Teatro Universidade do Minho. Portugal	<i>Os figurantes</i>	Exercicio performativo sobre o texto de Jacinto Lucas Pires
8	NNC	<i>Pim, pam, clown</i>	Tomás Afán
9	Aula de Teatro da Universidade de Murcia	<i>Luz en tinieblas</i>	Laila Ripoll

**MOSTRA: XX FESTIVAL INTERNACIONAL DE TEATRO UNIVERSITARIO**

ANO: 2014

DATAS: do 17 ao 22 de febreiro

ESPAZOS: Salón Teatro

DATA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	AUTOR
17	Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela.	<i>Apnea (Variación 2ª)</i>	Roberto Salgueiro
18	Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela.	<i>Apnea (Variación 2ª)</i>	Roberto Salgueiro
19	CORE Theatre Ensemble (Compañía profesional, residente na Old Dominion University) EEUU	<i>The Poe[n.,proj-ekt]</i>	(Non figura)
20	Teatro Rodante Departamento de Drama. Universidad de Puerto Rico. Puerto Rico	<i>Platero y yo</i>	Juan Ramón Jiménez
21	Dramos Tupé Minimun. Vilniaus Universiteto Teatras. Lituania	<i>Circus</i>	Juozas Grušas
22	Théâtre Universitarire Royal de Liège. Bélxica	<i>Le dernier Godot (The last Godot)</i>	Matéi Visniec

**MOSTRA: XXI FESTIVAL INTERNACIONAL DE TEATRO UNIVERSITARIO**

ANO: 2015

DATAS: do 9 ao 14 de febreiro

ESPAZOS: Teatro Principal

DATA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	AUTOR
9	Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela.	<i>A historia de Sweeney Todd, o Barbeiro diabólico da Rúa Fleet</i>	A partir do libreto de Sandheim
10	Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela.	<i>A historia de Sweeney Todd, o Barbeiro diabólico da Rúa Fleet</i>	A partir do libreto de Sandheim
11	Escola Superior de Arte Dramática de Galicia	<i>De catro a catro. Follas sin data d'un diario d'abordo</i>	Manuel Antonio
12	Théâtre Universitaire Royal de Liège. Bélxica	<i>Communication à une Académie</i>	A partir da novela de Kafka
13	Escuela Superior de Arte Dramático de Murcia	<i>El fenómeno del mundo occidental</i>	John M. Synge
14	Teatr'Ubi. Universidade de Covilhã. Portugal	<i>Diagnóstico: Desgusto patolóxico.</i>	A partir de <i>Psicose</i> de Sarah Kane

**4.2.1.B. MOSTRA DE TEATRO UNIVERSITARIO DE GALICIA**

**MOSTRA: I MOSTRA DE TEATRO UNIVERSITARIO**

ANO: 2000

DATAS: do 2 ao 15 de maio

ESPAZOS: Salón Teatro, Sala Nasa, Sala Galán, Auditorio da Universidade

DATA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	AUTOR
2	Grupo Ápeiron	<i>Síntoo</i>	Carlos Losada
3	Grupo Eis	<i>Bailadela da morte ditosa</i>	Roberto Vidal Bolaño
4	Grupo de Teatro de Inglés	<i>Fool's paradise (Farcical comedy)</i>	Peter Coke
5	Grupo Teutema	<i>Teutema</i>	Creación colectiva
5	Iacaví Teatro	<i>Familia</i>	Adaptación de Lucía Aneiros Vázquez e María López sobre <i>Familia</i> de Fernando León de Aranoa
6	Aula de Teatro do Campus de Ourense. Universidade de Vigo	<i>Conto de inverno</i>	William Shakespeare
7	Escola de Teatro Alternativa	<i>La divine comedie</i>	Dante e Curros (Creación colectiva)
8	Grupo de Teatro Hac Luce da Universidade da Coruña	<i>Noite de reis</i>	William Shakespeare
8	Captatio Benevolentiae	<i>Ndc</i>	Baseado en textos de Rodrigo García
9	Comité Pro Autores Perseguidos	<i>Idos</i>	Patricia Piñeiro
9	Compañía Corpsu	<i>El meido (sic.)</i>	Gerardo Losada

## 25 ANOS DE TEATRO UNIVERSITARIO GALEGO

10	Grupo Nús	<i>Olimpus et Decorum. Intento pretencioso de comedia musical</i>	Eva Lúa
12	Tirititraun	<i>H****</i>	
13	Grupo Xerigonza	<i>A grande noite de Fiz</i>	M. Murado
15	Comité Pro Autores Perseguidos	<i>Paseo polo museo de cera</i>	Selección de diversos textos

### MOSTRA: II MOSTRA DE TEATRO UNIVERSITARIO

ANO: 2001

DATAS: do 7 ao 23 de maio

ESPAZOS: Sala Nasa, Salón Teatro

DATA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	AUTOR
7	Eis	<i>Polaroid</i>	Suso de Toro
7	Captatio Benevolentiae	<i>Os pintores non teñen recordos</i>	Darío Fo
8	Grupo de Teatro de Inglés	<i>A midsummer night's dream</i>	William Shakespeare
9	Hac Luce da Universidade da Coruña	<i>O campo</i>	Griselda Gambaro
9	Fatuati	<i>A locaaa morte dun pedant,e</i>	Creación colectiva
10	Comité Pro Autores Perseguidos	<i>El exorcista</i>	Adaptación de Patricia Piñeiro
10	Comité Pro Autores Perseguidos	<i>Después de toda una vida</i>	Adaptación de Patricia Piñeiro
11	Obradoiro de Teatro de Itaca	(Non figura)	Creación colectiva
12	¿E por que non?	<i>Perdona bonita pero lucas me quería a mí</i>	Dunia Ayaso e Félix Sabroso
13	Aula de Teatro do Campus de Ourense. Universidade de Vigo	<i>Vodas de sangue</i>	F. García Lorca
15	Grupo de Teatro de Francés	<i>Candide</i>	Voltaire
16	Grupo de Teatro de Alemán	<i>Biedermann und die Brandstifter</i>	Max Frisch
21	Cadáver Exquisito	<i>As cancións do Caesar</i>	Fernando Epelde
22	Ápeiron Teatro	<i>Luces-baixo-a-area</i>	Baseado en textos de F. García Lorca
23	Nús	<i>Espiral. Traxicomedia lisérxica</i>	Iván López

### MOSTRA: III MOSTRA DE TEATRO UNIVERSITARIO DA USC

ANO: 2002

DATAS: do 20 ao 30 de abril

ESPAZOS: Salón Teatro, Sala Nasa, Auditorio da Universidade

DATA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	AUTOR
20	English Theater Group	<i>Traballos de amor perdidos</i>	William Shakespeare
21	Comité Pro Autores Perseguidos	<i>Silencios de guerra</i>	Patricia Piñeiro

**AS MOSTRAS E FESTIVAIS DE TEATRO UNIVERSITARIO DE GALICIA**

22	Nús	(Non figura)	(Non figura)
22	Aula de Teatro do Campus de Lugo	<i>Europa</i>	David Greig
23	Caleac Teatro	<i>Hedera</i>	Creación propia
23	Madialeva	<i>As pulgas nunca dormen</i>	Tiz Vergara
24	Cadáver Exquisito	<i>Sair con sidney potier</i>	Fernando Epelde
24	Eis	<i>Fando e lis</i>	Fernando Arrabal
25	Teatro Barato	<i>Cada uno en su cuerpo</i>	Simone Negrín
25	Hac Luce da Universidade da Coruña	<i>Vida e obra de tantotén</i>	Enrique Ballesté
26	Terrorismo en Fa Bemol	<i>The little foxes</i>	Lillian Hellman
29	Ápeiron	<i>A negra do señor</i>	Carlos Losada
29	Aula de Teatro Universitaria do Campus de Ourense. Universidade de Vigo	<i>Fahrenheit 451</i>	Ray Bradbury
30	Captatio Benevolentiae	<i>Historias de clown</i>	Creación propia
30	Chakrán	<i>Amantes y otros extraños</i>	René Taylor
30	Fatuati	<i>Nihilo tempore. Dramedia de ningún tempo</i>	Creación propia

**MOSTRA: IV MOSTRA DE TEATRO UNIVERSITARIO**

ANO: 2003

DATAS: do 18 de maio ao 3 de xuño

ESPAZOS: Salón Teatro, Sala Nasa, Teatro Principal

DATA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	AUTOR
18	La Troupe Française	<i>L'impromptu de Versailles e les précieuses ridicules</i>	Molière
19	Caleac Teatro	<i>La noche de los asesinos</i>	José Triana
20	Eis	<i>O pq das cousas</i>	Quim Monzó
20	Fatuati	<i>Obituario</i>	Creación colectiva
20	English Theatre Group	<i>Bums on seats</i>	Michael Snelgrove
21	A Terapia do Chicle	<i>Sexus interruptus</i>	Sobre textos de Darío Fo
21	Aula de Teatro Universitaria do Campus de Ourense. Universidade de Vigo	<i>O despertar (a partir de despertar de primavera)</i>	Dramaturxia de Fernando Dacosta da obra de Frank Wedekind
22	Teatro das Ánimas	<i>7º día</i>	Baseado no texto de Juan Farias
23	Ápeiron Teatro	<i>Nunca durmo</i>	Rubén Ruibal
24	Aula de Teatro da Universidade de Granada	<i>Casina</i>	Plauto
25	Grupo de Teatro Institucional Hac Luce. Universidade da Coruña	<i>Rulfo: polo pequeno ceo da puerta</i>	Sobre textos de Juan Rulfo
26	Pelouro Teatro	<i>A matanza dos seixas</i>	Antonio Blanco
27	Teatro no Aramio	<i>Azotea</i>	Vanessa Martínez
28	Captatio Benevolentiae	<i>A cantante calva</i>	E. Ionesco

28	Aula de Teatro da Universidade de Extremadura. Campus de Cáceres	<i>El rostro perdido</i>	G. Weisemborn
29	Comité Teatro	<i>Siete pecados... capitales</i>	Patricia Piñeiro
29	Comité Teatro	<i>Agresiones</i>	Patricia Piñeiro
2	Cadáver Exquisito	<i>Cuarentena</i>	Fernando Epelde
3	Tirititraun	<i>Baixo o bosque lácteo</i>	Dylan Thomas

**MOSTRA: V MOSTRA DE TEATRO UNIVERSITARIO**

ANO: 2004

DATAS: do 24 de maio ao 10 de xuño

ESPAZOS: Sala Nasa, Salón Teatro, Auditorio da Universidade

DATA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	AUTOR
24	Aula de Teatro da Universidade de Burgos	<i>La confesión</i>	David Barbero, Walter Mandré, Elena Belmonte, Antonio Álamo, Ignacio Amestoy
25	Grupo Institucional Hac Luce da Universidade da Coruña	<i>Gominolas</i>	Ivonne Ruiz
26	Comité Teatro	<i>Cuatro en uno</i>	Patricia Piñeiro
27	Captatio Benevolentiae	<i>Happening</i>	Sobre textos de Jerónimo L. Mozo
31	Aula de Teatro da Universidade de Extremadura (Campus de Badajoz)	<i>Lisis, la de las navas</i>	Fulgencio Valares
1	Nicotina no Condón	<i>Aproximación á muller nociva</i>	Xosé L. Martínez Pereiro
2	Fatuati	<i>Exemplos de creación colectiva</i>	Creación colectiva
3	Comité Teatro	<i>Vil corte</i>	Patricia Piñeiro
4	Eis	<i>Os teus desexos en fragmentos</i>	Ramón Griffero
5	Murmurios	<i>Opción múltiple</i>	Luis M. Moncada
6	Taller de Arte Dramático do Campus de Lugo	<i>Joan</i>	Sobre textos de Joan Lara e Claudio Rodríguez Fer
7	Caleac Teatro	<i>Juguem, tanoques</i>	M <sup>a</sup> Teresa Menero
8	In Bocca al Lupo	<i>Ellas</i>	Varios autores
9	Terapia do Chicle	<i>Sexus interruptus ii</i>	Creación colectiva
10	La Troupe Française	<i>Les diálogos</i>	A partir de textos de Dubillard



**MOSTRA: VI MOSTRA DE TEATRO UNIVERSITARIO DA USC**

ANO: 2005

DATAS: do 2 de maio ao 6 de xuño

ESPAZOS: Sala Roberto Vidal Bolaño, Salón Teatro

DATA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	AUTOR
2	Caleac Teatro	<i>Othello</i>	Alberte Alonso
3	Aula de Teatro da Universidade de Extremadura. Campus de Badajoz	<i>Maribel y la extraña familia</i>	M. Mihura
9	Universiteit Van Amsterdam. Departamento de Adquisición de Lengua Española	<i>Historias mínimas</i>	Javier Tomeo
10	Aula de Teatro Universitaria de Ourense. Universidade de Vigo	<i>Frankenstein</i>	Fernando Dacosta, a partir da novela de Mary Shelley
18	Comité Teatro	<i>Feto</i>	Patricia Piñeiro
19	Tangatutanga	<i>Que dios nos coja confesados. Cabaret bíblico</i>	Félix Calatayud, Pablo Pérez e José Campanari
20	Aula de Teatro da Universidade da Coruña	<i>Roberto zucco</i>	Bernard Koltés
25	Aula de Teatro da Universidade de Granada	<i>La lección / café turco</i>	Ionesco / Rafael Ruiz
26	Aula de Teatro da Universidade de Granada e Universidade de Agadir	<i>Ghita</i>	A. El Yakoubi
27	As Fillas de Lilith	<i>As bágoas amargas de petra von kant</i>	W. R. Fassbinder
30	In Bocca Al Lupo	<i>Paxariños preñados</i>	Versión de Lola Fernández da obra <i>Rastros</i> de Roberto Vidal Bolaño
31	Eis	<i>A máis forte / antes do almorzo / a voz humana</i>	August Strindberg / Eugene O'Neill / Jean Cocteau
1	Murmurios	<i>Criaturas</i>	Roberto Vidal Bolaño
2	Quartoescuro	<i>A importancia de chamarse Dolly Wilde</i>	Carlos Gulías e Rut Briones
3	Nicotina no Condón	<i>Coa vida nos talóns</i>	Alejandra Juno
4	Ápeiron Teatro	<i>Quen dixo que os anxos non teñen seso?</i>	Creación colectiva
5	Taller de Arte Dramática do Campus de Lugo	<i>Nai?</i>	Adaptación de Paloma Lugilde da novela <i>Nai</i> , de Maximo Gorki
6	Teatro no Aramio	<i>O asasino sorrinte</i>	Jean Marie Piemme

**MOSTRA: VII MOSTRA DE TEATRO UNIVERSITARIO DA USC**

ANO: 2006

DATAS: do 29 de maio ao 11 de xuño

ESPAZOS: Sala Roberto Vidal Boñaño, Teatro Principal, Salón Teatro

DATA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	AUTOR
29	Aula de Teatro da Universidade de Huelva	<i>Ojos de lince</i>	Lola Botello
30	Aula de Teatro da Universidade de Granada	<i>Mi nombre es dulcinea</i>	Andrés Molinari
31	Grupo de Teatro do Colexio Maior San Clemente	<i>Cuatro corazones con freno y marcha atrás</i>	Enrique Jardiel Poncela
1	Terapia do Chicle	<i>Ladaíñas pola morte do meco</i>	Roberto Vidal Bolaño
2	Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela	<i>O velorio de Pat O'Connor. Pequeno divertimento</i>	Reescrita de R. Salgueiro a partir do texto de N. Bela <i>Os cravos de prata</i>
3	In Vitro. Universidade de Xaén	<i>Antígona</i>	Versión libre de José Luis Fernández
5	Eis	<i>O método gronhölml</i>	Adaptación libre do guión da película <i>El método</i>
6	NNC (Nicotina No Condón)	<i>As mulleres sabias</i>	Molière
7	Murmurios	<i>Auto</i>	Ernesto Caballero
8	Quartoesкуро	<i>Drama estático nun cadro (o mariñeiro)</i>	Fernando Pessoa
9	Teatro no Aramio	<i>E os cans calaban</i>	Aimé Césaire
10	Tangatutanga Teatro	<i>Feim (perdiendo los papeles)</i>	Creación colectiva
11	Etrunoia	<i>Tres tristes traumas</i>	Pascual Alapont

**MOSTRA: VIII MOSTRA DE TEATRO UNIVERSITARIO DA USC**

ANO: 2007

DATAS: do 21 ao 31 de maio

ESPAZOS: Sala Roberto Vidal Bolaño, Salón Teatro

DATA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	AUTOR
21	Teatro na Falúa (USC)	<i>Cando a noite cae</i>	Xosé A. Neira Cruz
22	Aula de Teatro da Universidade da Coruña	<i>Os fusís da Señora Carrar</i>	Bertolt Brecht
23	Murmurios (USC)	<i>Entrevista a Mrs. Smith morta</i>	Adaptación da peza de Agustín Gómez-Arcos <i>Interview a Mrs. Smith muerta por sus fantasmas</i>
24	Nicotinanocondón Teatro (NNC)	<i>Segredos a voces</i>	Toti Vollmer
25	Teatro Quartoesкуро (USC)	<i>Unha parella ideal</i>	Adaptación de Carlos Gulías do texto <i>Ya entendí</i> de Diego Ferrero

## AS MOSTRAS E FESTIVAIS DE TEATRO UNIVERSITARIO DE GALICIA

26	Teatro no Aramio (USC)	<i>A última balada</i>	Baseada en textos de Oscar Wilde
30	Tangatutanga (USC)	<i>A doma da fera</i>	William Shakespeare
31	Tangatutanga (USC)	<i>A doma da fera</i>	William Shakespeare

### MOSTRA: IX MOSTRA DE TEATRO UNIVERSITARIO DE GALICIA

ANO: 2008

DATAS: do 26 de maio ao 5 de xuño

ESPAZOS: Sala Roberto Vidal Bolaño, Salón Teatro, Teatro Principal

DATA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	AUTOR
26	Bicodobrelo	<i>Comedia bífida</i>	M. Núñez Singala
27	Grupo de Teatro da facultade de Ciencias da Educación da USC	<i>AMORtriscos: cousas que dicirmos</i>	Baseada en textos de Sergi Belbel e José Luis Alonso de Santos
28	Aula de Teatro do campus de Pontevedra (UV)	<i>Top Girls</i>	Caryl Churchill
29	Teatro da Falúa (USC)	<i>Mort</i>	Adaptación de Roberto Leal da obra de Terry Pratchett
A outra excepción, por considerala de interese, é a entrevista a Paulo Rodríguez. Non fundou nin foi a persoa que máis tempo dirixiu unha aula, pero é a única persoa que dirixiu dúas aulas distintas, a de Lugo e a da Coruña, ademais de ser actor na de Santiago.

As persoas entrevistadas son:

- Por Santiago: Roberto Salgueiro (fundador e persoa que máis anos dirixiu a **Aula**)
- Pola Coruña: Chema Paz Gago e Rubén Ruibal (fundador o primeiro e persoa que máis anos dirixiu a **Aula** o segundo)
- Por Ourense: Ánxeles Cuña e Fernando Dacosta (fundadora a primeira e persoa que máis anos dirixiu a **Aula** o segundo)
- Por Vigo: Maribel González e Pepa Barreiro (fundadora a primeira e persoa que máis anos dirixiu a **Aula** a segunda)
- Por Pontevedra: Xoán Couto e Salvador del Río (fundador o primeiro e persoa que máis anos dirixiu a **Aula** o segundo)
- Por Lugo: Tareixa Campo e Paloma Lugilde (fundadora a primeira e persoa que máis anos dirixiu a **Aula** a segunda)
- Por Ferrol: Xoán Carlos Mejuto e Gonçalo Guerreiro (o primeiro director do grupo institucional de Ferrol o primeiro e quen máis tempo dirixiu o **Teatro Universitario de Ferrol** o segundo)
- Outro: Paulo Rodríguez (director das **Aulas de Lugo e Coruña**. Actor da **Aula de Santiago**)

Os cuestionarios foron realizados entre o mes de xaneiro e o mes de febreiro de 2017. A accesibilidade a esas persoas, claves por diversas circunstancias no teatro universitario galego, foi posible debido a que o entrevistador as coñecía e traballou ou coordinou actividades con elas ao longo dos anos.

O obxectivo é recoller unha serie de datos de directores fundamentais no teatro universitario galego para profundar no coñecemento do tema que tratamos e obter datos de interese. Non hai ninguén mellor que as propias persoas implicadas no nacemento e desenvolvemento das aulas de teatro para falar do que pensan ou do que experimentaron.

O cuestionario está focalizado no teatro universitario co obxecto de explorar as experiencias vividas polas testemuñas e actores presenciais do teatro universitario galego, persoas relevantes neste eido. O cuestionario está formalizado ao desenvolverse en base a un listado fixo de preguntas, e só hai leves variacións no caso dos fundadores. As alternativas de resposta non están fixadas aínda que o cuestionario entregado era pechado (dirixido ou estruturado). Porén, dáse a posibilidade de engadir o que estimen oportuno e hai conversas tanto persoais como telefónicas ou por correo para aclarar o que se precisaba.

Utilizamos esta técnica como recolección de datos de interese do tema obxecto de estudo.

### 5.1. ROBERTO SALGUEIRO (Aula de Santiago)

Director da **Aula de Teatro da USC** desde a súa orixe no ano 1990 ata a actualidade (2017), é Licenciado en Filoloxía Hispánica pola Universidade de Santiago de Compostela.

Dirixe o Festival Internacional de Teatro Universitario de Santiago desde o ano 95 e a Mostra de Teatro Universitario galego de Santiago desde o ano 2000.

Ademais de director teatral é deseñador de luz e figurinos e do espazo escénico.

Autor teatral que recibiu numerosos premios entre os que están o “Álvaro Cunqueiro” e “Rafael Dieste” entre outros. Ten publicadas numerosas obras de teatro.

Dirixe cursos e participou en tarefas de tradución e dirección de varias compañías teatrais. Colabora en revistas teatrais e ten diversos artigos sobre o teatro universitario citados na bibliografía.

As súas obras son representadas pola **Aula de Teatro de Santiago** e por numerosas compañías profesionais. Tamén é tradutor.

## CUESTIONARIO

### Na dirección da Aula de Teatro Universitaria

1. De que departamento ou vicerreitoría depende a Aula de Teatro Universitaria?

Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social

2. Cales son os locais para ensaios das montaxes da Aula? Canto tempo duran eses ensaios en meses, días á semana e horas de ensaio?

A compañía de teatro da **Aula de Teatro da USC** prepara as súas producións na sala de teatro Roberto Vidal Bolaño. Os ensaios adoitan comezar ao redor do día 12 de setembro e a estrea do traballo realízase ao redor do día 20 de decembro, xusto antes das vacacións de Nadal. O período de ensaios abrangue de luns a xoves, unha media de cinco horas diarias, polo xeral, a partir das 19'30 horas.

3. A elección da obra para montar é túa? Cal é o criterio para elixir unha obra?

O criterio de escolla do traballo a realizar baséase nas necesidades pedagóxicas do grupo de traballo. Cada promoción permanece entre catro e cinco anos na compañía, e durante ese período de tempo procúrase tocar diversos aspectos da interpretación e da posta en escena. En relación aos textos, en moitas ocasións escríbense durante este proceso.

4. Que tipo de texto elixes: texto alleo, dramaturxia propia a partir dun texto previo, creación propia? Hai contribución do elenco?

Ao longo dos anos de traballo os textos foron moi variados, dependendo das características do gupo.

5. Como se configura o elenco? Hai probas? Por orde de inscrición? Por matrícula?

A comezos de curso académico realízanse probas para acceder á escola de teatro e á compañía. Unha vez ingresado o alumno non precisa repetir as probas, xa que toma parte do proceso global de formación. As probas consisten, polo xeral, en tres exercicios: unha lectura, unha proba musical e un exercicio de interpretación. Unha comisión integrada por tres persoas avalía e puntúa as probas.

6. Configuras o equipo de colaboradores? Para que parcelas adoitas contar con colaboradores: escenografía, vestuario, maquillaxe, iluminación, son...?

As epígrafes de deseño de vestuario, espazo escénico e iluminación dependen de min. Os colaboradores externos son puntuais dependendo do tipo de traballo: profesores de canto, de baile, instrumento musical... A realización de vestuario e espazo escénico, cando así se precisa, son realizadas por profesionais.

7. Na túa opinión, cales son os ámbitos fundamentais da dirección escénica? En que fas fincapé nas túas montaxes?

Os ámbitos que considero fundamentais no exercicio da dirección escénica son múltiples. A dirección escénica é un exercicio totalizador. Se un novelista non pode prescindir de usar adxectivos ou de calquera tipo de construción sintáctica, a un director de escena acontécelle outro tanto. Para un director de escena debe ser fundamental a interpretación do actor, tanto como a iluminación, o vestuario, o espazo escénico e o sonoro. Un director con carencias nestes campos sería como comparar a un novelista con carencias no uso de verbos transitivos, por exemplo. Un director que só “sabe” dirixir actores e que obvia os demais campos sería como un novelista que só sabe usar o tempo presente na

conxugación verbal e as conxuncións copulativas. Inimaxinable, non? porén, lamentablemente presente no teatro. Outra cousa é que sexa o propio director ou directora quen deseñe estas epígrafes citadas, pero é indubidable que debe ter coñecementos sobre as mesmas para poder construír eficazmente o seu discurso escénico.

8. Consideras que ten unha liña a Aula de Teatro que dirixes? Pensando na túa traxectoria, destacas un discurso teatral? Consideras que hai recorrencias nas túas postas en escena?

É evidente que un mesmo sempre é o seu peor xuíz. A carencia de perspectiva impídeme contestar ben esta pregunta. Tamén penso que é diferente a “recorrencia” e o “estilo”. Gustaríame pensar que si teño un estilo, cousa ben difícil de conseguir. Se tivese que indicar algún lugar común no meu traballo, aínda que sexa en grao de tentativa, a austeridade e o coidado da imaxe penso que están presentes no meu traballo.

9. Algún ou algúns dos espectáculos dirixidos por ti tiveron unha significación ou valor especial? Por que? De maneira persoal, claro. Hai algunhas montaxes que considero especiais desde o punto de vista afectivo, emocional... Desde o punto de vista pedagóxico non porque sempre tratei de establecer un criterio de traballo común a todos os procesos.

10. Recoñeces influencias na túa dirección? Tes referentes na dirección?

É difícil desligar a praxe da dirección na compañía de teatro da universidade, que ocupa esta entrevista, do meu traballo como director profesional. Recoñezo moitas influencias, demasiadas para contestar aquí. Influencias estéticas, influencias de autores, políticas, persoais, extra-teatrais... Querencias importantes? O expresionismo figurativo alemán, Remond de Sainte-Albine, Kukas, Alain Badiou, Stanislavsky, García Barrientos, José Luis Gómez, Mario Gas, Bob Wilson, Witckiewicz, García Lorca, os contos populares, Molière... A música é fundamental no meu proceso de creación: Ólafur Arnalds e Bach, por citar dous compositores ben distintos dunha listaxe amplísima... O respecto pola palabra dita, Manuel Lourenzo, pola escolla da palabra precisa, Xulio Lago.

11. Unha vez estreado o espectáculo, fas seguimento ou cambios nas funcións?

Sempre. Forma parte do proceso de formación. Distinguimos claramente entre o período e montaxe e o de xira, con procedementos e obxectivos precisos.

12. Que aspectos do sistema teatral universitario galego afectan especialmente ás túas direccións? (infraestruturais, económicos, humanos, produtivos, espaciais, culturais, formativos...)

Ningún. Unicamente, a carencia de prestación de servizos dalgúns espazos interesados no noso traballo provoca que non poidamos presentalos. Neste sentido, priorizamos as condicións mínimas esixibles para a presentación dun traballo.

13. Algo que consideres relevante e que se omitiu nas preguntas

Na compañía, como na escola, pódese escoller interpretación e dirección escénica. Todos deben ter coñecementos das áreas que non son do seu interese principal.

## Na dirección ou coordinación de mostras ou festivais de teatro universitario

1. Cales son os patrocinadores da mostra ou festival de teatro?

Os orzamentos son os propios da universidade. Ocasionalmente participa a Deputación da Coruña.

2. Cales son os espazos onde se desenvolve?

Sala de teatro Roberto Vidal Bolaño, Teatro Principal e Salón Teatro. Ocasionalmente, no Auditorio de Galicia. Cando existían as salas de teatro independentes (Teatro Galán e Sala Nasa), tamén nelas.

3. Cal é o obxectivo da mostra ou festival de teatro universitario?

Do Festival Internacional de Teatro Universitario programar compañías de teatro de departamentos e universidades estranxeiras e de escolas superiores de arte dramática que se poidan considerar como referentes para os alumnos de teatro e que susciten o interese do público xeral. O intercambio de experiencias durante o mesmo entre as compañías, que permanecen durante o festival.

4. Cal é o criterio de selección na programación?

O criterio é o de calidade. Preferiblemente traballos xa coñecidos en vivo. O criterio orzamentario condiciona o número de compañías convidadas.

### 5.2. CHEMA PAZ GAGO (Aula da Coruña)

Fundador do **Clube de Teatro da Coruña**, xunto a Francisco Nodar e outros profesores de Filoloxía da UDC e director do grupo institucional de 1991/92 a 1997/1998.

Coordina as xornadas de teatro universitario da Coruña durante eses anos.

É Doutor en Filoloxía pola Universidade de Oviedo e catedrático de Literatura e Literatura Comparada na UDC. Docente e creador literario, conferenciante e crítico teatral.

Especializado en moda e a súa relación coas artes, creador dun curso de posgrao en moda.

É tamén secretario Xeral da Association for Semiotic Studies (IASS) e foi presidente da Asociación Española de Semiótica e Secretario Xeral da Federación Latinoamericana da mesma especialidade. É autor de numerosas obras académicas.

## CUESTIONARIO

### Na dirección da Aula de Teatro Universitaria

1. De que departamento ou vicerreitoría dependía a Aula de Teatro Universitaria cando se creou?

Do Vicerreitorado de Extensión Universitaria

2. Cales eran os locais para ensaios das montaxes da Aula? Canto tempo duraban eses ensaios en meses, días á semana e horas de ensaio?

O Auditorio da antiga Facultade de Ciencias da Educación, en Riazor, hoxe “A Normal”. Aproximadamente 3 meses de traballos preliminares e ensaios, aproximadamente 3 horas diarias, 4 días por semana.

3. A elección da obra para montar era túa? Cal era o criterio para elixir unha obra?

Si, case sempre era miña, dacordo cos membros do Clube de Teatro. Nos anos 92-94 fixemos textos de Cunqueiro, co gallo das Letras Galegas que se lle adicaron, e en conexión coa miña propia investigación sobre o teatro cunqueirán.

4. Que tipo de texto elixías: texto alleo, dramaturxia propia a partir dun texto previo, creación propia? Había contribución do elenco?

Traballamos con textos canónicos (Cunqueiro, Valle, Vázquez Montalbán) para os que creamos a dramaturxia, concibida por min e o aporte dos actores, nomeadamente nos ensaios.

5. Como se configuraba o elenco? Había probas? Por orde de inscrición? Por matrícula?

Nun casting, moi disputado por certo.

6. Configurabas o equipo de colaboradores? Para que parcelas adoitabas contar con colaboradores: escenografía, vestuario, maquillaxe, iluminación, son...?

Fomos creando un equipo de colaboradores en tódolos ámbitos da representación: escenografía, maquillaxe (Raquel Fidalgo), vestuario (Lola Dapena), iluminación (Octavio Más). Varios destes colaboradores fixeron despois carreira no ámbito das artes escénicas.

7. Na túa opinión, cales son os ámbitos fundamentais da dirección escénica? En que facías fincapé nas túas montaxes?

Eu adiqueime fundamentalmente á dramaturxia e á concepción da posta en escena.

O ámbito máis difícil para un director non profesional coma min é a dirección de actores, que confíei a profesionais como o arxentino David Arouguetti ou Xoán Carlos Mejuto, actor formado no Clube de Teatro.

8. Consideras que tiña unha liña a Aula de Teatro que dirixías? Pensando na túa traxectoria, destacas un discurso teatral? Consideras que hai recorrencias nas túas postas en escena?

Si, penso que había unha poética teatral vencellada ás propostas das vangardas históricas (surrealismo, esperpentismo) e ao teatro do Absurdo.

Nesa liña inscíbense os espectáculos *Tanaturxia Cunqueiriana*, *O incerto señor don Hamlet* de W. Shakespeare (1992), *Función de Xan e Xulieta* (1993), *Guillermota en el país de las Guillerminas* (1995), *Luces de bohemia* (1996).

9. Algún ou algúns dos espectáculos dirixidos por ti tiveron unha significación ou valor especial? Por que?

Os que citei máis arriba. Ademais de significar unha pesquisa sobre o teatro de Cunqueiro, con estreas absolutas de pezas curtas surrealistas, tiveron un amplo eco nos medios e foron representadas noutras vilas galegas.

10. Recoñeces influencias na túa dirección? Tes referentes na dirección?

Pois si, porque me formei en París. Pero sería moi presuntuoso dicir que os meus referentes son Brook ou Ariane Mnouchkine. A crítica relacionou algún deses espectáculos cos traballos de José Carlos Plaza que, efectivamente, sempre seguín con interese.

11. Unha vez estreado o espectáculo, facías seguimento ou cambios nas funcións?

Non se facían máis de 3 ou 4 funcións, polo que non variaba o espectáculo.

12. Que aspectos do sistema teatral universitario galego afectaron especialmente ás túas direccións? (infraestrutrais, económicos, humanos, produtivos, espaciais, culturais, formativos...)

O Clube de teatro da Universidade da Coruña respondía tanto a motivacións lúdicas -era unha actividade ofertada polo Vicerreitorado de Extensión Universitaria- como académicas e investigadoras, dado que eu era profesor e investigador no ámbito do teatro.

Tivemos un apoio decidido por parte da Universidade e do Concello coruñés, o que non resolveu moitas carencias materiais.

13. Algo que consideres relevante e que se omitiu nas preguntas

Eran tempos difíciles, todo estaba por facer nas universidades que acababan de nacer pola segregación de Santiago.

### **Na dirección ou coordinación de mostras ou festivais de Teatro universitario**

1. Cales eran os patrocinadores da mostra ou festival de teatro?

Universidade e Concello.

2. Cales eran os espazos onde se desenvolvía?

Tentro Rosalía de Castro.

3. Cal era o obxectivo da mostra ou festival de teatro universitario?

Dar a coñecer o traballo dos estudantes.

4. Cal era o criterio de selección na programación?

As aulas das outras universidades de Galicia e outras convidadas do resto do Estado e de América.



### 5.3. RUBÉN RUIBAL (Aula de Teatro da Coruña)

É coordinador da **Aula de Teatro e Danza da Universidade da Coruña** desde o curso 2009/10 ata a actualidade (2017). Coordina o FITEUC desde ese mesmo curso.

Traballou como actor, axudante de dirección ou director nas compañías **Teatro de Aquí**, **Teatro Cachuzo** e **Centro Dramático Galego** entre os anos 1994 e 2004. Formouse no mundo do teatro durante os dez anos que colaborou con Roberto Vidal Bolaño na compañía Teatro do Aquí.

No ano 2000 creou, xunto con Carlos Losada, a compañía **Teatro Cachuzo**, que levou á escena os seus textos teatrais *Fume* (2000) e *Nunca durmo* (2003).

Como autor recibiu diversos premios entre os que destacan o premio “Álvaro Cunqueiro”, o de “Teatro Radiofónico do Diario Cultural da RG”, o “María Casares” e o “Premio nacional de literatura dramática” por *Limpeza de sangue* no ano 2007.

## CUESTIONARIO

### Na dirección da Aula de Teatro Universitaria

1. De que departamento ou vicerreitoría depende a Aula de Teatro Universitaria?

Depende da VEPEU, Vicerreitoría de Estudantes Participación e Extensión Universitaria. Con anterioridade, desde que eu dirixo, xa dependeu da Vicerreitoría de Estudantes, Deportes e Cultura e, antes, da Vicerreitoría de Cultura e Comunicación. É curioso como a medida que cambiaron as equipas reitorais a palabra cultura foi sendo postergada e finalmente eliminada.

2. Cales son os locais para ensaios das montaxes da Aula? Canto tempo duran eses ensaios en meses, días á semana e horas de ensaio?

Agora estamos ensaiando nunhas aulas da segunda planta, e sen reformar, da antiquísima Escola de Maxisterio da Cidade Escolar de Riazor. Na planta baixa está a Normal. Ata hai uns anos ensaiabamos nun salón de actos con moitísimas posibilidades e ben máis cómodo no mesmo edificio, pero a incompetencia burocrática e algúns problemas eléctricos fan que esa sala estea inutilizable desde hai anos.

Os ensaios duran de outubro a marzo ou abril, dependendo da data da estrea, e agora son dous días á semana tres horas diarias. Cando se achega a estrea ensaiamos máis tempo, engadimos un día máis case sempre nos meses de febreiro e marzo.

3. A elección da obra para montar é túa? Cal é o criterio para elixir unha obra?

Si, sempre é miña. O criterio principal é que non quede fóra ningún dos participantes nas audicións ó que eu vexa capacitado para estar na montaxe. Así que sempre teño uns cantos espectáculos na recámara ou tamén traballamos en versións que permitan a participación de todos.



4. Que tipo de texto elixes: texto alleo, dramaturxia propia a partir dun texto previo, creación propia? Hai contribución do elenco?

Pois ata agora fixemos de todo: textos alleos, algún propio, versións algo disparatadas se é posible, unha creación colectiva o pasado ano... Salvo que o texto sexa de autor alleo, sempre os actores fan a súa aportación, ás veces consciente e incluso traballada (en forma de textos ou escenas) e outras veces porque eu detecto dificultades e facilito o traballo, ou porque hai aportacións interesantes nos diálogos ou nas accións por parte dos actores. Pero insisto: nos textos alleos, salvo que faga versión, sempre teño moito respecto polo orixinal, limitándome unicamente a traducir, se é necesario.

5. Como se configura o elenco? Hai probas? Por orde de inscrición? Por matrícula?

De momento sempre houbo “repetidores”, xente que queda dun curso para o seguinte. No mes de outubro facemos unha audición na que o requisito único é unha mínima experiencia previa, pero xa se ten dado o caso de contar con actores que non a tiñan. A esta audición, os veteranos chámanlle “facer o mono”, porque sempre uso *Últimas palabras de Copito de Nieve* de Juan Mayorga, dado que non se me ocorre texto máis complicado: un actor que fai de gorila que imita ós homes... Pero, volvendo ás intencións, a miña idea é que ninguén interesado en facer teatro na UDC quede sen facelo. Ademais da Aula de Teatro hai un curso de interpretación (en tempos houbo máis, pero as reducións orzamentarias obrigan) e dous grupos que fan pezas e que están coordinados nunha asociación universitaria chamada Corifeo. Así é como tentamos que ninguén quede fóra.

6. Configuras o equipo de colaboradores? Para que parcelas adoitas contar con colaboradores: escenografía, vestuario, maquillaxe, iluminación, son, ...?

Ata hai dous anos tiñamos catro colaboradores: unha axudante de dirección, Laura Mariño, que non cobraba polo traballo, e que agora dirixe en Corifeo; un creador de bandas sonoras, Roberto Casteleiro, que nos facía prezos increíbles por traballos magníficos; un “chicoparatado” (escenografía, atrezzo, vestuario, fotografía, etc.) Iván Casal Nieto, de quen se pode dicir o mesmo que de Roberto Casteleiro; e un iluminador, Afonso Castro que si cobra como profesional e que é tamén o técnico nas funcións. Roberto agora xa fai menos colaboracións pero aínda bota unha man. Iván e Afonso Castro seguen colaborando coa Aula.

7. Na túa opinión, cales son os ámbitos fundamentais da dirección escénica? En que fas fincapé nas túas montaxes?

Gustaríame dicir que o obxectivo é facer un bo espectáculo, e éo, pero non é o prioritario. Dado o nivel, o meu interese primeiro é que se formen grupos de teatro na UDC, facilitar o acceso á actividade a todos, e que os participantes aprendan os fundamentos do teatro, e non só da interpretación. Logo, claro, en función das capacidades de cadaquén tento ir acomodando o traballo, pero sospeito que os bos actores reciben moita menos atención pola miña parte que aqueloutros que non saben falar ben ou non se dan movido con xeito nun escenario. Digamos que a aspiración final é que no espec-

táculo non se note moito que somos bastante novatos. E, por suposto, que a actividade teatral se convirta nun espazo de encontro entre eles, de reflexión, de contacto, de pensamento, de diversión, de todo o que o teatro nos pode aportar.

8. Consideras que ten unha liña a Aula de Teatro que dirixes? Pensando na túa traxectoria, destacas un discurso teatral? Consideras que hai recorrencias nas túas postas en escena?

Pois non pensara niso. O que si detecto é que empeza a ser unha frase feita iso de “a ver que cousa rara fai Rubén este ano”. Si que, ultimamente, procuro escapar do narrativo, por exemplo, e tamén tento que durante o curso traballemos todo tipo de escenas ou fragmentos teatrais: clásicos, en verso, contemporáneos, experimental, improvisacións... Logo chegan as presas da estrea e centrámonos no texto escollido, pero a miña idea principal é que descubran que hai miles de teatros e a curiosidade pode facerlles descubrir aqueles que os enchan.

9. Algún ou algúns dos espectáculos dirixidos por ti tiveron unha significación ou valor especial? Por que?

A primeira loucura que fixemos, *Rinoceronte no Camiño*, era un espectáculo malo, pero foi un traballo intensísimo de case todos os que participaron nela. Tamén me divertín moito poñendo os pelos de punta á xente de Normal con *Nunca Durmo*, que ía sobre arte contemporánea, pero a recepción por parte da propia xente foi acollidora e amable, realmente encaixaron moi ben o que puidese haber de crítica naquel disparate. Ademais, paseino moi ben con aquel equipo de traballo. Se cadra debería dicir que o espectáculo que máis significación tivo foi *A Burla do Galo* por facerse no marco das Letras dedicadas a Roberto Vidal Bolaño, con quen traballei e aprendín moitos anos, pero non podo esquecer o interesante que foi dirixir a versión de *Nocturnos* de Paco Zarzoso para facer na Sala de Exposicións de Normal co público arredor, ou o espectáculo do ano pasado, *Unha libra de carne*, que supuxo un esforzo especialísimo por causa do trato absolutamente inaceptable que se nos deu desde a propia Universidade. O caso é que os participantes e eu mesmo fomos capaces de sacar adiante un espectáculo con practicamente nada, formouse un grupo moi forte e unido e, sobre todo, pasámolo moi ben pese a non ter presuposto nin un local de ensaios fixo, nin posibilidade de facer un número de funcións respectable. O caso é que a xente escribiu, improvisou, traballou para vestirse e, creo, pasámolo ben facendo un espectáculo de supervivencia.

10. Recoñeces influencias na túa dirección? Tes referentes na dirección?

Pois por desgraza poucas influencias podo ter. Como espectador si detecto xeitos de dirixir, pero non son un director formado en escola ningunha e como actor só traballei con tres ou catro directores, e teño que destacar sobre todo a Salgueiro, con quen aprendín na Aula da USC o básico do teatro, e a Vidal Bolaño, que supoño que é de quen máis teño copiado. Pero a verdade é que procuro escapar das influencias e inventar, ademais de que ás veces pode influírnos tanto unha boa lectura teórica (agora lembro a Meisner) como unha dirección real. Creo que non son un bo director de teatro, pero tamén é certo que me interesa máis, dentro dunha Aula de Teatro, ser un

dinamizador: provocar que na universidade se faga teatro, que se vaia ver teatro, que se escoite algo sobre as artes escénicas...

11. Unha vez estreado o espectáculo, fas seguimento ou cambios nas funcións?

Si. O fundamental, nos últimos anos, pasar dunha versión de escenario central, ou de actores mesturados co público dado que facemos funcións nunha sala de exposicións, a unha versión á italiana para as xiras. Pero no resto, raramente son cambios grandes, ou importantes: adoitan ser cortes, ou cambios de orde, pero non relevantes. O que si fago case sempre é, a aqueles actores que teñen tendencia a relaxarse ou despistarse, provocarlles certa tensión introducindo cambios mínimos nos momentos en que vexo que “se van” da peza. E normalmente funciona. Ás veces os cambios non son no seu texto, son cousas que din outros que están en escena con eles, por exemplo, pero si, gústame romper un pouco a rutina con aqueles que teñen máis dificultades para manter o papel. Que se vexan sorprendidos en escena. Ás veces cagámola, pero creo que é unha forma de aprender, e os máis deles saben saír adiante con certa solvencia.

12. Que aspectos do sistema teatral universitario galego afectan especialmente ás túas direccións? (infraestructurais, económicos, humanos, produtivos, espaciais, culturais, formativos...)

Pode dicirse que son un escravo da mala economía universitaria. E no “espacial”, a verdade é que ás veces lamento ter que preparar versións á italiana dos espectáculos, pero recoñezo que formativamente é moi interesante para os alumnos, ese cambio na forma de interpretar que supón ter o público arredor ou telo nun patio de butacas. Tamén me gustaría que as datas dos festivais estivesen máis cerca unhas de outras para convidar á Coruña compañías que están en Santiago ou Ourense, pero non parece fácil.

13. Algo que consideres relevante e que se omitiu nas preguntas

Pois... que que ricas son as cervexas e os xantares en Ourense con Dacosta e compañía. ;)

### **Na dirección ou coordinación de mostras ou festivais de teatro universitario**

1. Cales son os patrocinadores da mostra ou festival de teatro?

O Concello da Coruña (IMCE) e, en ocasións, a Deputación.

2. Cales son os espazos onde se desenvolve?

Fórum Metropolitano, Teatro Rosalía de Castro, NORMAL (Espazo de Intervención Cultral da UDC) e Teatro Colón (ata o ano pasado).

3. Cal é o obxectivo da mostra ou festival de teatro universitario?

Como parte do servizo de Extensión, achegar a todo o público o traballo que se fai nas universidades, tanto no terreo do teatro como no da danza. E, por suposto, dar a coñecer estas actividades entre os propios universitarios.

4. Cal é o criterio de selección na programación?

Gustaríanos poder convidar máis compañías e facer máis intercambios con universidades de fóra de Galicia, pero dada a situación presupostaria da Aula de Teatro e Danza Normal da UDC temos que limitarnos a facer intercambios con compañías de Galicia e algunha de fóra (unha de teatro e unha de danza habitualmente, e ás veces nin iso).

### 5.4. XOÁN COUTO (Aula de Teatro de Pontevedra)

É fundador da **Aula de Teatro de Pontevedra** (1991/92) xunto ao colectivo teatral **Kalandraka**. Participara como actor e alumno na primeira etapa da **Aula** na Escola de Maxisterio de Pontevedra. É Licenciado en Filoloxía Hispánica e Licenciado CC.EE. (Intervención Socioeducativa).

É director da Mostra de Teatro Universitario de Pontevedra desde o ano 1994 ao 1998 e da Mostra Internacional de Teatro Universitario de Pontevedra do 96 ao 98.

Docencia: Mestrado en Libro Ilustrado e animación Audiovisual, O Proceso Literario, Fundamento do Proxecto Didáctico Pedagóxico. As súas actividades de formación na **Aula de Pontevedra** chegan ata o curso 1996/97.

Foi profesor asociado do Departamento de Filoloxía Española e do Departamento de Didácticas Especiais da UV. É profesor de Máster en libro ilustrado e animación audiovisual. Foi director de Edicións Kalandraka de 1998 a 2004.

É director de OQO editora desde 2005.

## CUESTIONARIO

### Na dirección da Aula de Teatro Universitaria

1. De que departamento ou vicerreitoría dependía a Aula de Teatro Universitaria cando se creou?

As aulas de teatro nunca dependeron dun departamento universitario, sempre foron “algo” dependente e/ou relacionado co Vicerreitor de Extension Universitaria correspondente, que destinaba as actividades de teatro ao longo do curso escolar (cunha programación previamente pactada, destinada, no caso de Pontevedra, a formación teatral básica, investigación, intercambio de experiencias e mostras de teatro universitario -galego e internacional-) unha determinada cantidade de cartos, sempre insuficiente, precaria diría eu, para a gran cantidade de actividades que, no Campus de Pontevedra, se desenvolvían durante o curso escolar

Unha paréntese para dicir que a Aula de Teatro de Pontevedra, como a de Ourense e Vigo, que tamén naceron naquel momento, nunca existiu como tal... na Universidade de Vigo non existe a Aula de Teatro de Pontevedra como entidade cunha estrutura administrativa, non existe no organigrama universitario... na Universidade de Vigo hai actividades de teatro (non sei o que acontece coa música e outras artes, ou como será no caso dos deportes)... a Universidade de Vigo programa/desenvolve/pon en marcha/ofrece...

á comunidade universitaria preferentemente, e á comunidade non universitaria complementariamente, actividades relacionadas co teatro, que contrata mediante concurso público a unha empresa (Kalandraka-Pontevedra, Sarabela-Ourense, Vagalume-Vigo)...

2. Cales eran os locais para ensaios das montaxes da Aula? Canto tempo duraban eses ensaios en meses, días á semana e horas de ensaio?

O local de ensaio foi sempre, desde o principio e ata o ano 98, a antiga Escola de Maxisterio de Pontevedra (hoxe centro de educación de persoas adultas), ubicado na avenida de Bos Aires, á beira do río Lézrez... no ximnasio cando se podía, despois no soto, que se inundaba unha semana si e outra tamén, porque queda por debaixo do nivel do río e a auga entraba no local cada vez que a marea subía algo de máis, e tamén no salón de actos de cando en vez...

Os ensaios para a montaxe dos espectáculos adoitaban ocupar boa parte do curso escolar, normalmente de outubro a abril/maio, en 2 sesións semanais (3 nos meses previos á estrea), normalmente en horario de 18 a 21 horas.

3. A elección da obra para montar era túa? Cal era o criterio para elixir unha obra?

A elección da obra, e o programa de actividades, foron cousa de Vieites (principalmente) e de Lamapereira, mentres permaneceron no grupo, ata o ano 90/91, máis ou menos... a partir daí, era cousa que discutiamos no grupo (xa Kalandraka Teatro), aínda que a proposta básica de actividades era cousa miña...

O criterio fundamental estaba dominado polos mesmos principios do inicio: teatro-educación, formación básica en expresión dramática (de alumnos universitarios, profesores en activo, e persoas non universitarias), elaborar materiais didácticos para ensino-escola, espectáculos teatrais para a infancia e a xuventude, mostras de teatro universitario (principalmente, espectáculos feitos por universitarios, en contexto universitario, para público universitario, principalmente, no territorio galego).

4. Que tipo de texto elixías: texto alleo, dramaturxia propia a partir dun texto previo, creación propia? Había contribución do elenco?

O punto de partida era un autor (Ende, Andersen, Calvino...) a partir do cal xiraban boa parte das actividades da Aula durante o curso... no caso do espectáculo teatral, eu propoñía unha dramaturxia básica ao grupo, tamén desde un texto previo (narrativo, dramático...).

Os participantes no proxecto condicionaban sempre, de maneira substancial, o previsto inicialmente, que se axustaba, paulatinamente, ás aportacións que os diferentes participantes ían facendo... tratábase de poñer en pé un traballo grupal, cooperativo (daquela andabamos matinando na metodoloxía, pensando sobre todo nun “traballo escolar feito nun medio escolar para un medio escolar”... pensabamos que a universidade era unha prolongación académica do ensino primario e do ensino medio), onde o proxecto ía medrando a medida que o grupo era quen de facelo medrar, cun traballo, pola miña parte, máis de mediador/orientador/animador/... que outra cousa... tratábase de facer crecer o

grupo en xeral, e o interior das persoas en particular, non tanto os nomes das persoas... esta era a idea dos promotores do enxendro... outra cousa sería a idea que cada quen se puido formar da experiencia vivida (se cadra, habería que preguntarlles...).

5. Como se configuraba o elenco? Había probas? Por orde de inscrición? Por matrícula?

O elenco conformábase coas persoas que manifestaban o seu desexo e disposición a participar na montaxe dun espectáculo teatral, non había restrición de ningún tipo... inicialmente, e durante anos, os participantes tiñan que apuntarse nunha lista e con iso se traballaba... máis tarde (creo que foi a partir do 94, coa chegada de Jose Antonio Rodríguez Vázquez ao reitorado), os participantes empezaron a ter que matricularse oficialmente, porque a UV empezou a querer controlar este apartado, sobre todo porque (creo que foi a partir do 94), a UV empezou a cobrar unha cantidade económica por participar nos cursos (creo que eran 2.000 pts. por curso, cun 50% de desconto a estudantes, parados e persoal da UV), e a validar as horas dos cursos por créditos de libre configuración para os alumnos universitarios (esta foi unha proposta que eu fixen ao Vicerreitor daquela), e tamén porque a Consellería de Educación validaba as horas de formación aos profesores en activo (para complementos salariais, sexenios e iso...), e tamén o consideraba un mérito formativo para as persoas que participaban nas oposicións... en fin...

6. Configurabas o equipo de colaboradores? Para que parcelas adoitabas contar con colaboradores: escenografía, vestuario, maquillaxe, iluminación, son...?

Os colaboradores nas montaxes eran basicamente persoas de Kalandraka Teatro, que estaban na Aula de Teatro tamén desde o principio, máis como orientadores/animadores que outra cousa, do traballo que facían os propios participantes na montaxe, que tamén facían os traballos de deseño e construción de escenografías, vestuario...

7. Na túa opinión, cales son os ámbitos fundamentais da dirección escénica? En que facías fincapé nas túas montaxes?

A dirección escénica estaba enfocada, sobre todo, a desenvolver, na medida do posible e nas circunstancias en que tiñamos que traballar, o traballo corporal e vocal dos participantes -desde un punto de vista individual-, e o traballo de cohesión, conformación e “singladura” grupal -desde un punto de vista colectivo-, sempre nunha perspectiva e cun concepto máis cercano á expresión dramática que a un concepto teatral e escénico propiamente... pensando, sobre todo, na idea de “traballo escolar feito nun medio escolar para un medio escolar”... o meu traballo, en xeral, tiña máis de mediador/orientador/animador/... que outra cousa... sempre máis interesado no proceso persoal-individual e grupal que no resultado escénico e na prestación actoral, no espectáculo...

8. Consideras que tiña unha liña a Aula de Teatro que dirixías? Pensando na túa traxectoria, destacas un discurso teatral? Consideras que hai recorrencias nas túas postas en escena?

No máis amplo e profundo sentido dos termos: traballo escolar feito nun medio escolar para un medio escolar... expresión dramática antes que (por diante) teatro, asu-



mindo que o grupo e cada participante traballa para “facen unha representación nun escenario determinado nun momento determinado...”

Idea de proceso (individual e grupal) antes que atención ao resultado final (sen desatendelo, claro).

9. Algún ou algúns dos espectáculos dirixidos por ti tiveron unha significación ou valor especial? Por que?  
 Todos... cada un por distintas circunstancias... aínda no caso das persoas que soamente participaron nun espectáculo, a pegada que lles deixou (persoal e profesionalmente) foi imborrable... serviulles para crecer exponencialmente (nos dous aspectos)... en moitos casos, seguen vivindo hoxe, persoal e profesionalmente, daquelas experiencias...
10. Recoñeces influencias na túa dirección? Tes referentes na dirección?  
 Isto resulta algo complicado de responder... na idea de “dirección” (non só escénica), bebín e bebo moito, persoal e profesionalmente, de Gisèle Barret e a súa “pedagogía da expresión dramática”, que ten como base/soporte, tres conceptos: lúdico, proceso e polisemia... aos que se pode/debe sumar outros non menos importantes: acción, colectivo, creatividade, globalidade, “aquí e agora”, non directividade, situación, subxectividade...
11. Unha vez estreado o espectáculo, facías seguimento ou cambios nas funcións?  
 Non... as funcións que se facían dos espectáculos eran poucas, e os cambios (mínimos) que había que facer estaban sempre condicionados polo contexto e a situación (espazos, alguén que non podía estar na función...).
12. Que aspectos do sistema teatral universitario galego afectaron especialmente ás túas direccións? (infraestruturais, económicos, humanos, produtivos, espaciais, culturais, formativos...)  
 Non se pode dicir que exista un sistema teatral universitario galego... nin sequera se pode dicir que exista un sistema teatral galego, que nin sequera ten un “Centro Dramático Nacional” (o CDG apenas chega a caricatura, se temos en conta o que fai e como o fai) que puidese articular e dar sentido a tal “sistema”... pódese falar, quizais, de teatro na universidade galega... pero iso mellor que o fagas tí, que tes un coñecemento máis actualizado...
13. Algo que consideres relevante e que se omitiu nas preguntas  
 Boto de menos que, despois de 25 anos, a universidade galega aínda non forme “formalmente” os universitarios (tampouco forma músicos, bailaríns nin cineastas, e os de Belas Artes de Pontevedra apenas pensan noutra cousa que en facerse funcionarios de secundaria), non produza espectáculos teatrais propiamente universitarios (analogamente ao que se podería ter no deporte universitario), nin desenvolva actividades relacionadas coa arte teatral no contexto escolar universitario (pensando por e para ese contexto)... por pedir case un imposible nesta altura, boto de menos, moito, que a

universidade galega non teña influído absolutamente nada -a través, por exemplo, das facultades de Educación e da Formación do Profesorado- na (necesaria) presenza da arte dramática (da expresión dramática, se se quere) nas escolas de infantil, primaria e secundaria do país... un cativo que non fai teatro (e música e deporte e...) na escola, non vai incorporar eses “virus” na súa vida de adulto... daquela, apenas se vai limitar e reducir ao consumo, adocenado e irreflexivo, daquilo que ao “sistema” e “poderes fácticos” lles peta ou convén, quizais, espurementemente...

### **Na dirección ou coordinación de mostras ou festivais de Teatro universitario**

#### 1. Cales eran os patrocinadores da mostra ou festival de teatro?

Nas mostras galegas: UV, Concello de Pontevedra, Deputación de Pontevedra e Caixa de aforros de Pontevedra (a orde de aparición non ten relación coas cantidades aportadas, que agora mesmo non sabería concretar), ademais da Universidade de Santiago e a Universidade da Coruña (alomenos asumían os gastos de desprazamento dos grupos). Nas mostras internacionais: UV, Concello de Pontevedra, Deputación de Pontevedra, Caixa de aforros de Pontevedra, aos que se sumaban a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia (e o IGAEM), Caja Madrid, ademais das universidades participantes (alomenos asumían os gastos de desprazamento dos grupos ata Galicia)... a isto habería que sumar colaboracións significativas que nunca figuraban, como restaurantes e hoteis (facían prezos moi especiais) e os medios de comunicación, que facían coberturas (prensa e radio) aínda hoxe difíciles de imaxinar... hai que pensar que daquela non existían teléfonos móbiles, internet nin redes sociais...

#### 2. Cales eran os espazos onde se desenvolvía?

A maioría dos espectáculos, sobre todo, no Teatro Principal de Pontevedra, tamén ían algúns ao Auditorio da Caixa de aforros de Pontevedra (para as mostras galegas) e, ocasionalmente, no salón de actos da Escola de Maxisterio.

#### 3. Cal era o obxectivo da mostra ou festival de teatro universitario?

“Mostrar” e “intercambiar” experiencias semellantes/análogas... feitas por universitarios... no caso do galego, tamén para que os grupos tivesen un espazo, unha referencia, para un traballo que morría tras apenas un par de funcións... No caso das internacionais, había “mostra”, pero intercambio, máis alá dos persoais, había pouco...

#### 4. Cal era o criterio de selección na programación?

No caso da galega, ningún especial... Coruña e Santiago mandaban os seus grupos de referencia (controlados por Chema Paz Gago e Roberto Salgueiro, respectivamente), pero tamén invitábamos ao grupo de Lugo (con Tareixa Campo) e a algún grupo de Facultade de Santiago (Eis...) que podían ter traballos acabados (non todos remataban a tempo)...



No caso das internacionais, faciamos saber da mostra ás universidades do Estado e Portugal, invitándoas a participar... moitas non tiñan actividade en marcha e non contestaban... outras, con certa traxectoria (Murcia, Alcalá...) respondían. No caso das de fóra do Estado, en principio, cursamos invitación a universidades coas que a UV tiña asinado convenio de colaboración (Campinas-Brasil...)... logo intentabamos artellar, en colaboración con Santiago e Coruña, unha programación coordinada para que, sobre todo as que viñan de máis lonxe, puidesen facer varias funcións nun prazo de tempo relativamente curto e así compensar os gastos e o esforzo do desprazamento...

### 5.5. SALVADOR DEL RÍO (Aula de Pontevedra)

Director da **Aula de Teatro de Pontevedra** e da Mostra Internacional de Teatro xunto á compañía **Ningures** desde o ano 1999 na que dirixe os espectáculos desde o curso 2003/04 ata o 2010, no que cesou a actividade da **Aula de Pontevedra**. Previamente dirixiu as montaxes da **Aula de Vigo** nos cursos 2001/02 e 2002/03. É Licenciado en Ciencias Económicas pola Universidade de Santiago de Compostela. Asistiu a numerosos cursos e seminarios de formación actoral. Participou como actor en numerosas montaxes profesionais e como director de escena en varias montaxes profesionais ademais das universitarias.

É actor de televisión en numerosas series para a TVG e de cine en varias películas.

É membro de **Teatro de Ningures** co que participa en todas as súas montaxes, con directores como Etelvino Vázquez ou Alberto Bokos, tamén actúa en **Produccións Teatrais do Sur**, en **Teatro do Morcego**, con direccións de Celso Parada ou Xan Cejudo, e no **CDG**, dirixido por Eduardo Alonso, Manuel Guede, Quico Cadaval, Keyzán ou Ricard Salvat, ademais doutras compañías. Comezou no grupo de **Teatro Aurín**. Foi director técnico do Festival de Teatro de Cangas.

## CUESTIONARIO

### Na dirección da Aula de Teatro Universitaria

1. De que departamento ou vicerreitoría depende a Aula de Teatro Universitaria?

Vicerreitoría de Extensión Universitaria.

2. Cales son os locais para ensaios das montaxes da Aula? Canto tempo duran eses ensaios en meses, días á semana e horas de ensaio?

Salón de actos ou platós da Facultade de Ciencias Sociais e salón de actos da Facultade de Belas Artes do Campus de Pontevedra.

O período de ensaios é de dous días á semana en sesións de dúas horas, durante cinco meses.

3. A elección da obra para montar é túa? Cal é o criterio para elixir unha obra?

Si. Os criterios son a adecuación ao número do grupo co que se traballa, as posibilidades da obra como elemento de aprendizaxe para os alumnos e a adecuación ao público ao que vai dirixida.

4. Que tipo de texto elixes: texto alleo, dramaturxia propia a partir dun texto previo, creación propia? Hai contribución do elenco?

Texto alleo, normalmente con pequenas adaptacións. Sen aportacións do elenco, por non ser este un obxectivo do curso.

5. Como se configura o elenco? Hai probas? Por orde de inscrición? Por matrícula?

Por matrícula, cun máximo de 15 alumnos.

6. Configuras o equipo de colaboradores? Para que parcelas adoitas contar con colaboradores: escenografía, vestuario, maquillaxe, iluminación, son...?

Si. Os colaboradores adoitan ser en escenografía, vestuario e tradución. O resto dos traballos da posta en escena son asumidos pola dirección.

7. Na túa opinión, cales son os ámbitos fundamentais da dirección escénica? En que fas fincapé nas túas montaxes?

A dirección escénica na universidade ten que ter en conta que estás traballando con actores e actrices con moi pouca experiencia, normalmente só tiveron un contacto previo co teatro escolar ou amator, por iso o principal obxectivo é que aprendan como é o proceso de posta en escena dunha obra teatral, desde as primeiras lecturas do texto até a exhibición diante do público, sempre desde o punto de vista actoral. Digamos que o fundamental é a comprensión do que están a facer e do lugar que ocupan nese proceso, fago fincapé na aprendizaxe do oficio actoral.

8. Consideras que ten unha liña a Aula de Teatro que dirixes? Pensando na túa traxectoria, destacas un discurso teatral? Consideras que hai recorrencias nas túas postas en escena?

Se hai unha liña está baseada no teatro de texto, onde o fundamental é o actor, a interpretación e as relacións entre personaxes, seguramente pola miña experiencia como actor.

9. Algún ou algúns dos espectáculos dirixidos por ti tiveron unha significación ou valor especial? Por que?

Todos tiveron algo especial, todos foron diferentes, e a diferenza viña marcada xa de inicio porque os elencos son moi cambiantes dun ano para outro.

10. Recoñeces influencias na túa dirección? Tes referentes na dirección?

Moitas... Dos directores cos que traballas habitualmente e de todos os espectáculos que tes a oportunidade de ver...

11. Unha vez estreado o espectáculo, fas seguimento ou cambios nas funcións?

Si. Forma parte da aprendizaxe os cambios despois de enfrontarse por primeira vez ao público, na estrea.

12. Que aspectos do sistema teatral universitario galego afectan especialmente ás túas direccións? (infraestruturais, económicos, humanos, produtivos, espaciais, culturais, formativos...)

A Universidade aporta os medios económicos e os espazos para ensaios, formación e exhibición, a responsabilidade do proceso formativo, as postas en escena e a organización das mostras recae sobre nós.

13. Algo que consideres relevante e que se omitiu nas preguntas?

### Na dirección ou coordinación de mostras ou festivais de teatro universitario

1. Cales son os patrocinadores da mostra ou festival de teatro?

A Universidade de Vigo, Concello de Pontevedra (na cesión de espazos).

2. Cales son os espazos onde se desenvolve?

Salón de actos da Facultade de Ciencias Sociais e Teatro Principal de Pontevedra.

3. Cal é o obxectivo da mostra ou festival de teatro universitario?

Dar a coñecer a os traballos realizados neste ámbito á cidadanía, coñecer o que se está a facer nas outras universidades, favorecer o intercambio de experiencias entre os alumnos desta coas outras universidades.

4. Cal é o criterio de selección na programación?

Preferencia para as aulas de teatro universitarias de Galicia, traer tamén montaxes do resto do Estado e tamén montaxes internacionais, en colaboración coa MITEU de Ourense.

### 5.6. ÁNXELES CUÑA (Aula de Teatro de Ourense)

Fundadora e directora da **Aula de Teatro Universitaria de Ourense** desde 1991/92 a 1993/94. Dirixe a Mostra de Teatro Universitario galego de Ourense do ano 1994. É fundadora e directora da compañía de teatro **Sarabela**. Licenciada en Ciencias da Educación. Diplomada pola Escola de Expresión de Barcelona. Exerce como orientadora na Universidade Laboral ata o ano 2016 no que é elixida deputada no Parlamento de Galicia e foi profesora de Lingua e Literatura. Dirixiu máis de cincuenta espectáculos e recibiu numerosos premios á dirección e á dramaturxia como o María Casares en varias ocasións, o premio FETEN de Xixón ou o Celestina da Crítica de Madrid. Recibiu ademais o premio Xiria da Mostra de Cangas e xunto a **Sarabela** o Abrente da Mostra de Ribadavia ou o da Cultura de Galicia. É tamén autora teatral. Foi directora e axudante de dirección en montaxes do **CDG** e directora do propio **Centro Dramático**.

É fundadora e directora do FITO (Festival Internacional de Teatro de Ourense). É ademais relatora en diversas universidades e ten numerosos artigos en revistas especializadas.

## CUESTIONARIO

### Na dirección da Aula de Teatro Universitaria

1. De que departamento ou vicerreitoría depende a Aula de Teatro Universitaria?

Vicerreitorado de Relacións Exteriores da Universidade de Vigo.

2. Cales son os locais para ensaios das montaxes da Aula? Canto tempo duran eses ensaios en meses, días á semana e horas de ensaio?

Ensaíabamos nos espazos que a Escola de Maxisterio puña á nosa disposición. Aulas e salón de actos.

3. A elección da obra para montar é túa? Cal é o criterio para elixir unha obra?

Si, eu era a responsable de elixir a obra, pero sempre co consenso do grupo. A elección tiña que ser estimulante e motivadora para todas/os.

Empregamos criterios didácticos e inclusivos. Relacionados cos obxectivos da Aula. Por riba de todo, pedagóxicos. Desenvolver a creatividade, potenciando a fluidez, a flexibilidade, a orixinalidade e a elaboración. Comprometerse dun xeito crítico coa sociedade e as inquietudes do tempo no que se crearon as montaxes. Desenvolver capacidades como a combinatoria, a resolución de conflitos, a autoestima, aprender a traballar en equipo e sobre todo potenciar a capacidade de comunicación.

Tratábase tamén de que todas as persoas que decidían apuntarse a esta actividade, tivesen cabida, independentemente da área na que se implicasen. O importante neste nivel de aprendizaxe, consideramos que era o proceso de creación non tanto o resultado que tamén era un reto e un estímulo, pero a finalidade non foi crear un forno de “actores e actrices”, senón valorar e coñecer as múltiples posibilidades que as artes escénicas nos ofrecen como ferramentas educativas con virtualidades propias e únicas. O que si aconteceu, naqueles tempos nos que non había Escola de Arte Dramática, foi que algunhas das persoas que comezaron en Maricastaña, ao cabo dos anos acabaron adicándose profesionalmente ás artes escénicas e ao audiovisual.

4. Que tipo de texto elixes: texto alleo, dramaturxia propia a partir dun texto previo, creación propia? Hai contribución do elenco?

1992: *O sangue do tempo*, de García Pintado.

1993: *Amantes e outros estraños*, sobre textos de T. Williams, P. Highsmith, Dario Fo, Franca Rame e A. Cuña.

1994: *Caleidoscopio e faros de hoxe*, de Sergi Belbel.

Tan só estiveron tres anos dirixindo a Aula Universitaria de Ourense. Deunos tempo a facer unha posta en escena cada ano.

O primeiro foi *O sangue do tempo* de Ángel García Pintado. Obra que permitía a participación activa dos máis de vinte alumnos e alumnas que se matricularon. Reunía todos os requisitos. Humor e percorrido crítico por temas como as relacións de parella e familiares, a incomunicación, as clases privilexiadas, a solidariedade e a educación afectiva.

O segundo, *Amantes e outros estraños* foi unha creación colectiva na que se empregaron textos de varios autores e da propia directora. Sempre pensados para os espectadores/as a quen nos iamos dirixir. Complexo e estimulante exercicio de composición que axudou a madurar e cohesionar o equipo.

A terceira foi *Caleidoscopio e faros de hoxe*. Do premio Marqués de Bradomín para autores emerxentes, neste caso Sergi Belbel, ao redor da figura de Virginia Woolf (autora que nos interesaba especialmente). Exploración de novas linguaxes teatrais contruídas sobre unha formación académica moi sólida. Obra dunha grande eficacia técnica. Esixente para a recepción e fascinante fragmentación da vida e obra dunha das feministas máis salientables da nosa historia recente.

5. Como se configura o elenco? Hai probas? Por orde de inscrición? Por matrícula?

O grupo humano foi extraordinario. Tiñan un grao altísimo de motivación e de xenerosidade, de tal xeito que non era necesario facer probas. Elixir un reparto sempre é unha decisión difícil, pero neste nivel universitario, consideramos que a sensibilización fundamental consistía tamén en facer fincapé en que todas as contribucións son valiosas. Porén non crear atmosfera de competitividade é unha necesidade. O clima ten que ser solidario e todas e todos poñémonos ao servizo da obra, sen alimentar vaidades.

6. Configuras o equipo de colaboradores? Para que parcelas adoitas contar con colaboradores: escenografía, vestuario, maquillaxe, iluminación, son...?

A min chamoume o director da Escola de Maxisterio (Ramón Ángel Fernández Sobrino), e comecei eu soa a dar clases de Expresión Dramática. O programa foise incrementando, xa que presentei un proxecto con tres niveis de ensino (iniciación, medio e de perfeccionamento) con obradoiros impartidos polo equipo de colaboradores/as que comezaron a traballar en interpretación, corpo, voz, máscaras e dramaturxia. Colaboradoras/es de Sarabela Teatro.

Tamén propuxemos, en coordinación coas outras aulas de teatro universitario de Pontevedra, Santiago e A Coruña, a creación de mostras de teatro universitario galego. Creo que foi o xermolo dun circuío que grazas ao traballo, o talento e a vontade das persoas que colleron despois o timón –como Fernando Dacosta–, dimensionaron dun xeito extraordinario esta iniciativa tan importante como necesaria.

Cara ás postas en escena, o mesmo grupo de alumnas/os contribuíron a crear todos os signos escénicos, aportando os deseños de vestuario, escenografía, campo sonoro e luz. A ventaxa enorme foi que ao ter o apoio dunha compañía como **Sarabela Teatro**, permitiu reutilizar materiais e infraestruturas que abarataban custos e ademais facilitaron o traballo técnico.

7. Na túa opinión, cales son os ámbitos fundamentais da dirección escénica? En que fas fincapé nas túas montaxes?

En catro ámbitos: interpretación, espacialización, harmonización do conxunto e creación do sentido.

8. Consideras que ten unha liña a Aula de Teatro que dirixes? Pensando na túa traxectoria, destacas un discurso teatral? Consideras que hai recorrencias nas túas postas en escena?

A min gústame falar de poética. O teatro universitario é un auténtico banco de probas moi gratificante e a un tempo moi esixente. Claro que é imprescindible ter un discurso e unha visión que se relacionan coa propia tradición cultural, metodoloxías, influxos e mesmo coa nosa personalidade. Si, creo que houbo liña na Aula.

A miña traxectoria é moi longa. Levo corenta anos amando e exercendo o oficio. Mudaron moito os tempos e eu mesma. O que resulta vital, como o aire que respiramos, é esa enerxía, esa vontade impresionante que nos atrae coma un imán, é unha paixón inevitable. Si hai recorrencias, aínda que cada proceso creativo é singular. Resolvemos evocacións, diriximos aos actores e actrices con imaxes ou consignas, empregamos técnicas peculiares e estamos preñadas de ideas. Interpretamos ou elaboramos dramaturxias en colaboración co equipo. Creamos metodoloxías sintetizando experiencias e exercicios físicos e vogais diferentes para cada posta tamén diversa.

9. Algún ou algúns dos espectáculos dirixidos por ti tiveron unha significación ou valor especial? Por que? Creo que si porque significaron o nacemento dun grupo. Foi unha sementeira. Agromaron traballos moi vivos porque a demanda e a querencia dos alumnos e alumnas que non pararon ata conseguir ter a actividade teatral era intensa, alegre e altamente gratificante.

10. Recoñeces influencias na túa dirección? Tes referentes na dirección?

A verdade é que fun moi autodidacta e tiven poucos mestres, por iso sempre busquei ferramentas didácticas. Beneficieime de moitos e moitas persoas que me ensinaron técnicas de corpo, voz, interpretación, dramaturxia, Comedia da Arte, teatro textual e xestual, pero dun xeito pouco sistemático e máis ben en obradoiros. Fixen a distancia os tres anos da Escola de Expresión de Barcelona. Formación interesante para teatro escolar e universitario. As influencias veñen tamén de ver espectáculos ou da biblioteca imaxinaria e real. Quedei moi impactada vendo (ano 76) Living Theatre, postas en escena de Víctor García. Seguía con fervor a Peter Brook e lía a Artaud, Brecht, Müller e vía en vídeo obras de Kantor, Bob Wilson ou Ariane Mnouchkine.

Pina Baush produciume un impacto emocional grande, foi a descuberta de que o teatro era algo máis que un texto e historias convencionais.

Anne Bogart, Stein ou Lepage si son referentes de estilos de dirección que coñecín e que me influíron para construír universos de ficción.

11. Unha vez estreado o espectáculo, fas seguimento ou cambios nas funcións?

Sempre. As obras son criaturas vivas. Por moi feitiñas que nazan, hai que nutrilas, darlles moitas vitaminas para que medren vizosas e latexen con forza.

12. Que aspectos do sistema teatral universitario galego afectan especialmente ás túas direccións? (infraestruturais, económicos, humanos, produtivos, espaciais, culturais, formativos...)

Eu fundei e dirixín tres anos a Aula de teatro Universitaria de Ourense en 1992, non ten moito sentido que opine en presente xa que pasaron vintecinco anos. Creo que o ecosistema teatral universitario actual padece o mesmo ataque que os demais sectores da nosa cultura, desde 2009 ata hoxe a redución do 65% fai que a precariedade, a estabilidade e a desestruturación sexan tres problemas urxentes que solidariamente temos que resolver.

13. Algo que consideres relevante e que se omitiu nas preguntas

Si engadiría a frase de Newton: “Se vexo lonxe é porque vou a ombreiros de xigantes”. Con iso quero dicir que formo parte dun proxecto común, **Sarabela Teatro** e que é un orgullo contribuír co mellor de nós a que o teatro florezca no noso país.

### Na dirección ou coordinación de mostras ou festivais de teatro universitario

1. Cales son os patrocinadores da mostra ou festival de teatro?
2. Cales son os espazos onde se desenvolve?
3. Cal é o obxectivo da mostra ou festival de teatro universitario?
4. Cal é o criterio de selección na programación?

### 5.7. FERNANDO DACOSTA (Aula de Teatro Universitaria de Ourense)

Director da **Aula de Teatro** desde o curso 1994/95 ata a actualidade (2017). Funda e dirixe a MITEU desde o ano 1996. Funda e dirixe a MOTI desde o ano 2004. É Licenciado en Filoloxía Hispánica e ten unha memoria de investigación de doutoramento en Literatura española e Teoría da Literatura sobre teatro. É actor e membro da compañía de teatro **Sarabela** coa que participa en todas as súas montaxes con dirección de Ánxeles Cuña e recentemente tamén de Fina Calleja ou Helena Pimenta. Participou en varias obras do **CDG** con dirección de Salvat, Planella, Guede, Mangolini ou Cadaval ademais da propia Cuña. Fundou e dirixiu o grupo **Eis** de Filoloxía. Dirixiu montaxes do grupo do Colexio Maior Fonseca, o grupo **Trécola Teatro**, **Sarabela** ou **Talía**. É autor e dramaturgo teatral. Participa en series de televisión para TVG, A3, TP ou TVE, tamén fixo cine. Recibiu numerosos cursos de formación actoral e tamén impartiu. Fai ponencias e ten publicacións en revistas especializadas de teatro. Ten recibido premios como actor (María Casares, FETEN, Compostela) e director. Con **Sarabela** é Premio da Cultura de Galicia.

### CUESTIONARIO

#### Na dirección da Aula de Teatro Universitaria

1. De que departamento ou vicerreitoría depende a Aula de Teatro Universitaria?

Da Vicerreitoría de Extensión Universitaria da UV. No ano 2004 pasou a depender da Vicerreitoría do Campus de Ourense.



2. Cales son os locais para ensaios das montaxes da Aula? Canto tempo duran eses ensaios en meses, días á semana e horas de ensaio?

Os espazos de ensaios pasaron no curso 94/95 de Maxisterio aos edificios do Campus. No pavillón nº1 tiñamos uns seminarios, como habitacións grandes, ata o curso 96/97. Nese curso limpamos un espazo que era a antiga capela (tiña mesmo confesionarios) e tiramos moito lixo para poder ter un espazo grande onde ensaiar. Uniuse unha sala para cursos que nos habilitaron e que era perfecta, negra, con corcho... Iso durou uns anos ata que rehabilitaron o edificio e pasamos á antiga capela, pero compartida con educación física, polo que era máis xeitosa pero con espellos e sen poder gardar material. Engadiuse unha sala de ensaios noutro edificio que ten aparelado un almacén pequeno pero moi útil. Esa nova sala é tamén para exames, conferencias... polo que as escenografías había que movelas en cada ensaio. Por fin, a partir do curso 2011/12 temos tamén un espazo na Residencia de estudantes, habilitado e con posibilidades de deixar a escenografía. Non ten boa perspectiva desde dirección, pero é moi correcto.

3. A elección da obra para montar é túa? Cal é o criterio para elixir unha obra?

Si. Entendo que é un dos labores da dirección, pero tratando sempre de involucrar a todo o grupo, tendo en conta as idades dos actores e actrices e os receptores habituais do teatro que facemos. A elección de obra depende dos tempos, do que respiramos, oímos e vemos. Unha historia que estea en consonancia cos tempos.

4. Que tipo de texto elixes: texto alleo, dramaturxia propia a partir dun texto previo, creación propia? Hai contribución do elenco?

O máis habitual, desde hai moitos anos, é facer unha dramaturxia a partir de textos narrativos, desde os *Crimes exemplares* de Aub, ata novelas de Auster, Orwell, Bradbury, Baricco, Calvino... Outra vía son as escritas orixinais (van 2 nestes anos) ou obras de teatro pero cun traballo de dramaturxia profundo. Hai cambios estruturais e adaptación do texto ao elenco. As actrices e actores tamén aportan.

Escoitas, observas, sentes... e un día aparece aquela historia que cres que pode ser de interese para quen se achegue ao teatro. Pode ser política, pode ser poética, pode ser cómica... é a historia a que leva.

O traballo comeza cunha improvisación dirixida onde os actores entran na atmosfera da obra, despois vén un periodo de improvisacións ao redor da obra, e finalmente a elaboración do texto definitivo. No momento das improvisacións xa se recollen aportacións interesantes, pero co texto definitivo tamén fan cambios e aportacións nos seus apoios, en simplificacións, en intencións a través do texto...

5. Como se configura o elenco? Hai probas? Por orde de inscrición? Por matrícula?

Hai unha matrícula que deben cumprimentar. Vai por orde de inscrición no primeiro curso que ten vinte prazas. Cóbrense habitualmente e se hai máis demanda procúrase acoller a todos aqueles que queren facer teatro. Os de segundo curso deben ter realiza-



do primeiro curso ou ter unha formación teatral noutras aulas ou en grupos teatrais. O terceiro nivel recibe aos de segundo curso e a aqueles alumnos que queren continuar máis anos.

A Aula infantil recibe aos que se matriculan nela. Ao ter catro grupos, en relación co número de universitarios que hai no Campus de Ourense, todas aquelas persoas que queren entrar na Aula poden facelo. Non hai probas.

6. Configuras o equipo de colaboradores? Para que parcelas adoitas contar con colaboradores: escenografía, vestuario, maquillaxe, iluminación, son...?

Si. Hai un equipo de colaboradores para vestuario, iluminación, as parcelas técnicas e o deseño gráfico de cartel e programa, ademais da realización de escenografía se se precisa. O espazo escénico e deseño de escenografía, a música seleccionada e editada para o espectáculo e a dramaturxia é asumida pola dirección.

7. Na túa opinión, cales son os ámbitos fundamentais da dirección escénica? En que fas fincapé nas túas montaxes?

O teatro é o actor/actriz e viceversa. Pero a ese actor hai que darlle unha boa historia, un espazo posible, unha roupa, unha luz, un son que o siga e o eleve... O conxunto é o marabilloso.

O actor/actriz é poesía, é sentimento, é fala, é riso, é a metáfora das nosas vidas. É o que require a máxima atención desde a dirección, polo tanto. Hai que escoitalo sempre. E dirixilo, claro.

Para empezar a dirección de actores hai que darlles unha lectura do texto, un espazo posible, as intencións, suxerir accións... Seguindo cos actores facer un bo reparto.

O tratamento do espazo, como solucionar, como impulsar, como reflectir a historia espacialmente, conseguir as metáforas espaciais.

Harmonizar as diversas linguaxes que se superpoñen significamente: a luz, o son, os elementos como vestuario, atrezzo, maquillaxe.

O ritmo, as énfases, os xiros...

Propiciar unha boa dinámica de grupo, dar ritmo ao traballo cos actores, coordinar o equipo de colaboradores e estimulalo...

No caso da Aula de Teatro continúa tamén o labor no caso da xira e da convivencia dos actores no traballo e no lecer.

Recompilación de vida, idea, coñecemento do grupo, dramaturxia, reparto, dirección de actores/actrices, son, espazo, tempo-ritmo, iluminación, emocións (transversal), énfases, precisión, búsqueda constante que só se detén na última función.

8. Consideras que ten unha liña a Aula de Teatro que dirixes? Pensando na túa traxectoria, destacas un discurso teatral? Consideras que hai recorrencias nas túas postas en escena?

Cada historia procura unha forma diferente para ser contada, varía o estilo, polo tanto, a forma, os recursos utilizados... con cada historia búscase tamén unha reacción, por parte do espectador, diferente.

Porén hai ‘marcas da casa’ como a utilización da práctica totalidade do elenco en escenas corais (dese xeito as actrices e actores están activos en case toda a montaxe), a música como estímulo para as emocións, a utilización de espazos metonímicos e polivalentes, a procura no espectador do tránsito de emocións (o humor que teña presenza nalgún momento, o pranto case asegurada a súa presenza, o compromiso sempre), ao facer obras cun gran número de personaxes cada actor adoita facer varios papeis agás aqueles que teñen un papel que percorre toda a obra ou que son especialmente significativos.

En canto a liñas, o compromiso social e político, o estudo do ser humano e as súas reaccións segundo as súas circunstancias.

9. Algún ou algúns dos espectáculos dirixidos por ti tiveron unha significación ou valor especial? Por que?

As montaxes que clasifico dentro do futuro adverso ou distopía, *O país das últimas cousas* (1999), *Fahrenheit 451* (2002), *84* (2008) ou *Un novo mundo feliz* (2012) creo que me mobilizan especialmente.

Tamén a triloxía do monstro: *Totem* (2004. O monstro non existe pero utilízase para conseguir unha fin), *Frankenstein* (2005. O monstro créase), *Hide* (2009. O monstro está dentro de un mesmo).

Nos dous casos trátase dun discurso escénico que dura anos.

Tamén a triloxía de Calvino da que levo só dúas partes (*Rampante* (2006) e *Demediado* (2016)).

Curte facer unha acción teatral como *Perfusión* (2003). 50 actores, 20 músicos, espazos interiores e prazas da cidade, equipos técnicos en cada lugar... Repetiuse a experiencia con *Schenghen* (2011) e *Arca* (2015) ou outras experiencias dese tipo.

Xa de sala, o atrevemento de *O País das últimas cousas* ou a contundencia de *Frankenstein*, a unión coa técnica en *Odisea espacial*... todo suma. Mesmo cada unha das adaptacións para cada un dos espazos onde actuamos. Iso parécese fundamental. Pero amas a todas as fillas e fillos.

10. Recoñeces influencias na túa dirección? Tes referentes na dirección?

A entrada en Sarabela, o traballo con Ánxeles Cuña.

A partir de aí o traballo actoral, de dirección ou de dramaturxia, tanto en cursos, con grandes profesionais, como na táboa.

Pero sobre todo, a vida, propia e allea.

11. Unha vez estreado o espectáculo, fas seguimento ou cambios nas funcións?

Si. Tomo notas en cada función e hai observación da reacción do público. Poden introducirse cambios. O traballo é continuo ata a última representación.

12. Que aspectos do sistema teatral universitario galego afectan especialmente ás túas direccións? (infraestruturais, económicos, humanos, produtivos, espaciais, culturais, formativos...)

Un espazo soñado ten que acabar sendo mercado. A imaxinación é marabillosa e pode abaratar, pero o que imaxinas ten que ‘estar’ tamén. E ten que entrar nunha furgoneta

ou nun autobús e poder montarse nunhas horas determinadas tendo en conta os cansazos das viaxes, e non pesar demasiado e entrar en salas pequenas e grandes teatros. Estou a falar de economía (Horacio, economía) e de tempos, neste caso.

Afecta a economía, o vehículo no que se traslada a escenografía e os espazos onde vai ser montada. Afecta o elenco que se teña e os tempos para adicarse ao teatro dese elenco. Culturalmente temos uns referentes, e debemos ser capaces de xogar con eles e trasladalos a quen o vaia recibir (se non nos facemos entender, se non hai acto de amor/comunicación cara o espectador/a estamos sendo onanistas).

A formación, por suposto, a que temos, aínda que ás veces ousamos traballar coa que soñamos, tamén.

13. Algo que consideres relevante e que se omitiu nas preguntas

-

### **Na dirección ou coordinación de mostras ou festivais de teatro universitario**

1. Cales son os patrocinadores da mostra ou festival de teatro?

Campus de Ourense (Universidade de Vigo), Concello de Ourense (Cultura. Auditorio Municipal), Deputación Provincial de Ourense (Teatro Principal), Xunta de Galicia (IGAEM ou Secretaría Xeral de Cultura).

2. Cales son os espazos onde se desenvolve?

Teatro Principal, Auditorio Municipal, Campus (sala Pardo Bazán, antiga capela...) rúas da cidade, diversos locais da cidade.

3. Cal é o obxectivo da mostra ou festival de teatro universitario?

Dar a coñecer o teatro universitario que se fai en Galicia, España e Portugal. Amosar o teatro de procedencias diversas e dar a coñecer con iso a súa sociedade e cultura. Procurar o intercambio e o coñecemento de procesos, de técnicas, de vida, onde se involucra ás alumnas e alumnos da **Aula** e ós espectadores.

4. Cal é o criterio de selección na programación?

Hai varios.

1. As representacións dos grupos que conforman a Aula de Teatro de Ourense e, desde hai uns anos, a Aula de danza do Campus de Ourense.

2. A programación das aulas galegas (e nalgunha ocasión tamén grupos universitarios de Galicia).

3. Aulas ou grupos universitarios españois e portugueses que presenten espectáculos de interese e/ou que poidan facer intercambio coa Aula de Ourense de cara a representacións nos seus campus.

4. As voces acaladas, unha liña na que se programan grupos de países en conflito e que teñen unha realidade por contar, por transmitir, máis aló do que aparece nos medios de comunicación (adoitan ir estas representacións aparelladas a charlas e coloquios).

5. O humor, cunha certa disposición ao humor acedo e crítico.
6. Espectáculos que polo seu formato, estilo ou contido non virían doutro xeito á cidade e non poderían ser vistos pola cidadanía.
7. Buscar procedencias que non estiveran anteriormente na Mostra.

### 5.8. MARIBEL GONZÁLEZ MUÑOZ (Aula de Teatro de Vigo)

Directora da **Aula de Teatro de Vigo** desde o curso 1993/94 ata o curso 1997/98 coa que monta varios espectáculos. A primeira montaxe da **Aula de Vigo** é súa. Coordina as tres primeiras edicións da Mostra de Teatro universitario de Vigo.

Licenciada en Filosofía e Letras (Pedagogía, Educación especial). É Directora de **Vagalume** colectivo de aventuras teatrais. Foi profesora de interpretación textual e xestual da RESAD de Madrid, da ESAD de Vigo, da Escola Municipal de Teatro de Albacete (da que foi directora) e das municipais de Vigo e Cangas. Exerce a docencia tamén na Escola de Danza de Madrid. Dirixe diversos espectáculos teatrais e organiza cursos de formación teatral. Organiza festas antropolóxicas e populares (entroido, maios, a reconquista de Vigo) e dirixe eventos de animación teatral.

Traballa como axudante de dirección no **Teatro Laboratorio de Grotowski**. Actúa en grupos como **El gallo Vallecano**, **Denok**, **Chirulirulí** ou no **CDG**.

Desde 1982 traballa regularmente con Rena Mirecka (actriz de Grotowski). Ten formación en ioga Iyengar e antropoloxía teatral.

## CUESTIONARIO

### Na dirección da Aula de Teatro Universitaria

1. De que departamento ou vicerreitoría dependía a Aula de Teatro Universitaria cando se creou?  
Extensión universitaria.
2. Cales eran os locais para ensaios das montaxes da Aula? Canto tempo duraban eses ensaios en meses, días á semana e horas de ensaio?  
Os primeiros 2 anos no reitorado na universidade rúa Oporto. Despois na asociación de veciños de Sardoma (2 anos) e os 2 anos últimos na escola de enxeñeiros industriais na rúa Torrecedeira. Facíanse 4 horas semanais de outubro a xuño.
3. A elección da obra para montar era túa? Cal era o criterio para elixir unha obra?  
Os talleres estaban centrados no desenvolvemento da creatividade do grupo. Fixéronse montaxes con creación colectiva baixo a miña tutelaxe. Fixemos para o carnaval *Carnala* na rúa sobre o texto medieval *Don carnal e dona Cuaresma* adaptación de José Luis Alonso de Santos, ano 1993. *Carnaval*, anos 1994-5, *O tolo na rúa* sobre textos de Castelao, *Sabela* representado na praza de Compostela, na praza de Portugal, na universidade, no campus e na escola de enxeñeiros. Espectáculo de nadal *Reis*

*magos e Papa Noel* representado en orfanatos de Vigo e no Barco de Valdeorras. O espectáculo *Celsa o anxo e a morte* sobre textos de Seoane, representado no monte do Castro e no Festival universitario (1994-1995). Aquí tes ti tamén os programas por se a miña memoria falla. No 1995 participamos no enterro da sardiña no desfile do Concello de Vigo e espectáculo final, tamén fixemos pasarrúas e espectáculo de participación coa xente no Concello de Allariz. No 1996 *Alicia no Carnaval* adaptación de *Alicia no país das marabillas* representado na Asociación do Monte da Mina (Castrelos). No 1997 adaptación de *Ligazon* de Valle Inclán que fixemos no campus da universidade e no festival de Oporto. No 1998 adaptación do *Fausto* de Goethe en colaboración coa R.E.S.A.D. No 1999 adaptación da *Reina das neves*.

4. Que tipo de texto elixías: texto alleo, dramaturxia propia a partir dun texto previo, creación propia? Había contribución do elenco?

Non había elenco, eran os alumnos da Aula de Teatro da universidade. Faciamos improvisación sobre dramaturxia propia, sobre os textos de autores antes enumerados.

5. Como se configuraba o elenco? Había probas? Por orde de inscrición? Por matrícula?

Eran todos os alumnos, por iso faciamos dramaturxia propia para que todos colaborasen (de media 17 persoas por ano).

6. Configurabas o equipo de colaboradores? Para que parcelas adoitabas contar con colaboradores: escenografía, vestuario, maquillaxe, iluminación, son...?

Todo o faciamos nós, non tiñamos presuposto para colaboradores.

7. Na túa opinión, cales son os ámbitos fundamentais da dirección escénica? En que facías fincapé nas túas montaxes?

O traballo colectivo. Cunha posta en escena circular (traballabamos no medio do público tanto na rúa como no interior). É dicir, unha posta en escena contemporánea e rompendo a cuarta parede case sempre, con momentos de apertura á colaboración do público, o máis propiamente chamado “testimonio”. Todo isto con propostas de accións escénicas dos actores dinamicamente montadas e co traballo do texto e as súas intencións tamén fixadas.

8. Consideras que tiña unha liña a Aula de Teatro que dirixías? Pensando na túa traxectoria, destacas un discurso teatral? Consideras que hai recorrencias nas túas postas en escena?

Si. A creación de improvisación dos actores buscando achegarse á idea do texto do autor xunto a propostas miñas para finalizar o proceso teatral coa orde das escenas nunha montaxe onde había momentos para a participación do público e de novo a toma das escenas polos actores tamén coa miña presenza nos espectáculos.

9. Algún ou algúns dos espectáculos dirixidos por ti tiveron unha significación ou valor especial? Por que?

Todos porque o importante para min é traballar coa xente que hai en cada momento e contar coa súa motivación e nivel artístico.

10. Recoñeces influencias na túa dirección? Tes referentes na dirección?

Teño referentes no teatro laboratorio de J. Grotowski e tamén de Stanislavski.

11. Unha vez estreado o espectáculo, facías seguimento ou cambios nas funcións?

Si.

12. Que aspectos do sistema teatral universitario galego afectaron especialmente ás túas direccións? (infraestruturais, económicos, humanos, produtivos, espaciais, culturais, formativos...)

Económicos e humanos.

13. Algo que consideres relevante e que se omitiu nas preguntas

O esforzo por facer unha ponte no teatro galego entre a nosa cultura e a modernidade.

### **Na dirección ou coordinación de mostras ou festivais de teatro universitario**

1. Cales eran os patrocinadores da mostra ou festival de teatro?

A Universidade de Vigo.

2. Cales eran os espazos onde se desenvolvía?

No auditorio do Concello de Vigo e o último ano, como ti sabes, nos Salesianos.

3. Cal era o obxectivo da mostra ou festival de teatro universitario?

Intercambio nas aulas, coñecemento do teatro sudamericano, e todo iso transmitillo ao pobo galego.

4. Cal era o criterio de selección na programación?

Nas aulas do teatro universitario.

### **5.9. PEPA BARREIRO (Aula de Teatro de Vigo)**

Directora da **Aula de Teatro universitario de Vigo** desde o curso 2003/04. No 2002/03 dirxiu a montaxe da **Aula de Pontevedra**. É Diplomada en Profesorado en Santiago de Compostela. É actriz, directora e dramaturga. Fórmase como actriz con diferentes mestres como Etelvino Vázquez, Helena Ferrari, Shelma Shoregui, Vicente Fuentes, Mar Navarro, Fabio Mangolini, Roxana Pineda o Nuria Inglada.

Cofundadora en 1986 da compañía **Teatro de Ningures** (Cangas de Morrazo) coa que actúa nas súas montaxes.

Funda en Vigo, xunto a Maribel González Muñoz, o **Colectivo Vagalume, Aventuras Teatrais**. Traballou en varias compañías teatrais (**A Factoría Teatro, Produccións Teatrais do Sur, Teatro do Morcego, Dobre Xiro Danza** ou **Centro Dramático de Viana do Castelo**, entre outras) e no Centro Dramático Galego.

## CUESTIONARIO

### Na dirección da Aula de Teatro Universitaria

1. De que departamento ou vicerreitoría depende a Aula de Teatro Universitaria?

A Aula de Teatro da Universidade de Vigo depende da Vicerreitoría de Extensión Universitaria.

2. Cales son os locais para ensaios das montaxes da Aula? Canto tempo duran eses ensaios en meses, días á semana e horas de ensaio?

Despois de pasar por un almacén de libros e unha oficina do aulario, actualmente traballamos na sala de ioga no edificio de deportes. Contamos con sesenta horas para preparar a montaxe, quedamos dous días á semana, tres horas por día. Comezamos en febreiro e dependendo do calendario rematamos a mediados ou a finais de abril.

3. A elección da obra para montar é túa? Cal é o criterio para elixir unha obra?

Si, elixo eu no que imos traballar. Se teño máis dunha proposta doulles a elixir. O criterio fundamental é o elenco co que vou contar, que está composto por xente de anos anteriores e a que se matricula no novo curso. Penso que é importante que a participación sexa o máis equitativa posible, que non haxa un protagonista e un coro, aínda que poida haber escenas con esa estrutura. Procuro buscar temas que lles poidan interesar ou que sexan actuais, claro que teñen que ser temas que tamén me interesen a min. Para min o máis importante é achegar ás persoas que participan na Aula ao teatro e que comprendan e vivencien que é un traballo grupal no que cada participante é importante e que o resultado é responsabilidade de tod@s.

4. Que tipo de texto elixes: texto alleo, dramaturxia propia a partir dun texto previo, creación propia? Hai contribución do elenco?

Sempre parto dun texto ou textos previos. En ocasións elixo escenas de diferentes obras e logo únoas cun fio condutor, que pode ser acción ou outro texto (*Zapping* do ano 2010, VVAA); outras veces parto dun texto clásico ou contemporáneo facendo case sempre intervencións nel, xa sexa eliminando escenas ou engadíndolle outros textos (*Propietarios* a partir de *Animaliños* de Roberto Vidal Bolaño no 2013 ou *A Casa de Bernarda Alba* no ano pasado); incluso fixen una dramaturxia da obra filosófico poética *La Tumba de Antígona* de María Zambrano no 2012 (*Antígona*). Non sigo un único camiño, cada ano xorde algo, tendo sempre como punto de partida ao elenco e o tema ou temas que se respiran no ambiente ou eu teño presentes polo que sexa, no é moi premeditado, ou alomenos moi conscientemente, manda o momento como por exemplo o ano de Roberto [Vidal Bolaño. Adicóuselle no ano 2013 o día das Letras Galegas].

5. Como se configura o elenco? Hai probas? Por orde de inscrición? Por matrícula?

O elenco compóñeno as persoas que quedan de anos anteriores e as que se matriculan ese ano. Nunca deixo a ninguén fóra. A selección é “natural” e baséase na dispoñi-



bilidade de horarios, que cada vez é máis complicada por causa dos novos plans de estudo e que non hai un calendario de prácticas preestablecido. O número de persoas que compoñen o elenco varía moito, dende cinco até dezaseis. Digamos que o emprazamento do lugar de ensaios non nos facilita o traballo e tamén funciona como elemento selectivo.

6. Configuras o equipo de colaboradores? Para que parcelas adoitas contar con colaboradores: escenografía, vestuario, maquillaxe, iluminación, son, ...?

O vestuario e maquillaxe normalmente realizámoslos os compoñentes da Aula, a selección musical é miña, se teño que facer algo moi específico a nivel son si que elixo eu quen o fai e a iluminación fana os técnicos de Ningures o mesmo día da estrea por cuestións económicas e de espazo. A escenografía tento que sexa o máis sinxela posible xa que non contamos con espazo para gardar nin vestuario nin atrezzo e menos escenografía. Só contamos con dous, ao sumo tres, días para ensaiar no teatro.

7. Na túa opinión, cales son os ámbitos fundamentais da dirección escénica? En que fas fincapé nas túas montaxes?

Aínda que trato de prestarlle atención ao espectáculo na súa totalidade, o que máis tempo e enerxía me leva é o traballo actoral. Un pouco polas circunstancias externas (espazo, duración do curso, cuestións económicas e expectativas dos participantes) e evidentemente pola miña inclinación persoal. De poder contar con máis colaboradores prestaríalle unha atención especial á dramaturxia no conxunto do espectáculo, paréceme fundamental para o teatro. Agora ben na Aula paréceme que ten máis sentido incidir na dramaturxia do actor, da actriz.

8. Consideras que ten unha liña a Aula de Teatro que dirixes? Pensando na túa traxectoria, destacas un discurso teatral? Consideras que hai recorrencias nas túas postas en escena?

Volvo sobre o mesmo, se hai algo sobre o que incido é a atención ao traballo co elenco, ao traballo actoral, podo escatimar tempo noutros aspectos, nese non, e os resultados poden ser mellores ou non tan bos pero a atención está posta aí, se me considero directora é polo meu traballo cos actores e actrices, non por ser quen de compoñer un espectáculo, aí tiro máis da intuición que do oficio. Vou aprendendo facendo. Na parte actoral teño máis oficio e tamén máis coñecemento teórico e práctico.

9. Algún ou algúns dos espectáculos dirixidos por ti tiveron unha significación ou valor especial? Por que?

Supoño que me pides unha valoración persoal. Cada montaxe dalgunha maneira é especial polas persoas coas que traballas, polo momento no que foi feito, polo tema que trata que me toca máis... A primeira montaxe que dirixín (esta foi na Aula de Pontevedra) foi *Ecos e silencios* (2003) e xa só por iso foi especial, este ano a retomo, é increíble que volva ter tanta vixencia, era un espectáculo con textos de vari@s autor@s escritos a partir de fotos de Sebastião Salgado, da súa exposición *Éxodos*, retomala tamén a fai especial aínda que é triste que teña tanta actualidade... *Criatu-*



ras (tamén de VVAA) no ano 2005 foi unha sorpresa ao conseguir un ritmo no traballo que a metade de ensaios pensei imposible, foi tamén una sorpresa na recepción do público. *Antígona* (2012) foi especial para min por ver e escoitar a encarnación da filosofía poética de María Zambrano da que tanto gosto, recordo este traballo con moita tenrura. *A casa de Bernarda Alba* foi especial por ver a Rosa, una muller de 65 anos que non falaba galego e que non levantaba a voz por nada, encarnar a Bernarda, traballar e traballar para conseguilo, e ver a Miguel (Poncia) un mozo de 22 anos axudala a memorizar o texto, e o entusiasmo e traballo de todo o elenco... En fin, podería ir enumerando cada proxecto e ao final o que máis lembro son a eses mozos e mozas, e ultimamente adultas xubiladas que se achegan ao teatro e quedan prendad@s, e lembro esas caras de felicidade ao final da función, e lembro tamén os cambios que o teatro produciu nas súas vidas. O traballo teatral leva consigo unhas relacións tan intensas que nunca esquecerei a cada unha das persoas coas que traballei nestes anos aínda que non lembre os seus nomes.

10. Recoñeces influencias na túa dirección? Tes referentes na dirección?

Recoñezo que ás veces sen quererlo e outras sen ser consciente a influencia máis forte que teño é a de Etelvino Vázquez, non en van foi o director co que máis traballei. E a influencia básica é a de por á actriz e ao actor no centro do feito teatral. Todas as persoas coas que traballei, xa sexa como alumna en cursos, como compañeira en espectáculos, ou sendo dirixida, incluso iluminador@s, sonidistas, técnic@s, vestiaristas, escenógraf@s... De todas as persoas teño aprendido algo, tod@s me ensinaron algo. O meu gusto pola danza, polo movemento é un referente importante en min. Non traballo grandes movementos en escena nin grandes coreografías pero son moi coidadosa cos pequenos movementos, na dramaturxia física do personaxe, na respiración... nos pequenos detalles, no íntimo.

11. Unha vez estreado o espectáculo, fas seguimento ou cambios nas funcións?

Se hai función claro, dou notas e na seguinte función imos sobre elas. Máis que cambiar adícome a pulir, non sendo que me decate dalgún erro de posta ou de funcionamento, cousa que pode suceder xa que só podo ver o resultado completo, con luces e son, o día da estrea.

12. Que aspectos do sistema teatral universitario galego afectan especialmente ás túas direccións? (infraestructurais, económicos, humanos, produtivos, espaciais, culturais, formativos...)

O maior problema co que me atopo é o do espazo xa que non conto cun lugar no que poder gardar vestiario, nin atrezzo e por suposto escenografía, o lugar físico no que está a Universidade en Vigo tampouco facilita un contacto coa cidade, nin sequera dentro mesmo da universidade, é difícil estar en contacto incluso entre facultades. O problema cultural é o problema de fondo, vexo que o aspecto utilitarista e produtivista está cada vez facendo máis mella tamén na universidade.

13. Algo que consideres relevante e que se omitiu nas preguntas

### Na dirección ou coordinación de mostras ou festivais de teatro universitario

1. Cales son os patrocinadores da mostra ou festival de teatro?

A Universidade de Vigo. O Concello en ocasións colabora cedendo o Auditorio Municipal da Praza do Rei para realizar funcións da MITEU.

2. Cales son os espazos onde se desenvolve?

O Teatro Roberto Vidal Bolaño no CUVI e en ocasións o Auditorio Municipal da Praza do Rei.

3. Cal é o obxectivo da mostra ou festival de teatro universitario?

Achegar o teatro @s universitari@s e dar a coñecer o que fan as aulas universitarias.

4. Cal é o criterio de selección na programación?

O criterio está moi limitado polo económico. Dáselle prioridade ás aulas galegas e trátase de invitar a algún grupo do Estado e outro extranxeiro.

### 5.10. TAREIXA CAMPO (Aula de Teatro de Lugo)

É a fundadora da **Aula de Lugo** no curso 1993/94 e diríxela ata o curso 1997/98.

É Diplomada universitaria en EXB (Maxisterio), experta en xogo popular e pedagogía dramática. É actriz, autora e directora teatral. É profesora de Educación Infantil.

É confundadora da asociación estatal de profesores de drama “Joven Teatro Joven”, confundadora da Asociación de profesores de teatro “Barriga verde”, fundadora do grupo teatral **Achádego** de Lugo.

Dirixe teatro escolar e teatro para adultos. Como actriz traballou no grupo **Tarabelo** e **Achádego** e tivo participacións en televisión.

É tamén tradutora e adaptadora de textos teatrais ademais de ser autora de obra narrativa.

### CUESTIONARIO

#### Na dirección da Aula de Teatro Universitaria:

1. De que departamento ou vicerreitoría dependía a Aula de Teatro Universitaria cando se creou?

A Aula de Teatro do Campus de Lugo creouse a finais do ano 1993, dependendo da Vicerreitoría de Cultura do Campus de Lugo, da Universidade de Santiago.

2. Cales eran os locais para ensaios das montaxes da Aula? Canto tempo duraban eses ensaios en meses, días á semana e horas de ensaio?

O primeiro ano comezamos cun día só á semana –os martes de seis a nove da tarde–, e sen posibilidade de ampliar calendario nin horarios, xa que a actividade se desenvolvía no ximnasio da Escola de Maxisterio e non tiñamos máis dispoñibilidade de espazo.

No curso seguinte, aló polo mes de xaneiro, “ocupamos” un lugar que se estaba acondicionando para almacén no aulario de Veterinaria, e comezamos ensaios entre ladrillos, area e sacos de cemento, para reivindicar a necesidade dun espazo propio para a Aula de Teatro. E alí está hoxe. Dende entón fixéronselle moitas melloras. Isto permitiunos ampliar horarios e traballar todos os días que quixemos con liberdade.

3. A elección da obra para montar era túa? Cal era o criterio para elixir unha obra?

No primeiro ano da Aula, atendendo ao pasado histórico de Lugo, creamos entre todos unha historia de castrexos e romanos partindo da *Lenda do Monte Medulio*, e fixemos un espectáculo de rúa. Os cursos seguintes, tendo en conta entre outros criterios o número de alumnos/as e as súas características, facía eu unha proposta, ás veces dúas.

4. Que tipo de texto elixías: texto alleo, dramaturxia propia a partir dun texto previo, creación propia? Había achegas do elenco?

Só no primeiro curso foi un texto creado polo grupo. Nos anos seguintes escollía obras que eu consideraba axeitadas para o grupo, ás veces con achegas propias, ou doutras persoas.

5. Como se configuraba o elenco? Había probas? Por orde de inscrición? Por matrícula?

Admitíase a todos para participar nos talleres, e os/as que tiñan unha asistencia regular participaban na montaxe, ben como actores, ben noutros oficios escénicos.

6. Configurabas o equipo de colaboradores? Para que parcelas adoitabas contar con colaboradores: escenografía, vestuario, maquillaxe, iluminación, son...?

A partir do primeiro curso contamos cun taller de tecnoloxía e vestuario. Fixemos nalgún momento un cursiño de maquillaxe impartido por unha persoa experta no tema.

7. Na túa opinión, cales son os ámbitos fundamentais da dirección escénica? En que facías fincapé nas túas montaxes?

Quedo con aquela definición de Director de escena como polifacético que domina unha especialidade, consciente da importante función que o teatro debe ter na nosa sociedade. Facilitador dun clima de seguridade e autoesixencia persoal para chegar a unha creación conxunta, orquestrando a montaxe, xuntando criterios, tanto dramáticos como técnicos para unha posta en escena harmónica e coordinada.

8. Consideras que tiña unha liña a Aula de Teatro que dirixías? Pensando na túa traxectoria, destacas un discurso teatral? Consideras que hai recorrencias nas túas postas en escena?

Por suposto, intentei que a Aula fora sobre todo participativa, crítica e lúdica.

En canto ás cinco montaxes que dirixín, todas son totalmente distintas basicamente, pero sen dúbida todas temos os nosos mestres, directores de escena aos que admiramos e que deixaron en nós a súa pegada que nós, consciente ou inconscientemente, reflectimos.

9. Algún ou algúns dos espectáculos dirixidos por ti tiveron unha significación ou valor especial? Por que?  
Varios foron premiados en Certames de Teatro e Xuventude da Xunta de Galicia. Persoalmente, cando representamos *Ramo Cativo* diante do seu autor, Don Jenaro Marinhas del Valle, nunca suficientemente recoñecido, e vimos a súa emoción e aprobación polo noso traballo.
10. Recoñeces influencias na túa dirección? Tes referentes na dirección?  
Si, por suposto, teño influencias de profesores aos que admiro e dos que aprendín: Juan Pastor, Richard Finch...
11. Unha vez estreado o espectáculo, facías seguimento ou cambios nas funcións?  
Despois da primeira función si que podía facer algún cambio, pero non moitos, entre outras razóns porque daquela estreabamos a final de curso...
12. Que aspectos do sistema teatral universitario galego afectaron especialmente ás túas direccións? ( infraestruturais, económicos, humanos, produtivos, espaciais, culturais, formativos...)  
Quizais un pouco de todo, en distintos momentos, pero especialmente económicos, infraestruturais e humanos algunha vez...
13. Algo que consideres relevante e que se omitiu nas preguntas  
Penso que é unha enquisa ben completa, pero non me importa dicir unha vez máis a importancia de buscar nas aulas algo que vaia máis aló do puro divertimento –sen deixar de ser importante–. Ter unha experiencia compartida que fale da condición humana e nos faga máis persoas, que nos encha de interrogantes e nos axude a buscar as respostas.

### **Na dirección ou coordinación de mostras ou festivais de teatro universitario**

1. Cales eran os patrocinadores da mostra ou festival de teatro?  
Os outros campus universitarios de Galicia, Consellería de Familia Muller e Xuventude, Dirección Xeral de Cultura da Xunta de Galicia e Deputación de Lugo.
2. Cales eran os espazos onde se desenvolvía?  
Salóns de actos de centros universitarios e teatros e auditorios das cidades así como casa da cultura ou centros sociais dalgunhas vilas.
3. Cal era o obxectivo da mostra ou festival de teatro universitario?  
Compartir experiencias (amosar o noso traballo e ver o dos outros), lúdico e cultural.
4. Cal era o criterio de selección na programación?  
Non era eu quen facía a selección.

### 5.11. PALOMA LUGILDE (Aula de Teatro de Lugo)

É coordinadora da **Aula de Teatro de Lugo** e directora das súas montaxes do curso 2003/04 ao 2006/07 e do curso 2011/12 ata a actualidade (2017). Coordina tamén a Mostra de Teatro Universitario de Lugo. É responsable de cultura do Campus de Lugo.

É Licenciada en Dereito. Directora e actriz de **Palimoco Teatro** dende a súa fundación como afeccionados no ano 1998 e dende o 2008 como compañía profesional.

Como actriz traballou en diferentes compañías, ademais de **Palimoco**, como **Títeres sen cabeza**, colaborou con **Achádego Teatro** na obra *a Tempestade*, colaborou co proxecto “Las huellas de la Barraca” coa **Aula de Teatro Universitaria de Ourense** no ano 2008 en *El equipaje*, dirixido por Fernando Dacosta.

Participou en programas de radio e TV como colaboradora.

Fórmase con **Títeres sen cabeza**, en **Cordelia** da **Aula de Ourense** e con numerosos profesores teatrais como Ánxeles Cuña, Vicente Fuentes, Suso Díaz, Isabel Úbeda, Quico Cadaval... No traballo de voz fórmase con Vicente Fuentes. Recibe formación en danza clásica, contemporánea e flamenca. Traballou 12 anos como docente no Colexio Fingoi impartindo teatro e danza. É colaboradora teatral no cárcere de Teixeira. Estivo no inicio do proxecto **Buxiganga** da Deputación de Lugo. É dramaturga.

## CUESTIONARIO

### Na dirección da Aula de Teatro Universitaria:

1. De que departamento ou vicerreitoría depende a Aula de Teatro Universitaria?

Actualmente da Área de Cultura da Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social.

2. Cales son os locais para ensaios das montaxes da Aula? Canto tempo duran eses ensaios en meses, días á semana e horas de ensaio?

A aula de Teatro e Danza sita no aulario de Veterinaria.

De xaneiro a marzo, cada ano pode ser diferente, sempre luns e mércores de 20:00 a 23:30 pero despois xa se incorporan todos os días e as fins de semana.

3. A elección da obra para montar é túa? Cal é o criterio para elixir unha obra?

Intento consensuar co alumnado.

A xente que está cada ano na aula, sempre intentamos que sexa algo que nos permita investigar, experimentar e crear e con trasfondo social. Normalmente unha obra nos leva a outra. Por exemplo, empezamos no seu momento con *Joan*, a viúva de Victor Jara. Victor Jara a primeira obra que montou como director foi unha adaptación de *La Madre de Máximo Gorki*. De aí a elección da segunda montaxe *Nai?*, despois isto levounos a plantexarnos toda a represión que se viviu en España o que nos fixo ir a *Km 526?*. E de *Km* fomos a Lorca.

4. Que tipo de texto elixes: texto alleo, dramaturxia propia a partir dun texto previo, creación propia?

Depende do ano, por agora texto propio só nunca fixen. Dramaturxia a partir de novelas (*Joan, Nai?*), doutros textos (*Lear; Comedia sen título; Animalións; Sarah Kane..*)

Hai contribución do elenco?

Si; nalgún momento houbo algunha aportación, sobre todo no momento de documentación.

5. Como se configura o elenco? Hai probas? Por orde de inscrición? Por matrícula?

Todos teñen que pasar polo taller de arte dramática que se desenvolve a partir de setembro (este ano outubro finais). A compañía ten un 10% de non universitarios, e adoitan quedar os que queren e están comprometidos co tempo que supón, **NON SE FAI CASTING.**

6. Configuras o equipo de colaboradores? Para que parcelas adoitas contar con colaboradores: escenografía, vestuario, maquillaxe, iluminación, son...?

A escenografía e iluminación parte dos propios ensaios e despois adoito unhas semanas antes falar cos meus técnicos ASASONLU para saber a súa opinión xa que na execución das mesmas moitas veces boto man deles e doutro colaborador, Óscar Lago. No tema de audiovisuais traballo con Diego Blanco e Sabela Eiriz. Na música adoito contar coa colaboración de Carlos Díaz. O vestuario soemos aproveitar e reciclar cousas.

Sempre que podo os propios compoñentes tamén se adican a outros aspectos, non só actuar, entre todos incluso facemos a escenografía, vestiarios...

7. Na túa opinión, cales son os ámbitos fundamentais da dirección escénica?

No ámbito universitario creo que é fundamental **dotar aos alumnos de materiais** para que poidan sentirse seguros en escena, por iso nos primeiros momentos do taller previo e tamén nos primeiros ensaios faise fincapé no traballo de entrenamiento actoral, tanto corporal como vocal, **o traballo da presenza escénica** e as accións físicas. Así mesmo, **a formación do grupo, a escoita, responsabilidade e confianza entre os integrantes.**

Creo que isto é labor do director, a creación dese grupo para que se xenere unha boa atmosfera de traballo para poder experimentar e crear entre todos.

Labor tamén do director é que o grupo se apaixone coa montaxe elixida e que se sinta participe dende o primeiro momento.

En que fas fincapé nas túas montaxes?

Gústame intentar que o público respire co actor, que se atope dentro da **atmosfera**, algo que me pasaba nas montaxes de Sarabela, cando as ía ver, era que os cinco primeiros minutos estaba como “perdida”, esa era unha sensación que apenas duraba cinco minutos como moito e non sabía por que de súpeto estaba dentro e non podía despegar a miña mirada e o meu corazón do que pasaba nas táboas, sentía con cada personaxe ata o final. Ese sentir é o que trato de conseguir en cada montaxe, ter en conta o público sempre.

As imaxes e o corpo para min son fundamentais.

8. Consideras que ten unha liña a Aula de Teatro que dirixes?

Creo que si, aínda que non sexa buscado ao final, vendo as montaxes, creo que todas teñen como común mesturar o coral co individual nun proceso que pasa pola escoita e pola creación de atmosferas cos corpos, as voces e as imaxes.

Pensando na túa traxectoria, destacas un discurso teatral?

É a primeira vez que me sento e reflexiono sobre isto e que polo tanto te agradezo, aínda que me resulta difícil contestar.

O teatro no ámbito universitario creo que ten que ter como finalidade a formación, creación, experimentación e distribución.

No teatro universitario temos a responsabilidade de fomentar o encontro, o intercambio de experiencias e que sirva como punto de debate de diferentes opinións e maneiras de afrontar o que nos rodea.

Creo que nas aulas debe ter cabida todo o mundo que estea disposto a aprender e a comprometerse.

Consideras que hai recorrencias nas túas postas en escena?

Si, creo que está presente o traballar con imaxes e que a partir desas imaxes e o traballo corporal vaia xurdindo todo o fío condutor.

Creo que me movo por pezas dun puzzle que se vai completando. Gústame que o público e mesmo o actor vaia sufrindo unha evolución constante coa propia obra.

9. Algún ou algúns dos espectáculos dirixidos por ti tiveron unha significación ou valor especial?

Cada unha das montaxes que fun facendo marcáronme en moitas cousas. A nivel social *Joan* ou *Km 526*, a nivel persoal do traballo interno e as emocións *O Público*, *Comedia sen título*, *Na túa cara (In yer face)* e *Lear, da nada sae nada*.

Por que?

Se tivera que elixir unha diría que o *Público* de Lorca, a concepción do espazo escénico, a primeira vez que traballaba co escenógrafo Suso Díaz e Diego Blanco, o xogo dos actores, estar a escasos centímetros do público o que fai que se respire con el. Para min mergullarme no mundo de Lorca é apaixonante.

10. Recoñeces influencias na túa dirección?

Para min onde aprendín ten que ver moito co que fago, tanto o traballo de Cordelia e a Aula de Ourense, como o traballo de accións físicas de Isabel Úbeda, e o traballo de voz con Vicente Fuentes. Estes últimos anos o traballo do texto, o seu “destripe” que traballei con Carles Alfaro servíume de moito.

Tes referentes na dirección?

Eugenio Barba, Fernando Dacosta, Pina Bauch.



11. Unha vez estreado o espectáculo, fas seguimento ou cambios nas funcións?

Si, a min gústame que as obras sigan crescendo e continuamente estamos transitando por ela.

12. Que aspectos do sistema teatral universitario galego afectan especialmente ás túas direccións? (infraestruturais, económicos, humanos, produtivos, espaciais, culturais, formativos...)

Os económicos afectan e creo que a falta de comunicación e intercambios entre as aulas. Por outra banda o sistema actual universitario non contempla estas aulas de forma integral do alumnado coas carreiras e resulta difícil para eles poder complementar esta actividade.

13. Algo que consideres relevante e que se omitiu nas preguntas

### **Na dirección ou coordinación de mostras ou festivais de teatro universitario**

1. Cales son os patrocinadores da mostra ou festival de teatro?

Lugo Cultural (USC, Deputación de Lugo, Concello).

2. Cales son os espazos onde se desenvolve?

Auditorio Gustavo Feire e a rúa. Este ano queremos abrila a outros espazos.

3. Cal é o obxectivo da mostra ou festival de teatro universitario?

O intercambio de experiencias e amosar os traballos doutras aulas en Lugo. Por outra banda, hai anos que se montou un apartado con “microproxectos” nos que xente de Lugo que está a estudar arte dramática noutras cidades amosa en Lugo o seu traballo (un microproxecto).

4. Cal é o criterio de selección na programación?

Estes anos, por desgracia, traer as aulas de formación de Galicia e pouco máis polo escaso orzamento aínda que este ano queremos dar un xiro ao Festival bastante importante intentando facer intercambios cos grupos máis profundos.

### **5.12. XOÁN CARLOS MEJUTO (Director da primeira montaxe do Teatro Universitario de Ferrol)**

Dirixiu a primeira montaxe universitaria do Campus de Ferrol. Foi actor da **Aula de Teatro da UDC** e director de **Teatro da Bufarda**, grupo da UDC e independente.

É actor, director e autor teatral.

Como actor traballou en diversas compañías como **Teatro do Aquí**, **Espello cóncavo**, **Teatro do Atlántico**, **Títeres Cachirulo** ou **CDG**. Participou en series para TVG.

É director do grupo de **Teatro Alexandre Bóveda** e forma parte do proxecto “Clásicos nunha hora”.



## CUESTIONARIO

### Na dirección da Aula de Teatro Universitaria

1. De que departamento ou vicerreitoría dependía a Aula de Teatro Universitaria cando se creou?  
A Aula universitaria do Campus de Ferrol dependía de Extensión Universitaria.
  
2. Cales eran os locais para ensaios das montaxes da Aula? Canto tempo duraban eses ensaios en meses, días á semana e horas de ensaio?  
O local de ensaios era o salón de actos do Campus de Esteiro. O tempo de duración dos ensaios debeu ser entre catro ou cinco meses (pois o espectáculo estreárase en abril); cunha periodicidade de dúas a tres sesións semanais; e duración dos ensaios de entre tres horas e media a catro. Evidentemente a periodicidade foi de menos a máis conforme se foi aproximando a data da estrea.
  
3. A elección da obra para montar era túa? Cal era o criterio para elixir unha obra?  
A elección do texto que se montou, efectivamente correspondeume a min e dispuxen de toda liberdade nese sentido. Os criterios que seguín foron dous fundamentalmente: un de carácter simbólico e outro sentimental.  
Era o primeiro ano de actividade da Aula de Teatro do Campus de Ferrol, e ese carácter fundacional fixome pensar en Manuel Lourenzo como o autor ideal, xa que é considerado como un dos pais do teatro galego moderno.  
Por outra banda o pasamento do actor Ibán Toxeiro aínda estaba recente na miña memoria e *A sensación de Camelot* era unha elección para min evidente pois no meu maxín aínda estaba moi viva a súa interpretación nesa obra; antollábaseme, por tanto, a mellor forma de honrar a súa memoria.
  
4. Que tipo de texto elixías: texto alleo, dramaturxia propia a partir dun texto previo, creación propia? Había contribución do elenco?  
Tan só estiven un ano á fronte da Aula do Campus de Ferrol, e polo tanto só fixen unha escolla textual, *A sensación de Camelot* de Manuel Lourenzo. Era, xa que logo, texto alleo ao grupo, e non houbo achegas do elenco.
  
5. Como se configuraba o elenco? Había probas? Por orde de inscrición? Por matrícula?  
O elenco configurouse a través dun casting aberto, e o certo é que concorreron tan poucos aspirantes que finalmente todos os que quixeron seguir adiante coa actividade acabaron por formar parte do elenco, estando este composto por tan só seis personaxes. Non sei cal foi a razón de que isto acontecese así, mais é posíbel que fose determinante neste aspecto o feito de que a decisión de poñer a andar a Aula de Teatro aquel ano foi tomada dende a institución e non naceu produto dunha demanda xurdida do propio alumnado.
  
6. Configurabas o equipo de colaboradores? Para que parcelas adoitabas contar con colaboradores: escenografía, vestuario, maquillaxe, iluminación, son...?

O equipo de colaboradores era o mesmo que naquel momento operaba coa Aula de Teatro da Coruña, integrábano Enrique Guitián na produción e Octavio Mas na iluminación.

7. Na túa opinión, cales son os ámbitos fundamentais da dirección escénica? En que facías fincapé nas túas montaxes?

Naquela altura a miña preocupación principal era para cos actores, practicamente non dirixira nada ata entón e considerábame máis un actor posto a dirixir que un director de escena. A miña propia experiencia como actor universitario estaba moi recente, e non quería cometer os erros que, ao meu xuízo, se cometeran en espectáculos nos que participara. Non escoitar ao actor, descoidar a súa formación, atender a criterios máis promocionais ou doutra índole antes que os de natureza netamente teatral, etcétera. Alén diso, o feito de ser o primeiro ano de teatro universitario naquel campus e de ter un elenco que se achegaba por primeira vez ao teatro condicionou moito o meu traballo.

Por tanto, e aínda que era consciente de que o teatro universitario debe aspirar sempre a ter unha vocación de investigación e vangarda, non consideraba que as condicións fosen idóneas para iso naquela altura. O foco no que puxen toda a miña atención foi a aprendizaxe de fundamentos básicos de actuación, moi por riba mesmo do resultado final do espectáculo. Se conseguín espertar nalgún daqueles estudantes actores algún amor pola arte escénica doume por satisfeito.

8. Consideras que tiña unha liña a Aula de Teatro que dirixías? Pensando na túa traxectoria, destacas un discurso teatral? Consideras que hai recorrencias nas túas postas en escena?

Non, evidentemente non puido haber unha liña na Aula de Teatro, polo simple feito de estar tan só un ano á fronte dela. En canto a min como director, tampouco considero que haxa un discurso teatral definido. A dirección escénica no meu caso foi sempre unha segunda actividade na miña carreira, máis centrada na interpretación e se cadra tamén na escrita dramática. As direccións escénicas que realicei están bastante espalladas no tempo e son produto cada unha delas de etapas distintas da miña vida, e fillas de necesidades diferentes.

9. Algún ou algúns dos espectáculos dirixidos por ti tiveron unha significación ou valor especial? Por que?

Como apuntei anteriormente o espectáculo que dirixín aquel ano, tivo efectivamente para min unha significación especial, pois escollera ese texto para homenaxear un compañeiro de profesión (que por certo tamén pasara polo teatro universitario) que falecera recentemente, Ibán Toxeiro.

10. Recoñeces influencias na túa dirección? Tes referentes na dirección?

Aínda que sempre o estará, é evidente que naquela altura da miña carreira estaba moi presente a figura de Roberto Vidal Bolaño, pois daquela traballaba na súa compañía **Teatro do Aquí** (compañía á que accedín, por certo, ao pasar un casting de selección

que Roberto decidiu facer para o seu espectáculo *A ópera de a patacón* entre actores procedentes todos eles do teatro universitario).

Comecei a traballar con Roberto tendo tan só 21 anos, e sen ningunha experiencia profesional previa. A ampla bagaxe e sabedoría escénica, así como a súa paixón polo traballo marcáronme dun xeito moi especial, mais o que sobre todo transmitía Roberto no seu traballo era a necesidade dun compromiso irrenunciábel para co teatro do noso país.

11. Unha vez estreado o espectáculo, facías seguimento ou cambios nas funcións?

Non. Unha vez estreado o espectáculo non houbo máis que aqueles ensaios suficientes para a preparación das diferentes funcións.

12. Que aspectos do sistema teatral universitario galego afectaron especialmente ás túas direccións? (infraestruturais, económicos, humanos, produtivos, espaciais, culturais, formativos...)

A miña experiencia no Campus de Ferrol estivo marcada por varios factores:

O carácter fundacional da experiencia.

O feito de ter nacido por iniciativa da Universidade, e non do alumnado.

A pouca experiencia previa dos integrantes daquel reparto.

Non ser eu, se cadra, a persoa máis axeitada para levar adiante un proxecto desas características ao ser alleo e descoñecedor da cidade e do seu ambiente estudantil.

13. Algo que consideres relevante e que se omitiu nas preguntas

### Na dirección ou coordinación de mostras ou festivais de Teatro universitario

1. Cales eran os patrocinadores da mostra ou festival de Teatro?

2. Cales eran os espazos onde se desenvolvía?

3. Cal era o obxectivo da mostra ou festival de Teatro universitario?

4. Cal era o criterio de selección na programación?

### 5.13. GONÇALO GUERREIRO (Director do TUF de Ferrol)

Dirixe o **Teatro Universitario de Ferrol** desde o curso 2010/11 ao curso 2013/14.

Estudou formación actoral na Escola Superior de Teatro e Cinema IPL de Lisboa, Portugal.

É actor e director teatral. Conforma con María Torres a compañía **Elefante Elegante** desde o ano 2007.

Ten formación en teatro de movemento na escola Lecoq, de teatro antropológico no Odin Teatret ou de Commedia dell'Arte con Antonio Fava.

É tamén músico e cantante de fados.

**Elefante Elegante** crea espectáculos de teatro visual baseados no xesto e no movemento.

As súas creacións buscan a universalidade, xurdindo da fusión de diferentes linguaxes: o

teatro físico, a danza, as artes plásticas e as artes visuais. O seu proxecto chegou a Portugal, Bélxica, Suíza, Francia e Italia, ademais de Galicia. As súas montaxes recibiron diversos galardóns como os María Casares.

### CUESTIONARIO

#### Na dirección da Aula de Teatro Universitaria

1. De que departamento ou vicerreitoría depende a Aula de Teatro Universitaria?

Eu dirixía o Grupo de Teatro Universitario de Ferrol (TUF) vinculado á Aula de Teatro da Universidade da Coruña.

2. Cales son os locais para ensaios das montaxes da Aula? Canto tempo duran eses ensaios en meses, días á semana e horas de ensaio?

Os ensaios decorrían nunha sala multiusos do Centro Cultural Universitario no Campus Ferrolán de Esteiro.

Os ensaios duraban 60 horas repartidos en 20 sesións de 3 horas unha vez á semana durante 6 meses.

3. A elección da obra para montar é túa? Cal é o criterio para elixir unha obra?

Os espectáculos eran creacións orixinais. Eu propuña unha temática e dirixía as improvisacións das actrices e dos actores. Con ese material montaba o espectáculo que se presentaba ao final do curso. As temáticas estaban inspiradas nas miñas vivencias sociais e existenciais do momento. O paso seguinte era seducir ao equipo creativo de xeito que o tema proposto fose asimilado e defendido polos demais.

4. Que tipo de texto elixes: texto alleo, dramaturxia propia a partir dun texto previo, creación propia? Hai contribución do elenco?

Os textos resultaban das improvisacións das actrices e dos actores. En xeral había moi pouco texto. As creacións baseábanse no teatro xestual.

5. Como se configura o elenco? Hai probas? Por orde de inscrición? Por matrícula?

O elenco configurábase por matrícula, nunca houbo a necesidade de facer probas. Debido á pouca difusión das actividades do TUF os participantes nunca superaron a quincena. A difusión era tarefa do Centro Cultural Universitario, pero a persoa responsable estaba a meirande parte do tempo de baixa e moitas cousas quedaban por facer. Se se me permite o desabafo.

6. Configuras o equipo de colaboradores? Para que parcelas adoitas contar con colaboradores: escenografía, vestuario, maquillaxe, iluminación, son...?

Había apoio técnico (iluminación) por parte da Universidade no propio día da actuación. O traballo de escenografía, vestuario, maquillaxe e son era realizado por min e polos participantes.

7. Na túa opinión, cales son os ámbitos fundamentais da dirección escénica? En que fas fincapé nas túas montaxes?

As miñas montaxes deben ter, de maneira máis ou menos directa, unha relación coa realidade social. Preocúpome porque a experiencia teatral sexa reveladora para quen a realiza. Intento que a participación nas obras de teatro axude a formar espectadores esixentes e curiosos.

8. Consideras que ten unha liña a Aula de Teatro que dirixes? Pensando na túa traxectoria, destacas un discurso teatral? Consideras que hai recorrencias nas túas postas en escena?

Hai recorrencias nas miñas postas en escena, sen dúbida. Sempre considerei o traballo artístico como a busca dun tesouro escondido. Cada nova creación permíteme reposicionarme na dirección desta descuberta que nunca chegará. Non chegará nin ten que chegar, porque o que é realmente importante é o percorrido que imos definindo nunha determinada dirección e os cambios que ese camiño vai experimentando polo paso do tempo.

A Aula de Teatro como unha manifestación máis do meu traballo creativo, era unha dimensión fundamental desta búsqueda.

Se teño que destacar un discurso teatral na miña traxectoria, sería un discurso marcado pola reivindicación da poesía, sexa ela literaria, sonora ou visual.

9. Algún ou algúns dos espectáculos dirixidos por ti tiveron unha significación ou valor especial? Por que?

Quizais destacaría Welcome. Non tanto pola temática ou pola linguaxe teatral utilizada senón pola implicación das actrices e dos actores. Era un elenco bastante heteroxéneo en termos de idades e recursos humanos e teatrais. Aínda así, ou grazas a iso, creouse unha complicidade e dedicación ao acto teatral como poucas veces tiven o privilexio de vivenciar.

10. Recoñeces influencias na túa dirección? Tes referentes na dirección?

Certamente. Hoxe en día resúltanme máis difusas que hai quince anos, porque para conseguir elaborar o meu propio discurso teatral tiven que liberarme dos meus mestres, pero débolles a confianza, a ilusión, a perseveranza e os coñecementos. Citarei-nos a todos: Eugénio Barba, Peter Brook, Jacques Lecoq, Robert Wilson e Pina Baush.

12. Unha vez estreado o espectáculo, fas seguimento ou cambios nas funcións?

No TUF, os espectáculos realizaban apenas dúas funcións, unha en Ferrol e outra o día seguinte na Mostra de Teatro Universitario organizada pola **Aula de Teatro** na Coruña. De todos os xeitos, ao final de cada función había sempre unha conversa coas actrices e os actores de xeito a realizar mellor a función seguinte.

13. Que aspectos do sistema teatral universitario galego afectan especialmente ás túas direccións? (infraestruturas, económicos, humanos, produtivos, espaciais, culturais, formativos...)

As direccións adaptábanse inevitablemente aos orzamentos das producións (inexistentes) e ás limitadas horas de ensaio (60).

14. Algo que consideres relevante e que se omitiu nas preguntas

### **Na dirección ou coordinación de mostras ou festivais de teatro universitario**

1. Cales son os patrocinadores da mostra ou festival de teatro?
2. Cales son os espazos onde se desenvolve?
3. Cal é o obxectivo da mostra ou festival de teatro universitario?
4. Cal é o criterio de selección na programación?

Non teño coñecemento dabondo para responder a estas preguntas, a persoa máis indicada para facelo é o director da Aula de Teatro da UDC.

### **5.14. XOSÉ PAULO RODRÍGUEZ (Director da Aula de Teatro de Lugo e da Coruña)**

Coordinador da **Aula de Teatro do Campus de Lugo** (USC), entre os anos 1998 e 2003. Director da **Aula de Teatro UDC**, entre os anos 2004 e 2007, creador do FITEUC como tal e da creación da **Aula de Teatro e Danza da UDC**.

Foi actor da **Aula de Teatro Universitaria de Santiago** e do **Grupo de Galego da Facultade de Filoloxía**.

É Licenciado en Filoloxía Hispánica pola USC e DEA pola UDC en Galego-portugués e Estudos Románicos.

É Diplomado como especialista en Teatro pola ESMAE (Escola Superior de Música e Artes do Espectáculo) da Universidade do Porto (Portugal) e posúe un Posgrao en Xestión Cultural na Universitat Oberta de Barcelona. Ademais, realizou numerosos cursos de literatura, teatro, semiótica e xestión cultural. Foi técnico de cultura na UDC.

Entre 2007 e 2011 foi director-xerente do Auditorio de Galicia, dirección da área de cultura da cidade de Santiago de Compostela.

Na actualidade, desde abril de 2011, director do Teatro Rosalía Castro da Coruña, dependente do IMCE (Instituto Municipal Coruña Espectáculo).

Presidente de La Red Española de teatros, Auditorios, Circuitos y Festivales de Titularidad Pública.

Desde 2013 integra o Consejo Estatal para Las Artes Escénicas y Musicales do INAEM, Ministerio de Educación, Cultura y Deporte.

Fundou **Teatro Bruto** e traballou como actor, director e dramaturgo.

## **CUESTIONARIO**

### **Na dirección da Aula de Teatro Universitaria**

1. De que departamento ou vicerreitoría dependían as Aulas de Teatro Universitarias cando dirixías?

No caso da USC estaba vinculado á Vicerreitoría de Cultura, no caso da UDC dependía da Vicerreitoría de Extensión Universitaria.

2. Cales eran os locais para ensaios das montaxes das Aulas? Canto tempo duraban eses ensaios en meses, días á semana e horas de ensaio?

O local da Aula de Teatro de Lugo USC, estaba situado nos baixos da Facultade de Veterinaria. Un local amplo que acondicionamos cando tomei o testigo da Aula, con tarima de madeira, espellos, algunha luz e un almacén. Un local alto e amplo no que se realizaban ensaios e actividade docente vinculada á Aula de Teatro e á Aula de danza. Estaba pensado para ter incluso montado escenografías para ensaios.

No caso da UDC, comezamos nos baixos da antiga Facultade de Económicas de Riazor, un espazo diáfano sen ningunha dotación específica para os ensaios. Despois pasamos ao Auditorio de Normal, un auditorio da antiga escola de maxisterio de Riazor, tamén coñecida como A Normal. Tratábase dun auditorio con patio de butacas e unha caixa escénica, sen dotación técnica en termos de equipo de luz.

3. A elección das obras para montar era túa?

Normalmente si, aínda que sempre escoitaba aos integrantes da **Aula** por se tiñan algunha inquietude ou preferencia, ás veces liamos varias e elexiamos unha entre todos, os métodos foron variados ao longo dos distintos anos.

Cal era o criterio para elixir unha obra?

Principalmente que integrara un elenco amplo, ou capacidade para facelo coralmente, interesábame que fose unha obra na que se puidese tirar algunha mensaxe, non quedar meramente na montaxe escénica como exercicio escénico, e que fornecese a oportunidade de investigar grupalmente. Creo que a nómina de títulos pode dar boa medida disto: *Medea, Himmelweg, Fin de Partida, Pic Nic, Roberto Zucco...*

4. Que tipo de texto elixías: texto alleo, dramaturxia propia a partir dun texto previo, creación propia?

Case sempre textos da dramaturxia contemporánea, aínda que ás veces montamos algún clásico revisitado por algún autor/a contemporáneo, as traducións ao galego sempre foron miñas. Dentro da nómina de autores podemos falar de Heiner Müller, Samuel Becket, Fernando Arrabal, Sergi Belbel, Fermín Cabal, B. M. Koltès, Juan Mayorga, Luísa Costa Gomes, David Greig...etc. Ás veces fixemos adaptacións dos textos en canto ao elenco para adaptalo ao número de integrantes da **Aula**, fixemos incluso un monólogo a 13 voces e en tres idiomas: galego, español e coreano.

Había contribución do elenco?

Sempre, ben na decantación por unha elección concreta, ben para adaptar o propio texto ao grupo. Ademais sempre intentamos integrar todas aquelas abelencias que detectabamos no conxunto do elenco, desde a integración de instrumentos poñendo música en directo cando alguén do grupo tocaba algo, o coñecemento doutros idiomas como lingua nativa, tal foi o caso do coreano, ou calquera outra abelencia que detectabamos...



5. Como se configuraba o elenco?

Os métodos eran mixtos, podían ser alumnos/as que proviñan de cursos de formación de anos anteriores, en ocasións faciamos probas para cerrar un reparto, había xente que repetía dun ano para outro, aínda que a renovación de persoas, dada a súa condición de estudantes, na maioría dos casos, facía que os grupos foran moi dinámicos e cambiaran dun ano para outro, en todo caso sempre estaba moi ligado á actividade formativa a conformación do grupo que integraba as obras. A convocatoria sempre estaba aberta a toda a comunidade universitaria, alumnado, PAS e PDI, no caso de montaxes contamos con alumnado e PAS, nas actividades formativas tivemos dos tres grupos, PAS, PDI e alumnado.

Había probas?

Ás veces especificamente, outras partíase dun taller e ía definíndose o reparto.

Por orde de inscrición?

Non.

Por matrícula?

Non, aínda que todos os integrantes pagaban unha matrícula para estaren cubertos co seguro da **Aula** nas saídas para representacións fóra da propia universidade e para poder asignar dietas cando saímos de xira.

6. Configurabas o equipo de colaboradores? Para que parcelas adoitabas contar con colaboradores: escenografía, vestuario, maquillaxe, iluminación, son...?

Sempre contaba con colaboradores/as que facían labores específicos dentro das montaxes, case sempre se trataba de alumnos que estiveran antes e que por intensidade lectiva non podían seguir integrando o elenco pero querían seguir vinculados á Aula, ou ben persoas que tiñan interese no proceso da montaxe teatral pero que non querían subir ao escenario. En ocasións eran alumnos/as de carreiras que poñían os seus coñecementos ao servizo da obra, tal foi o caso de *Himmelweg*, espectáculo montado na Aula de Teatro da UDC, na que a escenografía foi deseñada por unha alumna da carreira de arquitectura desta universidade, este tipo de colaboracións era habitual, sempre contaba con algunha/un axudante de dirección que facía labores de rexiduría en xira, e todo tipo de colaboración en vestuario, escenografía, definición de espazo sonoro etc. Outra cousa era a materialización dos elementos escénicos, realización de escenografía, confección de vestuario, ás veces deseño de maquillaxe... deseños gráficos de cartelería etc. Sempre o facían profesionais do sector. O deseño de iluminación sempre o fixen eu.

7. Na túa opinión, cales son os ámbitos fundamentais da dirección escénica? En que facías fincapé nas túas montaxes?

Ben, a pregunta é moi ampla e posiblemente non sería eu a persoa máis indicada para respondela. Se nos referimos á dirección escénica vinculada ao ámbito univer-



sitario creo que a focalización do traballo ha de atender a dúas fronteiras: por unha parte, a posta en valor da toma de conciencia do traballo colectivo, unha obra de teatro é unha empresa colectiva que para que chegue a bo porto é necesario a suma das aportacións de cada un dos elementos que o integran, entendo que isto é o fundamental nun traballo de teatro universitario, que non deixa de ser teatro non profesional, malia que pola singularidade do noso país, na historia propia do ámbito formativo das artes escénicas, teña vido a ser unha verdadeira escola de futuros profesionais da escena galega, o mesmo que ocorreu noutrora co teatro amador na época do teatro independente, década dos anos 60/70; por outra banda, está o peso da codificación creativa do texto espectacular, aspecto directamente ligado co traballo do grupo, pois esta escritura espectacular que conforman as categorías teatrais in praesentia constrúese desde a suma de aportacións do conxunto, obviamente baixo a batuta e elección/orientación, da persoa que o ve todo desde fóra e no seu conxunto, a dirección.

8. Consideras que tiña unha liña a Aula de Teatro que dirixías? Pensando na túa traxectoria, destacas un discurso teatral? Consideras que hai recorrencias nas túas postas en escena?

Entendo que si, non podería ser doutro xeito, tamén entendo que a nómina de textos que integraron as montaxes son determinantes á hora de configurar un discurso concreto ou, cando menos, cunha impronta persoal propia: *Hamlet Machine*, *Final de partida*, *Himmelweg*, *Roberto Zucco*, *Pic nic...* En todo caso, cando diriximos sempre botamos man do noso coñecemento escénico que integra a etapa de formación, a propia experiencia e a adquirida a través de térmonos posto nas máns doutros/as directores/as. Sempre temos elementos recorrentes propios, e case sempre se pode detectar a impronta persoal que acaba materializándose no escenario de xeito moi diversos.

9. Algún ou algúns dos espectáculos dirixidos por ti tiveron unha significación ou valor especial? Por que?

Entendo que case todos, pero se teño que escoller quedome con: *Hamlet Machine*, por ser unha das primeiras, polo traballo coral a partir dun monólogo e polo conxunto da obra. *Final de Partida* polo mimo con que traballamos, polo elenco que o integrou e a capacidade comunicativa do autor a través dun texto totalmente cifrado. *Europa*, polo gran desafío que supuxo a montaxe e o resultado final conseguido coas aportacións do conxunto do elenco. *Roberto Zucco* pola propia experiencia co grupo e polo resultado final do espectáculo, *Himmelweg* por ser o último e polo proceso de investigación sobre o caso nazi antes de afrontar a dirección e chegar a entender o alcance do proceso nazi, incluso de chegar a conectar a realidade dos campos de concentración como Birkenau co meu lugar de orixe, Entrimo. Foi un proceso coral e de investigación, previa individual, e da montaxe con carácter colectivo, pois construímos o espectáculo a través de xogos escénicos e improvisacións totalmente alleos ao propio texto, por outra parte tivemos un acompañamento interesante do propio autor da obra, Juan Mayorga.

10. Recoñeces influencias na túa dirección? Tes referentes na dirección?

Evidentemente si, somos a suma da nosa propia experiencia, en calquera dos ámbitos que confiren o feito escénico, a nosa formación e as experiencias adquiridas doutras direccións nas que participamos, ben como actores, ben como axudantes de dirección, en todo caso faría referencia a Manuel Lourenzo, Elisabeth Disdier, Fernanda Lapa, Luís Miguel Cintra... entre outros/as.

11. Unha vez estreado o espectáculo, facías seguimento ou cambios nas funcións?

Sempre, ben para corrixir o relaxamento nalgunhas marcas que se van esvaendo coas funcións e que baixo a mirada da dirección son necesarias, ben para incorporar elementos que segundo avanza o espectáculo e se realizan máis funcións van aparecendo, dándolle sentido á proposta escénica e enriquecendoo desde a propia praxe da representación. Un espectáculo é un organismo vivo que respira e medra a través do corpo e da voz dos actores/actrices que lle dan vida nas táboas. Fixar aportacións que aparecen no decurso das propias representacións cando o espectáculo se asenta e crece en matices que de inicio non estaban presentes.

12. Que aspectos do sistema teatral universitario galego afectaron especialmente ás túas direccións? (infraestruturais, económicos, humanos, produtivos, espaciais, culturais, formativos...)

O que sempre me moveu foi o elemento creativo e formativo, nunca deixei de ter en mente o ámbito no que estaba a traballar, a comunidade universitaria, isto dábase a medida do peso específico que tiña o aspecto formativo, de investigación, de coñecemento, de risco (poñendo o acento no proceso, non no resultado final) e na posta en valor da nosa lingua vehicular, o Galego. Nunca traducimos ningunha obra para representar fóra de Galiza, cousa que neste momento sería bastante difícil.

13. Algo que consideres relevante e que se omitiu nas preguntas

Pode que non.

### **Na dirección ou coordinación de mostras ou festivais de Teatro universitario**

1. Cales eran os patrocinadores da mostra ou festival de teatro?

As propias universidades en exclusiva: USC e UDC, en cada caso.

2. Cales eran os espazos onde se desenvolvía?

En espazos cedidos por outras administracións, nomeadamente por entidades locais, o Concello de lugo e o IMCE na Coruña.

3. Cal era o obxectivo da mostra ou festival de teatro universitario?

Crear unha plataforma de diálogo das manifestación teatrais universitarias de Galicia, do Estado e, na medida do posible, internacional. A oportunidade de contrastar como se aborda o mesmo traballo desde obxectivos diferentes e con realidades contextuais

ben diferentes. O poder contrastar que estabamos a facer nós no ámbito teatral universitario e como se abordaba o mesmo traballo desde outros postulados, recursos e realidades. E por suposto a exhibición de traballos creativos teatrais, de artes ao vivo, no ámbito universitario en relación coa comunidade na que traballamos, pois o festival estaba aberto á cidadanía no seu conxunto, polo que adquire a dimensión propia da Extensión Universitaria das universidades públicas.

4. Cal era o criterio de selección na programación?

No caso de USC viña moi determinado pola coordinación do festival co Campus de Compostela, pois había que crear un circulante de espectáculos, nomeadamente os que viñan de fóra. No caso da UDC, primeiro garantir a presenza das aulas de Galiza, buscar presenza de aulas estatais e ter algunha presenza internacional, mais fundamentalmente conferirlle un carácter de encontro real e plataforma de intercambio de experiencias, polo que sempre se formulou un FITEUC cunha parte de exhibición de espectáculos e outra parte de actividades complementarias con encontros, clases maxistras, talleres impartidos por directores ou integrantes de compañías convidadas, conferencias, exposicións etc.



**CAPÍTULO SEIS**

**IMAXES DOS  
ESPECTÁCULOS  
DAS AULAS  
DE TEATRO  
UNIVERSITARIAS  
DE GALICIA**




Fotografías que podemos recompilar dos espectáculos realizados polas aulas de teatro universitarias de Galicia no período obxecto de estudo.

## SANTIAGO



1991/92 *O matrimonio*. Dirección Roberto Salgueiro



1992/93 *Nosferatu*. Dirección Roberto Salgueiro



1993/94 *Matalobos*. Dirección Roberto Salgueiro




2000/01 *O Burgués xentilhome*. Dirección Roberto Salgueiro



## SANTIAGO



2001/02 *Matanza*. Dirección Roberto Salgueiro



2002/03 *Apnea*. Dirección Roberto Salgueiro



2004/05. *Ubú encadeado*. Dirección Roberto Salgueiro



2005/06 *O velorio de Pat O'Connor*. Dirección Roberto Salgueiro

## SANTIAGO



2006/07 *Trufaldino, servidor de dous anos*. Dirección Roberto Salgueiro



2007/08 *As raiñas*. Dirección Roberto Salgueiro



2008/09 *Xogos á hora da sesta*. Dirección Cándido Pazó



2009/10 *As cuñadas*. Dirección Roberto Salgueiro



## SANTIAGO



2010/11 *Historia de Pura e Angelita. Pequeno divertimento mordaz.*

Dirección Roberto Salgueiro



2011/12 *Comedia famosa do cabaleiro de Olmedo.* Dirección Roberto Salgueiro



2012/13 *Agamenón. Volvín do supermercado e deille unha malleira ao meu fillo.*

Dirección Roberto Salgueiro



2013/14 *Apnea (variación 2º).* Dirección Roberto Salgueiro

**SANTIAGO**



2014/15 *Sweeney Todd, o barbeiro diabólico da rúa Fleet*. Dirección Roberto Salgueiro



2015/16 *Cinzas*. Dirección Roberto Salgueiro



## A CORUÑA



1995/96 *Luces de Bohemia*. Dirección Xoán Carlos Mejuto



1997/98 *A farsa de Inés Pereira*. Dirección Cándido Pazó




1998/1999. *Chejovtres*. Dirección Xosé Manuel Rabón



2001/02 *Vida e obra de Tantotén*. Dirección Ivonne Ruiz e Benito Cañada (Ensaíos)

## A CORUÑA



2002/03 *Rulfo, polo pequeno ceo da porta*. Dirección Ivonne Ruiz e Benito Cañada



2003/04. *Gominolas*. Dirección Ivonne Ruiz e Benito Cañada



2004/05 *Roberto Zucco*. Dirección Pablo (Paulo) Rodríguez



2005/06. *Himmelweg. Camiño do ceo*. Dirección Pablo (Paulo) Rodríguez



## A CORUÑA



2006/07. *Os fusís da Señora Carrar*. Dirección Zé Paredes



2007/08. *Ubú rei*. Dirección Zé Paredes



2008/09. *Máquina Müller*. Dirección Zé Paredes



2009/10. *Rinoceronte no camiño*. Dirección Rubén Ruibal

## A CORUÑA



2010/11. *Nunca durmo*. Dirección Rubén Ruibal



2011/12. *Nosa señora das nubes*. Dirección Rubén Ruibal



2012/13. *A burla do galo*. Dirección Rubén Ruibal



**A CORUÑA**



2013/14. *Nocturnos*. Dirección Rubén Ruibal



2014/15. *Augusta*. Dirección Rubén Ruibal

PONTEVEDRA



1987-89 *Katakrok*



1991/92 *Retrato de familia bien unida*. Dirección Casilda García



1993/94. *Jojo, ou unha historia de saltimbanquis*. Dirección Xoán Couto



1994/95. *Momo, ou a estraña historia dos ladróns de tempo*. Dirección Kalandraka

## PONTEVEDRA



1996/97. *Calvino ou se unha noite un viaxeiro*  
Dirección Xoán Couto e Manuela Rodríguez



2000/01. *A Desaparición de Wendy*. Dirección Casilda García



2002/03. *Ecós e silencios*. Dirección Pepa Barreiro



2003/04. *Mórdeme*. Dirección Salvador del Río



PONTEVEDRA



2004/05. *PIC NIC*. Dirección Salvador del Río



2005/06. *Gordiñas*. Dirección Salvador del Río



2006/07. *Nosa Señora das nubes*. Dirección Salvador del Río



2007/08. *Top Girls*. Dirección Salvador del Río





2008/09. *Os figurantes*. Dirección Salvador del Río



2009/10. *Eclipses*. Dirección Salvador del Río





1993/94 *Caleidoscopio e faros de hoxe*. Dirección Ánxeles Cuña



1994/95 *Ubú rei*. Dirección Fernando Dacosta



1995/96 *Terror e miseria da nación poderosa*. Dirección Fernando Dacosta



1996/97 *Hamlet*. Dirección Fernando Dacosta



1997/98. *No tempo do crepúsculo*. Dirección Fernando Dacosta



1998/99 *O país das últimas cousas*. Dirección Fernando Dacosta



1999/2000 *Un conto de inverno*. Dirección Fernando Dacosta




2000/01 *Vodas de sangue*. Dirección Fernando Dacosta





2001/02 *Fahrenheit 451*. Dirección Fernando Dacosta



2002/03 *O despertar*. Dirección Fernando Dacosta



2002/03 *Perfusion*. Dirección Fernando Dacosta





2003/04 *Totem*. Dirección Fernando Dacosta



2004/05 *Frankenstein*. Dirección Fernando Dacosta



2005/06 *Rampante*. Dirección Fernando Dacosta



2006/07 *Unicornio*. Dirección Fernando Dacosta



2007/08 84. Dirección Fernando Dacosta



2007/08 *El equipaje*. Dirección Fernando Dacosta



2008/09 *HIDE (Oculto)*. Dirección Fernando Dacosta




2009/10 *Odisea espacial*. Dirección Fernando Dacosta






2010/11 *Leve*. Dirección Fernando Dacosta



2010/11 *Schengen*. Dirección Fernando Dacosta



2011/12 *Un novo mundo feliz*. Dirección Fernando Dacosta



2012/13 *Non teño nada*. Dirección Fernando Dacosta



2012/13 *Suicidio colectivo con encanto*. Dirección Fernando Dacosta



2013/14 *Café liberdade*. Dirección Fernando Dacosta



2014/15 *III*. Dirección Fernando Dacosta





1996/97 *A máquina social*. Dirección Elena Seijo e Fernando Dacosta



1998/99 Escena de varios autores. Dirección Suso Díaz, Elena Seijo, Fina Calleja




1999/2000 *Os ecos da Celestina*. Dirección Elena Seijo e Fina Calleja




2000/01 *Fuenteovejuna en proceso*. Dirección Elena Seijo e Fina Calleja



2001/02 *Ao redor de Shakespeare*. Dirección Elena Seijo e Fina Calleja



2002/03 *Itaca 16/03*. Dirección Elena Seijo e Fina Calleja



2003/04 *Escenas do rei Lear*. Dirección Elena Seijo e Fina Calleja



2004/05 *Máis alá da estación*. Dirección Elena Seijo e Fina Calleja





2005/06 *Sons de nostalgia*. Dirección Elena Seijo e Fina Calleja



2006/07 *O casamento*. Dirección Elena Seijo e Fina Calleja



2007/08 *Á deriva*. Dirección Elena Seijo e Fina Calleja



2008/09 *Malos tragos*. Dirección Elena Seijo




2009/10 *Nesta cidade mántante por todo*. Dirección Elena Seijo e Fina Calleja



2010/11 *Bernarda. Represión ou liberdade*. Dirección Elena Seijo e Fina Calleja



2011/12 *Otelo 2012*. Dirección Elena Seijo e Fina Calleja



2012/13 *Vidal Bolaño 2013*. Dirección Elena Seijo e Fina Calleja





2013/14 *Galería Berkvam 2.14*. Dirección Fina Calleja



2014/15 *Caleidoscopio XX*. Dirección Elena Seijo e Fina Calleja



1998/99 Macht de improvisación.  
Dirección Sabela Gago e Flor Figueroa



1999/2000 *Sealand*.  
Dirección Fernando Dacosta



2000/01 Animación escaparatés. Dirección Sabela Gago



2001/02 *Rexurdimento*. Dirección Sabela Gago







2002/03 *Os sete pecados capitais*. Dirección Sabela Gago



2003/04 Desfile e acción de rúa. Dirección Sabela Gago



2004/05 *Continentes*. Dirección Sabela Gago

2005/06 *Os saberes de Merlín*.  
Dirección Sabela Gago







2007/08 *Ollar o mundo*. Dirección Sabela Gago



2008/09 *Cara a xalundes*.  
Dirección Sabela Gago



2009/10 *As pezas do xadrez*. Dirección Sabela Gago



2010/11 *O teatro... onde?* Dirección Sabela Gago





2011/12 *Enredados*. Dirección Sabela Gago



2012/13 *Entre lusco e fusco*. Dirección Sabela Gago



2013/14 *Chispeando*. Dirección Sabela Gago



2014/15 *Donos do tempo*. Dirección Sabela Gago





2004/05 *O merlo branco*.  
Dirección Fina Calleja e Sabela Gago



2005/06 *Laboro, laboro!*  
Dirección Fina Calleja



2006/07 *O príncipe que todo o aprendeu nos libros*. Dirección Fina Calleja



2007/08 *A fada do abano verde*. Dirección Elena Seijo



2008/09 *Rescuita e o reino dos sentimidos*. Dirección Elena Seijo





2009/10 *Os nenos do tunel*. Dirección Elena Seijo



2010/11 *Cecilia e a súa boneca*. Dirección Elena Seijo



2011/12 *O manuscrito*. Dirección Elena Seijo



2012/13 *Pés de cristal*. Dirección Elena Seijo







2013/14 *Os soños de Xulia*. Dirección Elena Seijo



2014/15 *As aventuras de Polgariña*. Dirección Elena Seijo



2015/16 *Aladino e a lámpada marabillosa cruzan fronteiras*. Dirección Elena Seijo



1993-94-95-98 *Sen identificar.*  
Dirección Maribel Muñoz

*Carnaval*



2000/01 *Ubú rei.* Dirección Casilda García



2002/03 *Supertot.* Dirección Salvador del Río



2004/05 *Criaturas.* Dirección Pepa Barrero





2005/06 *A cantante calva*. Dirección Pepa Barrero



2006/07 *Tellas verdes*. Dirección Pepa Barrero



2008/09 *Superheroes de barrio*. Dirección Pepa Barrero



2009/10 *Residuos*. Dirección Pepa Barrero







2010/11 *Zaping*. Dirección Pepa Barrero



2011/12 *Dentro do labirinto*. Dirección Pepa Barrero



2014/15 *P.I.G.S.* Dirección Pepa Barrero

LUGO



1993/94 *Ad medulium*. Dirección Tareixa Campo



1994/95 *O Xuíz dos divorcios e o Retablo das marabillas*. Dirección Tareixa Campo



1995/96 *DEIRE a coitada*. Dirección Tareixa Campo





1996/97 *A nosa vila*. Dirección Tareixa Campo



1997/98 *Ramo cativo*. Dirección Tareixa Campo



2000/01 *Medea. arroutadas e delirio dunha histórica en terras de Corintio*.  
Dirección Pablo Rodríguez




2003/04. *Joan* (Baseada na vida de Víctor Jara). Dirección Paloma Lugalde





2004/05 *Nai?* Dirección Paloma Lugilde



2005/06 *Km. 526.* Dirección Paloma Lugilde



2006/07 *O público.* Dirección Paloma Lugilde



2007/08 *A ronda.* Dirección Quico Cadaval







2008/09 *Susie*. Dirección Xulio Lago




2009/10 *Unha dúbida razoable*. Dirección Alberte Cabarcos



2010/11 *O círculo de xiz*. Dirección Alberte Cabarcos



2011/12 *Na túa cara (In yer face)*. Dirección Paloma Lugilde



2012/13 *Animaliños*. Dirección Paloma Lugilde



2013/14 *Miosotis. Non me esquezas*. Dirección Paloma Lugilde



2014/15 *Lear. Da nada sae a nada*. Dirección Paloma Lugilde



2006/07 *Pirula no vertedoiro*. Dirección Marga Portomeñe



## FERROL



1996/97 *A sensación de Camelot*. Dirección Xoán Carlos Mejuto




1997/98 *O mozo que chegou de lonxe*. Dirección Jorge Castro Ruso



1999/2000 *Abofê teatro ferrol Agopausia*. Fer Patiño



2010/11 *O invisible espectro da vellez e a serena superación do éxito*.  
Dirección Gonçalo Guerreiro



2011/12 *Fanfarras*. Dirección Gonçalo Guerreiro



2013/14 *Welcome*. Dirección Gonçalo Guerreiro

**CAPÍTULO SETE**

**CONSIDERACIONES  
SOBRE  
O TEATRO**



### 7.1. Un sistema teatral de 25 anos

Como vimos, cos datos presentados neste traballo, o teatro universitario galego ten por cantidade (espectáculos producidos, representacións realizadas e lugares desas representacións, programacións realizadas en mostras e festivais, cursos de formación actoral, actividades paralelas relacionadas con outras artes escénicas...) e por calidade (avalada pola súa permanencia, a súa aceptación en número de alumnos, os espectadores que o seguen, a cantidade de lugares onde representan as obras...) un oco fundamental dentro do teatro e da cultura galega e dentro do teatro universitario estatal.

A súa grande implantación comeza en 1990, momento no que a liña de axudas ao teatro da administración autonómica galega exclúe en gran medida ao teatro afeccionado, o que trae aparelado un aumento de compañías profesionais por unha banda (xa que algúns grupos acceden á profesionalización para poder contar con axudas económicas) e un baleiro canto á necesidade de facer teatro por parte dos amadores desa arte. Como afirmabamos hai uns anos: “O auxe deste teatro [universitario] a comezo dos anos 90 coincide coa práctica desaparición do teatro afeccionado” (Dacosta 2005: 133). Referíamonos a unha situación concreta neses anos, situación da que o teatro afeccionado se iría recuperando paseniño.

Tamén debemos ter en conta que Galicia non ten unha Escola Superior de Arte Dramática no ano 1990, e entre as mozas e mozos hai unha demanda importante dos que queren facer teatro, daqueles que queren aprender e formarse en teatro.

Cos antecedentes dos grupos de Filoloxía que veñen traballando desde finais dos anos 80 (os de idiomas inglés e francés desde antes), como reflectimos neste estudo, e co impulso da Universidade de Santiago, xorde no curso 1990/91 a primeira **Aula de Teatro Universitaria**, a de Compostela, baixo a dirección de Roberto Salgueiro. Ese é o ano de segregación da Universidade de Santiago (única ata ese momento en Galicia) en tres universidades: Santiago (USC) cos Campus de Santiago e Lugo, A Coruña (UDC) cos Campus de Coruña e Ferrol, e Vigo (UV) cos Campus de Vigo, Ourense e Pontevedra, feito que, obviamente, terá unha fonda repercusión no desenvolvemento do teatro universitario galego.

Xa no curso 90/91 hai unha actividade teatral considerable na Universidade da Coruña con grupos como **Hipógrifo Violento** ou **A Balteira** que darán en conformarse no **Clube de Teatro da UDC**, xunto a outros grupos, antecedente do que será a **Aula de Teatro da UDC**. A Universidade de Vigo segue o exemplo e crea aulas de teatro nos tres campus cun modelo propio, aparellándoas a compañías profesionais con vocación docente: **Kalandraka** en Pontevedra, **Sarabela** en Ourense e **Vagalume** en Vigo. Será no curso 1993/94 cando se una o campus de Lugo, da USC, á práctica teatral na universidade mentres no curso 1996/97 aparece o teatro universitario en Ferrol.

Estas aulas de teatro, cos anos, van ir creando unha estrutura en cada campus, cada unha co seu facer e características propias, feito que vai consolidar a actividade en canto a cursos de formación e espectáculos anuais. Da forza que vai collendo a actividade, da calidade das producións creadas, do impulso daqueles que dirixen o teatro universitario, xorde a necesidade de non quedar confinados á posibilidade de facer só unha ou dúas representacións dos espectáculos no propio campus e de aí vén a xuntanza de Santiago no ano 1993, da que resulta un proxecto de mostras de teatro en Galicia para que as aulas galegas poidan visitar os outros campus de Galicia e ser receptoras dos traballos das demais aulas.

Coa consolidación da actividade e o crecemento aparecen outras propostas de colaboración e no ano 1996, na reunión de Pontevedra, acórdase que pode haber unha cooperación para mostras máis ambiciosas, internacionais, que se abran a toda a cidadanía dun xeito decidido e que se vaian convertendo en referentes culturais nas distintas cidades galegas desde os respectivos campus.

Aínda que esa cooperación non callou por cuestións administrativas, por dificultades en canto aos calendarios e mesmo por ter distintas maneiras de entender as programacións e o teatro universitario, si quedou unha inclinación á coordinación, cando fose posible, entre universidades distintas e moi clara entre os campus da mesma universidade.

Hai, polo tanto, un período de xestación do teatro universitario que vai do ano 1990 (nacemento da primeira **Aula de Teatro**, a de Compostela) ao 1997 (aparece o **Grupo de Teatro universitario de Ferrol** e é o ano no que todos os campus presentan unha produción teatral institucional) no caso das aulas e grupos institucionais, e do ano 1994 (aparecen as primeiras mostras de Pontevedra, Ourense e Vigo) ao 2004 (nace a MOTI de Ourense) polo que respecta ao nacemento de Mostras de Teatro da Universidade.

O ano 1997 foi un ano especial para o teatro universitario galego xa que se dá unha coordinación entre todas as universidades para a programación de mostras no momento en que todos os campus teñen un grupo institucional con produción teatral. É este, como vimos, o único ano no que todos os campus teñen ese grupo institucional, xa que a actividade en Ferrol será intermitente e no único período prolongado de actividade nese campus (do curso 2010/11 ao 2013/14) o Campus de Pontevedra xa non ten grupo institucional.



Son, os primeiros anos da década dos 90, os albores das aulas de teatro e das mostras que organizan, nunha época, como lembra Xoán Couto en documentos da **Aula de Pontevedra** con motivo da 2ª Mostra de Teatro universitario, sen teléfonos móbiles e sen internet xeralizada. O contacto cos grupos cos que se quería facer intercambio ou aos que se quería programar establecíase telefonicamente desde locutorios (para que quedase constancia dos gastos de chamadas a grupos estatais e internacionais) e enviábanse as convocatorias por correo postal en sobres, o que ralentizaba as confirmacións.

Cos anos xeralizouse o uso do teléfono móbil e os contactos pasaron a ser por correo electrónico e con posibilidades de gardar contactos e conversas, o que foi facilitando certas xestións, ao tempo que foron medrando outros traballos e burocracias, por veces interminables, para poder organizar unha mostra, que van desde a tardía confirmación de orzamentos por parte das administracións ata esixencias de documentacións en apartados como os riscos laborais ou permisos diversos.

Ter que erguerse ás 3 da mañá para falar con grupos en Brasil, ou ás 4 e media para contactar coa India son parte dos procesos de programación dunhas mostras universitarias que ao longo de 22 anos foron consolidándose na recepción dos espectadores das diversas cidades ou no seguimento nos medios de comunicación e que chegan a ser eventos culturais de gran relevancia. Consolidadas en canto á recepción, outra cousa é no tocante ao soporte económico, pois iso é algo que teñen que gañar despois de pelexalo ano tras ano. Non se coñece un plan plurianual por parte de ningunha administración que poida facilitar ou mesmo asegurar o traballo que supón para infraestruturas febles como as das aulas, soportar tanto traballo sen a constatación dun apoio económico minimamente claro e sólido.

A cantidade de alumnos/as que forman parte das aulas de teatro vai medrando ano tras ano, aínda que montaxes como as primeiras de Lugo ou Ourense teñen xa un elenco de vinte actores. Son grupos numerosos, polo xeral, o que permite poñer en escena obras de teatro que sería imposible ver noutros ámbitos coma o profesional. Hai varios cursos, nestes 25 anos, nos que o teatro institucional universitario galego ten 100 actores ou máis enriba das táboas coas súas producións (entre outros no curso 2003/04, antes da creación da ESAD de Galicia, pero tamén un lustro despois e coa ESAD xa en marcha, no curso 2008/09), ou ben están en cifras próximas.

O nacemento da ESAD en Galicia, no ano 2005, vén encher un oco na formación teatral que estaba a ser cuberto ata ese momento polas aulas de teatro universitarias ademais de determinadas escolas municipais de teatro. Coa chegada desta nova titulación hai alumnas e alumnos que en anos anteriores se inscribían nas aulas de teatro que a partir dese momento pasan a matricularse na ESAD. Porén, a actividade nas aulas de teatro non se viu diminuída dun xeito significativo por varios motivos:

- A ESAD acolle un número limitado de alumnos/as de toda Galicia cada ano, e pode dicirse que a demanda é tal que as aulas seguen a ter gran cantidade de alumnos/as.

- Na ESAD matricúlanse aquelas persoas que queren facer do teatro a súa profesión, e ese non é o caso da maioría dos alumnos das aulas de teatro, aínda que si dalgúns.
- Dos que queren facer do teatro ou da interpretación o seu modo de vida, hai alumnas e alumnos que antes da chegada da ESAD pasaban máis anos nas aulas de teatro, facendo varias montaxes, e a partir da presenza en Vigo da Escola de Arte Dramática ou ben quedan menos tempo participando nas montaxes das aulas e despois pasan á ESAD ou ben, como é o caso de Ourense ao estar nivelada, fan algúns dos niveis e non completan o ciclo da **Aula** ao pasar, antes de rematalo, á ESAD.
- Por último, as ensinanzas son complementarias. Se ben é certo que a ESAD é un grande atallo para aqueles que se queren adicar ao oficio da interpretación, as aulas de teatro ensinan o que é o funcionamento dun grupo de teatro. Trala formación inicial veñen os ensaios, a produción e as xiras e con elas as montaxes e desmontaxes, as viaxes, as convivencias, as adaptacións do espectáculo a espazos ben diversos. Reciben o contacto con aquilo que rodea unha montaxe e que non só é a interpretación, tamén son as cuestións técnicas, a confrontación con públicos distintos...; as aulas ofrecen un modelo de aprendizaxe menos sistemático, pero moi semellante ao que é a vida dunha compañía teatral. Por iso seguen a manter un gran nivel de aceptación entre o alumnado.

Nos anos de teatro universitario recollidos no presente estudo, prezamos unha gran cantidade de actrices e actores universitarios que fixeron carreira profesional ben no teatro ou ben na televisión. Tamén houbo alumnos que montaron os seus propios grupos amadores ou compañías profesionais. Seguro que hai máis e que haberá máis co paso dos anos, pero cremos que é bo como mínimo, constatar que polas aulas universitarias galegas pasaron moitos profesionais da escena e do audiovisual, actrices e actores, autores/as, directores/as de compañías e de festivais, técnicos/as, deseñadores/as de figurinos, de son, de luces, de maquillaxe, profesoras e profesores de teatro, mesmo da ESAD de Galicia, músicos/as, presentadores/as, produtores/as...

A continuación citamos algúns deses nomes para facerse unha idea do gran labor das aulas de teatro, mesmo cando non é este, en orixe, un dos seus obxectivos. A seguinte relación de nomes corresponde, polo tanto, a persoas que están presentes no teatro profesional galego e/ou no audiovisual (fundamentalmente na interpretación pero tamén en labores técnicos, de programación ou outros), ou que conformaron grupos (profesionais ou amadores) que se manteñen co paso dos anos e que saíron das aulas galegas:

- Da **Aula de Santiago**: Mónica García, Paulo Rodríguez, Artur Trillo, César Martínez 'Goldi', Rubén Ruibal, Carlos Losada, Lucho Penabade, Anabel Gago, Ursia Gago, Carlos Sante, Mónica Camaño, Xoán Carlos Mejuto, Ana Carreira, Xosé Manuel Esperante, Ibán Toxeiro, Xulio Abonjo, Marcos Correa, Roberto Pascual, Toni Salgado, Alejandra Juno, Vanesa Sotelo, Borja Insua, Fran Godón, Diego Meizoso, María Lado, Diego Rey, Carla Capeáns, Roi Méndez...
- Da **Aula da Coruña** (os tres primeiros nomes estiveron tanto na **Aula da Coruña** como na de Santiago): Rubén Ruibal, Carlos Sante, Xoán Carlos Mejuto, Xoán Udaondo, Octavio Mas, Raquel Fidalgo, María Torres, Vicki Teixeira, Xavier Castiñeira, Ramiro Neira,

Iván Marcos, Alberte Cabarcos, Estíbaliz Veiga, Ana Carril, Sara Casasnovas, Xoán Carlos Corredoira...

- Da **Aula de Pontevedra**: Andrea Bayer, Mohamed Azibou, MundoVillalustre...

- Da **Aula de Ourense**: Eva Fernández, Mónica G. Sueiro, Ruth Díaz, Sergio Zearreta, Tito Asorey, Nate Borrajo, Elisa Anta, Ruth Sabucedo, Tegra Vázquez, María Díaz, Alfonso Míguez, Xaime Mateo, Leticia Álvarez 'Lele', Uxía Pérez, Celso Ferro, Aitor Rey, Galicia Gutiérrez 'Gali', Eva Tato, Raquel Penín, Teté García, Marta Doviro, Leticia Piñeiro, Paloma Lugilde, Uxía Morán...

- Da **Aula de Vigo**: Nuria Montero, Ricardo Solveira, Dani Salgado, Marta Lado, Javier Octavio de Toledo...

- Da **Aula de Lugo**: Marga Portomeñe, Erika Esmorís, Melania Cruz, Rubén Pérez Pombo, Alba Fernández, Alberte Viveiro...

Habería que engadir a estes nomes outros de actrices a actores que fixeron e fan traballos profesionais relacionados co teatro, algúns con carreiras consolidadas, comezando nos grupos de teatro universitarios non institucionais. Hai profesionais que estiveron en **Captatio Benevolentiae** como Josito Porto, Raúl Varo, Gloria Rico, Alfredo Conde, Anabel Alonso... En **Eis** estiveron Javi Méndez, Fito Alonso, Carme Varela, Marga Portomeñe (que estaría na **Aula de Lugo** posteriormente), Borja Insua (que pasou pola **Aula de Santiago**), Nate Borrajo (que pasou pola **Aula de Ourense** posteriormente), Iolanda Ogando, Sante Cortegoso... No **Grupo de Galego de Filoloxía** estivo Paulo Rodríguez (pasou despois pola **Aula de Santiago**)...

Viamos que a ESAD ten unha certa influencia na cantidade e no tipo de alumnado das aulas pero, ata o de hoxe, non significativa. Porén hai algo que si vai ter importancia nas matriculacións de alumnos/as nas aulas universitarias, no perfil de alumnos/as que van ter e nas xiras que van poder realizar: o chamado 'Plan Bolonia'.

As aulas que tiñan créditos recoñecidos academicamente seguen a telos aínda que descende o número que poden outorgar (antes un crédito equivalía a 10 horas e agora equivale a 25/30 horas pero ten un máximo de 2 para ensinanzas como a do teatro, aínda que os alumnos traballen moitas máis horas) e pasan a denominarse ECTS (*European Credit Transfer and Accumulation System* ou Sistema Europeo de Transferencia e Acumulación de Créditos). Mais non é iso o que dificulta as matriculacións de universitarios/as nin o que máis afecta ás horas de ensaios, pois as persoas que se apuntaban nas aulas valoraban e valoran a obtención de créditos nun segundo plano en relación coa aprendizaxe teatral. Hai outros motivos que expoñemos a continuación.

Rematan as licenciaturas e pásase aos graos, polo que no canto de 5 anos os alumnos pasan a ter 4 anos de carreira (máis máster e/ou doutoramento). O control de asistencia a clase, as prácticas obrigatorias, as sesións de laboratorio, os seminarios, os traballos, pasan a ser determinantes, polo que se dificultan os ensaios a certas horas pero, sobre todo, as xiras. O novo sistema de créditos na universidade aumenta as horas de asistencia obrigatorias de tal xeito que, igual que fai difícil aos estudantes compaxinar estudos e traballo, tamén fai que sexa difícil para eles compaxinar estu-

dos e aula de teatro. Tamén inflúe o novo calendario de exames, xa que vén sendo en xaneiro e maio, e as mostras e festivais de teatro universitario están maioritariamente situados entre abril e maio.

Estes novos condicionantes, unidos a unha baixada xeralizada nos campus galegos das matrículas de estudantes universitarios (no curso 1999/00 había preto de 100.000 estudantes universitarios en Galicia que pasaron a ser 62.000 no curso 2013/14, practicamente un 40% menos), fai que o perfil do alumnado das aulas vaia variando e que se abra á cidadanía, a persoas que non necesariamente estean estudando unha carreira universitaria nese momento. As universidades, e as aulas de teatro, pasan a admitir a alumnos non universitarios coa condición de que teñen que pagar máis pola matrícula que aqueles que pertencen á comunidade universitaria. Cada universidade ten unha política ao respecto: hai universidades que poñen porcentaxes para os alumnos non universitarios e outras non. En ocasións, estes alumnos son persoas que xa están no ámbito laboral, o que tamén dificulta as xiras teatrais. Eis os motivos do cambio no número e no perfil do alumnado das aulas de teatro universitarias nos últimos anos.

Para poder manter a posibilidade dunha xira superior ás 10 funcións, máis os días de desprazamento se hai viaxes longas, hai que facer esforzos moi grandes por parte de todos os compoñentes das aulas, ademais do económico que fai a universidade, este último compensado polo feito de que as aulas de teatro amosan e difunden o nome da universidade á que pertencen alá por onde van. Hai universidades que teñen no teatro unha fiestra para darse a coñecer no Estado e internacionalmente.

Polo que respecta ás montaxes das aulas de teatro, presentan unha gran variedade e riqueza durante estes 25 anos obxecto de estudo.

As aulas de teatro universitarias de Galicia produciron, entre o curso 1990/91 e o 2014/15, 140 montaxes que xiraron por Galicia, a Península Ibérica e outros países, máis outras 65 montaxes daquelas aulas que teñen varios niveis ou daqueles cursos nos que as aulas produciron máis dunha montaxe, o que dá un total de 205 espectáculos montados nestes 25 anos. Un promedio anual de máis de 8 espectáculos sen contar toda a produción dos grupos universitarios non institucionais.

Constatamos neste estudo a existencia de 92 agrupacións teatrais universitarias non institucionais que existiron nos anos obxecto de estudo (entre 1990/91 e 2014/15). Aínda que algúns deses grupos fixeron montaxes antes do ano 90 (os chamados grupos históricos de Filoloxía da USC) aportamos aquí o dato do número de montaxes realizadas por todos eses grupos que tiveron actividade entre o ano 1990 e o 2015: son 313 as montaxes teatrais que realizaron os grupos universitarios non institucionais. Os grupos históricos de Filoloxía da USC son os que máis producións teatrais teñen no seu haber. O **Grupo de Inglés** 34 (17 no periodo obxecto de estudo e 17 antes de 1990, non contadas, polo tanto, dentro das 313 mencionadas antes), o **Grupo de Francés** 19 (12 no periodo obxecto de

estudo e 7 antes de 1990), **Eis** 18 (só 1 antes de 1990), **Captatio Benevolentiae** 16 (só 3 antes de 1990). Despois do réxime franquista e antes de 1990 (e polo tanto fóra do cómputo deste estudo) só restarían os 2 espectáculos do **Grupo de Galego da USC** e 1 dos que se montaron no Colexio Maior Fonseca.

Se sumamos os 205 espectáculos das aulas de teatro universitarias aos 313 dos grupos universitarios non institucionais, o total é de 518 espectáculos de teatro universitario estreados entre o curso 1990/91 e o curso 2014/2015, un promedio anual de máis de 20 espectáculos de teatro universitario galego.

Alén diso, se temos en conta o numerosos que adoitan ser os elencos universitarios, estamos a falar de perto de dous milleiros de persoas que pasaron polo teatro universitario institucional, máis todas aquelas que pasaron polos grupos universitarios (92 grupos), e que realizaron montaxes de sala, montaxes de rúa, accións teatrais, teatro infantil, teatro de monicreques, musicais...

Podemos ver así que, grazas ao teatro universitario, se abre para os alumnos-actores unha vía de traballo no caso dos que se queiran adicar profesionalmente a algunha das facetas teatrais. Así mesmo, e como mínimo, estase a obter un público cualificado, formado, que aumenta o número e a capacidade de recepción de espectadores nunha cidade. Se a experiencia resulta enriquecedora e grata, ese novo espectador atraerá ao seu entorno. Estamos a falar de futuros activistas teatrais: persoas que apoiarán o teatro coa súa presenza e a dos que o rodean, cos seus cartos da entrada, coa posibilidade de levar grupos (no caso de profesores e outros colectivos) ou con axudas empresariais ou institucionais no caso de futuros directivos ou cargos políticos. (Dacosta 2000: 433-434)

Respecto aos autores que se montan nas producións teatrais das aulas de teatro universitarias, encontramos contemporáneos galegos e de dramaturxias dos propios directores e directoras das aulas, creacións colectivas, dramaturxias a partir de novelas e así mesmo autores clásicos e contemporáneos da dramaturxia estatal e internacional.

*Ubú Rei*, é á obra máis montada polo teatro institucional galego xa que se puxo en escena polas **aulas de Ourense, Santiago, Vigo**, pola de **marionetas de Lugo** e pola **Aula da Coruña**, en orde cronolóxica. Hai outras obras que se puxeron por varias aulas nestes anos como *Nosa Señora das nubes* de Arístides Vargas (por Pontevedra, Coruña e Vigo -esta última unha adaptación-), *Hamlet* de Shakespeare (por Ourense e Santiago), *Roberto Zucco* de Koltés (por Lugo e Coruña), *O sangue do tempo* de García Pintado (por Ourense e Vigo) ou *Pic-Nic* de Arrabal (por Lugo e Pontevedra).

Gran parte dos directores e directoras das aulas son os autores e autoras das dramaturxias que se poñen en escena, algunhas a partir de textos teatrais e outras de novelas ou de varios textos. Algúns presentan textos propios como é o caso de Roberto Salgueiro, Fernando Dacosta, Rubén Ruibal, Ivonne Ruiz, Fina Calleja ou Elena Seijo. Estes autores/

directores fan tamén as dramaturxias das súas montaxes xunto a outros nomes como os de Ánxeles Cuña, Maribel González, Tareixa Campo, Chema Paz Gago, Manuela Rodríguez, Xoán Couto, Xoán Carlos Mejuto, Pablo (Paulo) Rodríguez, Benito Cañada, Paloma Lugilde, Zé Paredes, Quico Cadaval, Xulio Lago, Pepa Barreiro, Gonçalo Guerreiro, Sabela Gago, Nate Borrajo, Tito Asorey, Marga Portomeñe... Aparecen dramaturxias asinadas tamén por Begoña Muñoz, Carlos Couceiro, Carlos Vizcaíno, Alberto Avendaño ou Antonio Vilanova Allende.

Os autores galegos representados polas aulas universitarias son: Manuel Lourenzo e Vidal Bolaño (os máis representados: catro veces), Cunqueiro e Valle Inclán (2 veces cada un), e Luís Seoane, Euloxio Ruibal (do que se utilizaron textos para dramaturxias en máis ocasións), Jenaro Mariñas del Valle, Castelao, Inma Antonio Souto, Rodríguez Fer, Carlos Losada, Raúl Dans, Paz Grande, Cándido Pazó ou Marcelino de Santiago “Kukas”.

Os autores do Estado representados nestes 25 anos son García Lorca (o que máis veces foi ás táboas: 5), Arrabal, Benet i Jornet, García Pintado, Lope de Vega, Fermín Cabal, Sergi Belbel (2 veces cada un dos anteriores) e Francisco Nieva, Vázquez Montalbán, Max Aub, Marco Antonio de la Parra, Lola González, Bruno Bernardo, Cervantes, Casona, Ballesté, Elena Cánovas, Rubén Covos, J. C. Talavera, P. Mir, M. Iscla, D. Plana, J. Olle, Y. G. Serrano, J. Pere Peyro, A. Roca, J. Molla, Juan Mayorga, Ott, Sanchis Sinisterra, Jordi Gomar, Carol López, Gómez Arcos, Francisco de Monteser, María Zambrano, Paco Zarzoso, García Barba, Galdós, Fernando de Rojas, Jacinto Benavente ou Teresa Núñez.

Polo que respecta a autores internacionais, o máis representado polas aulas galegas é Shakespeare (9 veces); e tamén foron representados textos de Alfred Jarry (6 veces), Arístides Vargas e Brecht (3 veces), Beckett, Ende, Andersen, Calvino, Koltés, Müller (2 veces cada un) e Gombrowicz, Prevert, Synge, Wilder, Witckiewicz, Gil Vicente, Synge, Chekov, Auster, Molière, Gambaro, Bradbury, David Greig, Rulfo, Wedekind, Golding, Noëlle Renaude, Israël Horovitz, Serge Ganzl, Joan Jara, Mary W. Shelley, Gorki, Ionesco, Goldoni, Schwab, Caryl Churchill, Orwell, Schnitzler, Roma Mahieu, Stevenson, M. Tremblay, A. C. Clarke, Reginald Rose, Baricco, Huxley, Kane, Paasilinna, Sondehim, Barnes, Homero ou os irmáns Grimm.

Hai tamén varias montaxes asinadas como creación colectiva e outras que figuran como de varios autores sen especificar ou a partir de textos de múltiples autores.

A esta nómina de autores hai que sumarlle os autores representados polo teatro universitario non institucional.

Hai que ter en conta que hai títulos que parten de obras coñecidas e que varían por causa do imposto económico co que grava a SGAE as representacións. A Sociedade Xeral de Autores de España aplicou durante anos uns mínimos moi altos ao teatro universitario,



que en ocasións superaba a pouca billeteira recadada e mesmo cobraban sen haber billeteira aos organizadores do acto, gasto que acababa recaendo nas aulas. Desde hai un ano (no 2016) parece que volven á tendencia de cobrar o 10% da recadación pero depende dos casos. A SGAE é un factor distorsionador para as mostras de teatro universitarias cando desde esas mostras se está dando a coñecer aos autores e cando non hai ánimo de lucro na exhibición. Este feito ocasionou que se variasen títulos para poder facer autores que doutro xeito non se podería, como García Lorca ou outros.

As aulas de teatro universitarias galegas representan as súas obras en Galicia, nos diversos campus e noutras localidades. Chegaron a lugares moi diversos coas súas montaxes, espallando o seu teatro ademais de por Galicia, por España, Portugal e outros países. Estes son os lugares nos que rexistramos que actuaron as aulas galegas entre os cursos 1990/91 e 2014/15:

En Galicia: Santiago, Lugo, A Coruña, Ourense, Pontevedra, Vigo, Ferrol, Ribadeo, Viveiro, Ortigueira, Carballo, Carballiño, Foz, Noia, Cee, Vedra, Ames, Muros, Vimianzo, Arteixo, Chantada, Vilalba, Vilanova de Arousa, Vilamarín, Pereiro de Aguiar (C.P. Pereiro), Coruña (C.P. Teixeira), Monterroso (C.P.), Pontevedra (C.P. A Lama), Bonxe (C.P.). C.P. corresponde a Centro Penitenciario, xa que, como comentamos antes, a **Aula de Ourense** tivo representacións en varios cárceres, aínda que non foi a única con actividade nos centros penitenciarios.

En España, por Comunidades Autónomas:

Asturias: Oviedo, Llanera (C.P. Villabona)

Castela-León: Burgos, Ponferrada, León, León (C.P. Mansilla), Palencia (C.P. Dueñas), Valladolid (C.P.), Salamanca (C.P. Topas)

Comunidade de Madrid: Madrid, Móstoles, Colmenar Viejo, Tres Cantos

Castela-A Mancha: Madridejos, Almagro, Valdepeñas, Villanueva de los Infantes, Alcazar, Albacete, Uclés, Tarancón, Almonacid, Talavera de la Reina, Ocaña, Almansa

A Rioxa: Logroño

Euskadi: Eibar

Navarra: Pamplona

Aragón: Zaragoza, Teruel

Cataluña: Barcelona

Comunidade Valenciana: Alicante, Vila-real, Elche, Valencia, Cocentaina

Rexión de Murcia: Murcia, Torre-Pacheco


Andalucía: Cádiz, Granada, Jaén, Algeciras, Puerto Real, Almería, Jerez, Huelva, Bailén, Baeza, Chiclana, San Fernando

Extremadura: Cáceres, Badajoz, Mérida, Plasencia, Medellín, La Albuera

En total son 13 comunidades autónomas, ademais de Galicia, polo que ao teatro universitario galego só lle resta actuar en Cantabria e nas illas Baleares e Canarias para ter chegado a todas as comunidades do Estado.

As aulas de teatro universitarias tiveron funcións internacionais nos seguintes países e cidades: Bélxica (Bruselas, Liexa), Noruega (Bergen), Alemaña (Konstanz, Friedrichshafen), Países Baixos (Rotterdam), Francia (Rouen), Lituania (Vilnius), Portugal (Chaves, Covilhã, Coimbra, Lisboa, Aveiro, Vila Nova da Foz Côa, Porto), Italia (Xénova), Marrocos (Casablanca), EEUU (Nova Iorque, Buffalo), Canadá (St. Catharines), Porto Rico, México (Toluca, Morelia, Querétaro).

A **Aula de Santiago** é a que conta con máis saídas internacionais e máis funcións en Galicia, mentres que é a de **Ourense** a que percorreu máis lugares de España e Portugal. Tanto a **Aula de Lugo** como a de **Vigo e Coruña** teñen realizado funcións fóra de Galicia. A **Aula da Coruña** visitou México e América do Norte.



*Mapa dos países onde tivo representacións o teatro universitario galego 1990-2015*

O teatro universitario galego realizou actuacións en lugares ben diversos e distantes, deixando constancia do seu bo facer e abrindo portas á cultura galega e estatal.

Hai que ter en conta que todos estes logros se conseguiron contando cuns orzamentos moi axustados. Moitas foron tamén as funcións non realizadas en diversas partes do mundo ou do Estado por falta de orzamentos para poder levalas a cabo.

Debemos ter en conta que se trataba de grupos que non cobraban polas funcións que representaban, pero que deben garantir o aloxamento e manutención para os seus integrantes, e son grupos numerosos; hai que unir o gasto de desprazamento, que no caso dos intercambios na Península Ibérica asumían as universidades que se desprazaban; mentres nas funcións internacionais dependía de cada caso. De por parte hai que ter en conta que o espazo onde se realizan as funcións debe reunir as condicións técnicas precisas para poder levalas a cabo con garantías.

Para poder estrear o espectáculo e realizar esas funcións, tanto alumnos como profesores das aulas de teatro teñen previamente (durante os cursos de formación e durante os

ensaio) unha implicación que vai máis aló dos horarios establecidos pola matrícula e polos contratos. A medida que se achega a data de estrea e van aparecendo os distintos elementos que conforman unha montaxe (son, luz, vestiario, atrezzo...) os ensaios van prolongándose en horas e días co esforzo que supón para alumnos que teñen que erguerse á mañá seguinte e ir a clases ou para persoas que traballan e teñen a súa xornada laboral. Pasa o mesmo no momento das representacións, xa que os alumnos colaboran na montaxe da escenografía e realizan pases técnicos de adaptación aos distintos teatros ou salas. Tamén os profesores e colaboradores van moito máis aló das horas contratadas para conseguir o mellor resultado posible. A implicación é unha das claves do teatro universitario.

Esa implicación do alumnado e dos directores de aula amplíase ao momento de realización das mostras e festivais de teatro universitario. Non se trata só de programar unha serie de grupos, ademais de darlle un sentido artístico e social a esa programación procúrase o contacto humano, o coñecemento de procesos, a aprendizaxe daqueles que reciben os espectáculos e daqueles que o realizan.

As cantidades non poden revelar todo o que acontece nas mostras de teatro universitario en relación a aspectos como o da formación, o intercambio, o coñecemento, a aprendizaxe, o goce, a disciplina... pero poden axudar a facerse unha idea.

Podemos dicir, con posibilidades de erro non superior ao 2%, que en 22 anos (das edicións de 1994 ás de 2015) houbo 1.784 representacións en Galicia programadas polo teatro universitario galego dentro de mostras ou festivais. Destas, 467 foron en Santiago (FITU (233) e Mostra (234)), 187 na Coruña (semanas, encontros e FITEUC), 148 en Pontevedra (Mostras e MITEU de Pontevedra), 636 en Ourense (Mostra (8), MITEU (468) e MOTI (160)), 121 en Vigo (Mostras e MITEU), 210 en Lugo (Mostras) e 15 en Ferrol (funcións do **grupo universitario de Ferrol** e como sede do FITEUC, especialmente no ano 2011).

Un total de 1.784 representacións que dan unha media anual en Galicia de alomenos 81 representacións a cargo do teatro universitario, xa que pode haber outras representacións puntuais fóra das mostras. Hai que ter en conta que as aulas programan as súas mostras e festivais só na primavera, entre os meses de marzo e maio, excepción feita da MOTI de Ourense que é en decembro.

Teñen pasado polas mostras e festivais de teatro universitario galego grupos de moitos países (47), e dos cinco continentes, aos que hai que sumar grupos de toda España, o que supón un cuarto dos países que hai no mundo recoñecidos pola ONU. Rexistramos os seguintes:


De Oceanía: Australia

De Asia: Xapón, Palestina, Israel, Líbano, India, Irán, Afganistán

De África: Costa de Marfil, Guinea Ecuatorial, Angola, Marrocos, Tunicia, Exipto, Bisau, Cabo Verde, Sáhara

De América: Cuba, Brasil, Arxentina, Ecuador, Colombia, México, Guatemala, Honduras, Salvador, Nicaragua, Costa Rica, Chile, República Dominicana, Estados Unidos, Venezuela, Porto Rico

De Europa: Hungría, Reino Unido, Italia, Francia, Ucraína, Bielorrusia, Alemaña, Bélxica, Dinamarca, Portugal, Noruega, Bulgaria, Lituania, Rusia.



*Mapa dos países programados nas mostras e festivais de teatro universitario galego entre 1994 e 2015*

A MITEU de Ourense recibiu á maioría dos países, algúns dos cales pasaron por Vigo e Pontevedra. Tamén a Mostra de Santiago recibiu grupos de moi diversas procedencias, algúns dos cales pasaron por Lugo.

Difícilmente outra actividade cultural en Galicia, e mesmo fóra do ámbito da cultura, pode atraer a persoas e grupos de procedencias tan diversas. Persoas e grupos que á súa vez dan a acoñecer a súa presenza en terras galegas nas súas localidades de orixe, tanto no seu ámbito de amizade e familiar como no seu ámbito social, cultural e universitario e tamén nos medios de comunicación que recollen a nova nos seus lugares de procedencia, o que fai que Galicia tamén sexa coñecida por esta actividade. Difícilmente podería verse en Galicia (e no Estado) teatro desas procedencias se non fose polo teatro universitario.

A estes datos hai que sumarlle as múltiples actividades desenvolvidas dentro das mostras ou festivais como son exposicións, cursos, conferencias, proxeccións, concertos, encontros, coloquios, premios... As mostras convértense deste xeito nun foco cultural no que converxen diversas artes que se vén atraídas pola chamada do teatro. Un impulso cultural que chega cada primavera desde hai dúas décadas. Nas mostras universitarias realizáronse grandes concertos de música, como os de Deluxe, Mastretta, Kepa Junkera e Oreka, Leilía, Guadi Galego e Guillermo Fernández, Semba Reggae (Angola), Budiño, Fran Pérez “Narf”, Om/off, Dani Minimalia, Sargam, Eliseo Parra, Cool Hamster...

Tamén as mostras de teatro universitario galego, ou as aulas de teatro con actividades fóra das mostras, recibiron charlas e conferencias sobre o teatro e a sociedade de Marrocos, Sáhara, Costa de Marfil, India, Honduras, Salvador, Venezuela, Escocia, Guatemala, Nicaragua, Porto Rico, Irán, Palestina, Israel, Exipto... e de persoas como García Berlanga, Sergi Belbel, Albert Boadella, Manuel Lourenzo, Vidal Bolaño, José Monleón, Ricard Salvat, Ángel Berenguer, Díaz Pardo, Euloxio Ruibal, José Luis Alonso de Santos, Víctor Mosqueira, Evaristo Calvo, Quico Cadaval, Cándido Pazó, Etelvino Vázquez, Sante Cortegoso, Carlos Losada, Marifé Santiago, Luis Tosar, Antonio Durán “Morris”, Martín Cuenca, Jorge Sanz, Miriam Gallego, Miguel de Lira, Ernesto Chao, Quique San Francisco, Pep Sanchis...

A danza ten tamén unha presenza relevante nas programacións das mostras e festivais universitarios. Polo que respecta á danza universitaria galega, e desde hai varios anos, as aulas de teatro, e as mostras e festivais que organizan, contemplan nas súas programacións as producións das aulas de danza que tamén foron aparecendo e consolidándose en distintos campus de Galicia: Santiago, Coruña, Ourense e Lugo. No curso 1998/99 aparece programado por vez primeira o **Espazo de Danza Universitario da USC**, dentro do Festival de Teatro Universitario de Santiago.

O **Espazo de Danza Universitario (EDU)** nace coa intención de crear un espazo aberto aos estudantes universitarios para o desenvolvemento e evolución da danza. Ademais pretende ser a orixe dun laboratorio de danza contemporánea, fomentando as accións formativas e poñendo en escena coreografías enmarcadas neste campo da danza dentro da Universidade.<sup>1</sup>

Isto que fai referencia ao **Espazo de Danza de Santiago** dirixido por Juan Carlos Zahera faise extensible aos **Grupos de Danza de Lugo, A Coruña e Ourense**.

Tanto en Compostela como na Coruña, Lugo ou Ourense é frecuente que estean dentro das programacións. En Ourense, desde o ano 2011, inclúese na programación da MITEU o chamado “Encontro de danza interuniversitaria”, que presenta nunha sesión ás aulas galegas xunto a academias da cidade e, nos últimos anos, os premiados dentro dun certame de danza emerxente, coordinado por **Traspediante**. A **Aula de danza da Coruña** ten unha importante presenza no FITEUC e ten actuado tamén en Ferrol. Ademais fan representacións fóra de Galicia, en encontros de danza como o da Universidade Carlos III de Madrid. Nomes como Juan Carlos Zahera (danza da USC), Rut Balbís (Coruña) ou Begoña Cuquejo e Marta Alonso (Ourense) son referencias na danza universitaria galega.

Hai que engadir ao exposto ata o de agora os espazos culturais e de exhibición nos que se programa a actividade realizada polas aulas de teatro universitarias galegas, tanto para as súas representacións como para as súas programacións. Trátase dos espazos máis emblemáticos das artes escénicas galegas. Citamos a continuación os que recollimos, dos cales

<sup>1</sup> Extraído dun programa do arquivo Pillado Mayor, sen datar.

algúns son espezos recorrentes para as mostras e festivais e outros son puntuais nalgunha edición.

En Santiago: Teatro Principal, Salón Teatro, Sala Nasa, Sala Galán, Auditorio do Campus (Sala Vidal Bolaño), Fundación Eugenio Granell, Sala Yago, Galería Sargadelos, Facultade de Filoloxía e o Auditorio de Galicia.

Na Coruña: Teatro Rosalía, Teatro Colón, Forum Metropolitano, Ágora, Espazo Normal, Campus de Elviña e da Zapateira, Colexio Calvo Sotelo, Facultade de Humanidades, Facultade de Ciencias da Educación e o Centro Universitario de Riazor.

En Pontevedra: Teatro Principal, Auditorio de Caixa Nova, Facultade de Ciencias Sociais, Belas Artes, Escola de Maxisterio e as rúas.

En Ourense: Teatro Principal, Auditorio Municipal, Sala Pardo Bazán do Campus, Antiga Capela do Campus, Liceo, Cervexaría o Moucho, Café Ollo Ledo, Café Auriense, Café Plaza, Café Isaac, Centro Cultural Marcos Valcárcel, Livraria Torga (Vento do sul), Cine Clube Padre Feixoo, Pub Star, Pub Faíscas, Café Trampitán, Cine Box, Complexo Hospitalario, rúas e prazas da cidade.

En Vigo: Auditorio do Concello, Auditorio de Caixa Nova (García Barbón), Salesianos, Sala Vidal Bolaño do Campus (Teatro da cidade universitaria), Centro Cultural de Beade, Centro de ensino Teis Espiñeiro, Centro de ensino Eijo Garay, Monte do Castro, Instituto Politécnico de Torrecedeira, **Pub Sete Mares** e a Casa galega da cultura.

En Lugo: Auditorio Gustavo Freire, Círculo das Artes, Escola de Maxisterio, Sala Esmelgar Arte e Comunicación, Casa do saber, rúas e prazas da cidade.

En Ferrol: Centro Torrente Ballester, Sala do Centro Cultural Universitario do Campus. Todos estes espazos nas cidades con campus aos que hai que engadir os espazos doutras localidades galegas.

Aquelas mostras de teatro universitario galego que asomaron no ano 1994 chegaron a ser referencia na programación cultural das cidades galegas e unha referencia para outras mostras do Estado ademais de darse a coñecer internacionalmente.

Temos, polo que vimos, aulas organizadas desde a universidade para a formación teatral e a montaxe dunha obra de teatro que xirará por diversos campus de diversas cidades. As aulas de teatro universitario de Galicia, como tamén comprobamos, relaciónanse cada ano entre elas establecendo intercambio cun principio de reciprocidade. Esas aulas son os motores e as organizadoras de mostras e festivais de teatro que cada ano reciben outras aulas e grupos de procedencias variadas e diversas, ademais dos que proceden de Galicia. Toda esa actividade vén acompañada dun respaldo de público que fluctúa e varía por diversas circunstancias pero en xeral moi importante (sumando as mostras e festivais de Galicia podemos falar de estar ao redor de 25.000 espectadores anuais) e dun seguimento nos medios de comunicación tamén importante, o fai que a actividade, de xeito indirecto, chegue a máis cidadáns. A esta cifra de espectadores hai que engadirlle a de aqueles espectadores que cada montaxe das aulas galegas ten en cada representación que fai fóra de Galicia.



Con todos estes datos podemos concluír que estamos diante dun conxunto de regras ou principios conectados ao redor da actividade teatral universitaria en Galicia. Un conxunto de actividades (cursos, ensaios, producións, representacións, mostras...) que enlazadas entre si contribúen a facer do teatro universitario galego un referente cultural en Galicia e un referente no teatro universitario do Estado.

Con maior ou menor orzamento, con mellores ou peores instalacións, séguese un *modus operandi*, un método. Hai un conxunto ordenado de normas e procedementos que regulan o funcionamento teatral universitario en Galicia, con regras, principios ou medidas que teñen relación entre si. Un sistema teatral de 25 anos. Con carencias, con excepcións, con posibilidades de mellora, con fragilidade a pesar da súa importancia, pero hai un sistema teatral do teatro universitario en Galicia.

## 7.2. O modelo e a diferenza

En Galicia foise creando un modelo. Un modelo que pasa pola formación a comezo de curso, os ensaios cando o grupo está perfilado, a montaxe coa harmonización dos diversos elementos e linguaxes que a compoñen e as representacións, contactos con mostras universitarias para poder realizar noutros lugares esas representacións, ou para facer intercambios.

As mostras, desde a súa orixe, non só consisten en representacións, como dixemos, xa que o papel do organizador-anfitrión é moi importante. En moitas aulas séguese o modelo de que os/as alumnos/as ademais de ver os espectáculos tamén reciben aos compoñentes doutros grupos e comparten aprendizaxes sobre os procesos de construción dos espectáculos, comparten e viven os nervios desde dentro, cando actúan, e desde fóra cando ven e reciben. Aprenden a non sentirse sós diante desa situación e a aprezoar o traballo e o esforzo dos demais.

O sistema de recepción dos grupos, desde a acollida en teatros e hoteis ata a entrega de documentación sobre a cidade ou o acompañamento diurno e nocturno, foron un modelo seguido noutros lugares. As charlas e coloquios ao remate das representacións que se iniciaron na MITEU de Ourense e na Mostra de Pontevedra realizáronse tamén en Lugo e noutras localidades portuguesas e españolas. Co paso do tempo foron transformándose en puntos de encontro.

A rede de funcións, pequena pero efectiva, que un grupo universitario ten en Galicia non se coñece na universidade española. Unha aula universitaria galega sabe que pode contar coas funcións dos outros campus se non acontece nada extraordinario, como sabe tamén que vai recibir os seus espectáculos. Iso, que pode semellar pouco, é unha rede consolidada desde hai anos que garante, para a aula que así o queira, catro funcións fóra do seu campus (antes eran 5, cando existía a Mostra de Pontevedra).

Se ben existen estas semellanzas no desenvolvemento das aulas e mostras, tamén hai diferenzas no desenvolvemento das distintas actividades.

Unha diferenza substancial é a do acceso dos alumnos á aula de teatro. Hai aulas que fan probas para poder participar nas montaxes e outras que non. Pode derivarse disto que hai aulas nas que se elixe obra para o grupo que hai conformado e outras nas que se elixe grupo para a obra que está proxectada. Fan probas de acceso as aulas de Santiago e Coruña, non fan probas as de Ourense, Vigo e Lugo e tampouco se facían en Pontevedra cando estaba en funcionamento.

Outra diferenza é o calendario de ensaios; as aulas de teatro universitarias galegas teñen cursos de formación e ensaian maioritariamente desde comezos de curso ata marzo ou abril. Habitualmente os ensaios son dous días á semana entre dúas e catro horas cada día, e a duración vai aumentando en días e horas a medida que se achega a estrea. A **Aula de Santiago** e a **Aula infantil de Ourense** ensaian desde comezos de curso ata o mes de decembro, cando estrean, e empregan máis días á semana durante ese período.

A **Aula de Santiago** fai probas no mes de setembro para aquelas persoas que queren participar nas montaxes. O número de actores elixidos varía en función da obra que se vai montar. Os elixidos pasan a formar parte do elenco da compañía universitaria e os que non son elixidos teñen a opción de entrar nos módulos de interpretación ou de dirección. A eses módulos, onde se imparten cursos, tamén poden acceder os integrantes dos grupos universitarios que hai na USC.

Unha diferenza que ten a **Aula de Santiago** respecto ás demais, como dixemos, é o período de ensaios. Esta **Aula** ensaia nos meses de outubro, novembro e decembro. Estrean antes das vacacións de Nadal e despois fan a xira. Ensaian 4 ou 5 días á semana. A actividade da **Aula** continúa despois cos cursos mencionados e as mostras de teatro que no caso de Santiago son dúas (outra diferenza respecto ao funcionamento doutras aulas), un festival internacional para compañías estatais e internacionais onde actúa tamén a propia **Aula de Santiago** e que se celebra no mes de marzo e unha mostra para os grupos da USC e as aulas universitarias de Galicia que se celebra en abril ou maio.

A **Aula de Santiago** está no campus que rexistra o maior número de alumnos universitarios de Galicia, polo que non pode recibir a tantas persoas como as que queren facer teatro, de aí que sexa tamén o campus con maior número de grupos de teatro universitario non institucionais.

No campus da Coruña tamén se fan probas. Esta **Aula** pasou por varias etapas, desde a inicial do **Clube de Teatro**, onde había un grupo institucional e outros grupos que conformaban ese clube, ata a creación da **Aula** que levou á desaparición progresiva doutro tipo de grupos que funcionaban na universidade. Recentemente volveron xurdir grupos universitarios que acollen a aquelas persoas que non poden formar parte do elenco da **Aula de Teatro** por horarios ou polas limitacións do elenco dese ano. O período de formación

e ensaios vai de comezos de curso ata a estrea no mes de marzo.

A súa mostra acolle a grupos galegos, estatais e en ocasións internacionais. Adoita ser no mes de abril aínda que nos últimos anos, no canto de ser unha mostra concentrada no tempo, espállase ao longo do mes de marzo, abril e maio cunha serie de funcións intermitentes durante ese período. Ten importancia a presenza da **Aula de danza da UDC** dentro do festival que organizan.

No resto de aulas, como dicimos, non hai probas de acceso.

No caso de Pontevedra houbo algún grupo universitario a carón da **Aula de Teatro**, cunha vida efémera pero intensa, que mesmo chegou a organizar algunha mostra de teatro como é o caso do grupo **Quarto escuro**. Na **Aula** deste campus daban acollida a cantas persoas querían facer teatro, tanto na primeira etapa (dirixida por **Kalandraka**) como na segunda (dirixida por **Teatro de Ningures**). A mostra celebrábase nos meses de abril ou maio na segunda etapa, cando levaba o nome de MITEU ao estar coordinada con Ourense e Vigo (os campus da UV). Nos anos 1996, 97 e 98 tivo dúas mostras separadas para acoller a grupos internacionais e estatais, a primeira, e grupos e aulas galegas a segunda, polo que se coordinou en varias ocasións coa **Aula de Santiago** nesa época.

A **Aula de Ourense** tampouco fai probas de acceso. Fai fronte á demanda teatral por parte dos alumnos coa creación de varios niveis de ensino teatral. Hai tres grupos ademais da **Aula de Teatro Infantil**, o que dá cabida anualmente a uns 50 alumnos, polo que acolle a cantas persoas queren facer teatro nun curso académico.

As persoas que se achegan ao teatro por vez primeira entran no primeiro nivel, o segundo nivel está reservado para os que cursaron 1º ou para aquelas persoas que teñen experiencia teatral noutras aulas, en grupos afeccionados ou que teñen estudos teatrais dalgún tipo. No terceiro nivel están aquelas persoas que cursaron 2º ou as que repiten a experiencia da montaxe. Na **Aula infantil** poden entrar alumnos sen experiencia teatral.

O curso comeza con seminarios de formación actoral en cada nivel. De aí pásase aos ensaios e montaxes das distintas obras (unha en cada nivel). O 3º nivel estrea en marzo (os primeiros anos era en xuño, pasouse a abril no ano 96 e nos últimos anos a marzo) e despois continúa con ensaios e a xira. O 1º e 2º nivel estrean as súas producións en abril, dentro da MITEU.

A **Aula Infantil de Teatro Universitario**, única deste xénero no Estado, ten outro calendario: ensaia 3 ou 4 días á semana desde setembro ata decembro, momento en que estrea dentro da MOTI, a Mostra de Teatro Infantil de Ourense.

En canto á Mostra de Teatro, a MITEU, en Ourense hai unha mistura de teatro universitario e profesional na programación, ademais de programar concertos, exposicións e proxeccións con asiduidade. Habitualmente un tercio da programación é profesional e dous tercios universitaria dun total de 30 espectáculos nas últimas edicións.

A MOTI diferénciase das outras mostras en que a programación está dirixida ao público infantil e é profesional menos no caso da **Aula de teatro infantil de Ourense** e algunha compañía (poucas) afeccionada, composta habitualmente por antigos alumnos da **Aula de Teatro**.

A **Aula de Vigo** empezaba os ensaios no mes de outubro e estreaba no mes de maio. Nos últimos anos, por unha cuestión orzamentaria, comeza os ensaios máis tarde, en xaneiro, e montan a obra que estrean en abril. A súa mostra distribúese en varios días entre os meses de marzo, abril e maio e coordínase coa MITEU de Ourense para a programación de grupos do Estado e internacionais. Como recollimos no estudo, o Campus de Vigo tamén tivo algún grupo de teatro universitario á parte da **Aula**.

A **Aula de Lugo** tivo 2 niveis de ensino nalgún curso académico, tamén en varios cursos presentou un grupo universitario institucional de marionetas, e dá acollida a todos aqueles alumnos que queren facer teatro. Nos últimos anos apareceron dous grupos de teatro universitario que teñen a súa actividade na residencia universitaria Bal y Gay. O Campus de Lugo tivo a única compañía de teatro de monicreques de Galicia, experiencia única tamén no Estado. A súa Mostra desenvólvese no mes de marzo ou abril en coordinación coa de Santiago. Ten peculiaridades como encontros, cursos, concertos nalgunha edición e un apartado nas últimas edicións chamado “Teselas”, que son pezas curtas de teatro de antigos alumnos da **Aula** ou de escolas de arte dramática.

Ferrol é o campus máis desigual canto a actividade teatral universitaria. Só durante catro anos pareceu callar a iniciativa baixo a dirección de Gonçalo Guerreiro, que viña despois de anos sen actividade tralas experiencias de Xoán Carlos Mejuto e Jorge Castro Ruso, pero as dificultades espaciais e económicas non permitiron que se mantivese.

En xeral as aulas contan con elencos numerosos, o que permite poñer en escena obras que doutro xeito non sería posible, tal e como lle acontece por cuestións económicas ao teatro profesional.

As aulas da Universidade de Vigo aseméllanse entre elas en cuestións administrativas. Desde a súa fundación están dirixidas por compañías profesionais con experiencia no ámbito docente que establecen un contrato coa universidade. Das tres aulas, a de Ourense é a que se mantén desde a súa orixe baixo a dirección de **Sarabela Teatro**. Pontevedra antes da súa desaparición e Vigo están baixo a dirección de **Teatro de Ningures**. Ao comezo estaban baixo a dirección de **Kalandraka** (Pontevedra) e **Vagalume** (Vigo).

As **Aulas da Coruña e Ferrol** están dirixidas por profesionais contratados. No caso da Coruña tivo un primeiro director-coordinador que pertencía á propia Universidade (Chema Paz Gago), pero desde o ano 1998 contrátanse a distintos directores, algúns estiveron un só ano e outros varios cursos como é o caso de Ivonne Ruiz e Benito Cañada, de Paulo Rodríguez, de Zé Paredes e na actualidade de Rubén Ruibal, quen dirixe no período obxecto de estudo 6 anos a **Aula de Teatro** e quen continúa na actualidade. No Ferrol tamén se funcionaba mediante contrato a un profesional director-docente.

Santiago é a única **Aula de Teatro** que ten unha estrutura como tal, cun director que forma parte da engranaxe da propia universidade e está contratado para ese cargo. Roberto

Salgueiro é, desde a fundación da **Aula**, o seu director. No caso de Lugo, as persoas que dirixiron e dirixen a **Aula** son tamén coordinadoras da actividade no Campus de Lugo. Durante estes 25 anos pasou pola dirección de varios anos de Tareixa Campo, de Paulo Rodríguez e por unha etapa de contratación de diversos directores por períodos curtos de tempo ata a chegada de Paloma Lugilde que, con dúas etapas na dirección, é a persoa que máis anos leva dirixido a **Aula**.

Son os directores de aula as persoas encargadas de dirixir ou coordinar as mostras e festivais de teatro que se realizan nos campus. Só no caso de directores contratados para un único espectáculo non se deu esta circunstancia no teatro universitario galego, ou ben no caso de Ferrol, pero porque non chegaron a organizar neste Campus unha mostra universitaria propia.

En relación coa continuidade no tempo dos directores das aulas e mostras destaca Ramiro Neira “a importancia de manter unha planificación e unha continuidade nas Aulas de Teatro, e isto pasa porque os directores coñezan a realidade das súas universidades e traballen por unha mellora constante na actividade teatral universitaria”. (2001: 17-18).

Como vimos hai máis coincidencias que diferenzas nos funcionamentos das aulas, que se asemellan nas liñas xerais pero que difiren nalgunha cuestión significativa.

### 7.3. Etapas e tendencias das aulas

O feito de atribuír unha tendencia a unha empresa artística composta por persoas en cambio vital e teatral constante é difícil, como xa apuntabamos noutro lugar (Dacosta 1998). Hai, porén, unha serie de riscos, de características, que poden levarnos a falar de tendencias. Aínda que clasificar os espectáculos ou aos directores por tendencias resulta en exceso simplificador xa que nin persoas nin grupos son inmutables e co transcorrer do tempo aprézanse cambios nos seus percorridos. Os realizadores dos espectáculos (especialmente director ou directora), fan unha lectura particular do texto do autor, de xeito que a tendencia non ten tanto que ver co autor representado como co grupo e o director que pon en escena unha obra determinada nun momento determinado.

Na presente tese non se puido abranxer un estudo semiolóxico, posibilidade que queda aberta para futuras teses e traballos de investigación. A historiografía teatral universitaria galega resultou ser demasiado extensa, ademais dunha base necesaria, entendemos, para eses futuros estudos. Así mesmo, o feito particular de quen isto escribe de estar tan involucrado no teatro universitario, ser parte del, fai que sexa complicado, en certa maneira, ter a capacidade de analizar os traballos realizados por un mesmo.

Facemos a continuación unha análise das etapas das aulas en relación cos seus directores e directoras. Pasamos a facer unha relación desas etapas, polo tanto, en función das

persoas que levaron a cabo as postas en escena e contando coa axuda de Patrice Pavis (1996) e o seu *diccionario* para determinadas definicións ou tendencias que propoñemos. Para poder entender as montaxes ás que se fai referencia nalgún caso, están os datos do apartado 3 da presente tese.

## AULA DE SANTIAGO

CURSO/S	ANOS DIRIXINDO	DIRECCIÓN ESCÉNICA
1990/91 a 2007/08	18	Roberto Salgueiro
2008/09	1	Cándido Pazó
2009/10 a 2014/15	6	Roberto Salgueiro

Roberto Salgueiro é o director de todas as montaxes da **Aula de Teatro da USC** coa excepción do curso 2008/09 onde Cándido Pazó dirixiu *Xogos á hora da sesta*, unha peza con profunda temática social revestida de divertimento situada nun parque de xogos para nenos.

Para Salgueiro a dirección escénica é un exercicio totalizador, parécelle fundamental o traballo cos actores como tamén o traballo coa iluminación, o vestiario, o espazo escénico e o sonoro. Iso dálle unha característica ás súas montaxes que é o coidado no formal, tanto na interpretación como nas demais linguaxes escénicas. O coidado da imaxe está presente no seu traballo, así como a austeridade nos elementos utilizados, que poden ser ben grandes como un piano ou unha gaiola colgada pero en xeral serán poucos e produto dunha selección estética e significativa.

Nunha etapa inicial presenta obras nas que prevalece o absurdo e hai unha presenza latente ou patente do humor negro. Está presente tamén o grotesco neses espectáculos de humor negro, e hai tendencia cara o expresionismo en pezas máis tráxicas. Hai, por veces, un achegamento ao críptico, ao difícil de comprender se non é pola conxunción de estímulos e sensacións en determinados espectáculos.

Racha con esa liña cando presenta clásicos como Valle, Castelao ou Shakespeare.

Vira cara un humor máis branco noutras montaxes: *Trufaldino*, *O burgués*, *O cabaleiro*, para regresar a un humor aberto, e novamente negro por veces, en varias montaxes ao redor do ano 10.

Será a partir do 2012/13, con *Agamenón*, que presente pezas que conxugan o teatral co coreográfico, o cruel e a presenza do humor. A música en directo vai collendo moita presenza nestes últimos anos. Ese teatro con historias fragmentadas, con presenzas máis que representación por momentos, a multidisciplinabilidade e a mistura de xéneros, a ambigüidade e a distorsión, o feito de amosar o eclecticismo da realidade, lévanos a considerar o seu teatro como post moderno, especialmente nas súas últimas montaxes.



AULA DA CORUÑA

CURSO/S	ANOS DIRIXINDO	DIRECCIÓN ESCÉNICA
1990/91, 91/92, 94/95	3	Chema Paz Gago
1992/93 a 1993/94	2	David Arouguetti
1995/96	1	Xoán Carlos Mejuto
1996/97	1	Miguel Pérez Romero
1997/98	1	Cándido Pazó
1998/99	1	Xosé Manuel Rabón
1999/00	1	Carolina Ramos Xoán Udaondo (coordinación)
2000/01	1	Xavier Castiñeira
2001/02 a 2003/04	3	Ivonne Ruiz e Benito Cañada
2004/05 a 2005/06	2	Pablo (Paulo) Rodríguez
2006/07 a 2008/09	3	Zé Paredes
2009/10 a 2014/15	6	Rubén Ruibal

Do curso 1990-91 ao curso 1996-97, o grupo institucional da Coruña tivo 4 directores de escena entre os que estaban Chema Paz Gago, pero el era ademais o director do **Clube** e encargado das dramaturxias naquelas obras que non dirixía.

O propio Paz Gago reconece que nesa primeira etapa era complicada para el a dirección de actores. Procuraba unha poética teatral vencellada ás vangardas históricas (como o surrealismo e esperpentismo) e ao absurdo.

Paralelas no tempo ás direccións de Chema Paz Gago estaban as montaxes do grupo **A Balteira**, fundado por Francisco Nodar Manso, quen basea o seu traballo na investigación e na representación de espectáculos sen ningún tipo de concesión ideolóxica. Traballan con obras dunha gran forza dramática que escenifican mesturando harmónicamente a declamación, a danza, o canto e a música.

Trala etapa á fronte da **Aula (Clube)** de Paz Gago viñeron uns anos nos que en cada curso había un director distinto. Non chegou a haber ningunha liña, xa que cada un deses directores tiña a súa impronta e o seu selo persoal. Coincidiu que foi unha época de montaxes de textos clásicos con autores como Gil Vicente, Chekhov ou Shakespeare.

A esta época seguiu outra na que os directores estaban á fronte da **Aula** dous ou tres cursos. Ivonne Ruiz e Benito Cañada, mexicanos que residían na Coruña, levaron a pegada do teatro centroamericano e sudamericano á **Aula**. Empregan tempos lentos para expresar, repeticións en certas formas, aparición do realismo máxico, presenza da crueldade, e, ao tempo, achegamentos ao teatro do cotián.

Seguiu Pablo (Paulo) Rodríguez, interesado no teatro con mensaxe, con investigación e xogos previos que levan a un teatro denso onde as palabras son elementos que rachan cos silencios. Un teatro de ritmo lento que se achega ao teatro da crueldade polo que supón de choque emocional ao espectador, un teatro máis ritual que psicolóxico.

Continúa esa liña Zé Paredes pero achegándose máis ao grotesco en determinadas montaxes e ao épico noutras.

Con Rubén Ruibal os actores son parte da creación e da dramaturxia en determinados espectáculos. Como o propio director recoñece hai máis unha procura de encontro entre os actores, de reflexión, de diversión que un empeño no resultado final. Vai máis ao proceso que á posta en escena para o público. O disparate está presente nas súas montaxes, a dinamización do grupo prima, o que leva a montaxes con resultados diferentes, con ritmos pausados con frecuencia. Un teatro conscientemente pobre, construído na sobriedade, eliminando o que non é estritamente necesario e baseándose no corpo e na palabra.

### AULA DE PONTEVEDRA

CURSO/S	ANOS DIRIXINDO	DIRECCIÓN ESCÉNICA
1991/92	1	Casilda García e Xosé Manuel Pazos
1993/94 a 1996/97	4	<b>Kalandraka</b> (X. Couto / M. Rodríguez)
2000/01	1	Casilda García
2001/02	1	Fran Paredes e Santiago Cortegoso
2002/03 a 2009/10	8	Salvador del Río

**Kalandraka** dirixiu a **Aula de Teatro Universitaria de Pontevedra** desde o curso 1991/92 ata o 1997/98. Xoán Couto era a cabeza visible da **Aula**, tanto nas direccións escénicas (xunto a Manuela Rodríguez nalgunhas delas) como na dirección das mostras.

**Teatro de Ningures** fixose cargo da **Aula de Teatro de Pontevedra** de xeito gradual xa que desde o ano 99 estaba na coordinación das mostras despois dun período no que Manuel Vietes coordinou as actividades da **Aula**. Desde o curso 2000/01 ata o 2009/10 fixéronse cargo da dirección dos espectáculos, sendo Salvador del Río a persoa que máis anos dirixiu as postas en escena da **Aula**.

Na **Aula de Teatro de Pontevedra** podemos falar de dúas etapas diferenciadas.

A primeira foi a da dirección de **Kalandraka**. O principio fundamental era a relación entre teatro e educación, pasando pola elaboración de materiais didácticos para a escola. Facían espectáculos para a infancia e a xuventude. Partían dun autor ao redor do cal xiraba a actividade anual da **Aula de Teatro**, tendo como referencia a vida e a obra dese autor que ben podía ser clásico ou contemporáneo.

Facían máis fincapé no proceso que no resultado final, partindo da idea de traballo escolar feito nun medio escolar para un medio escolar, en palabras do propio Xoán Couto. A pegada de Gisèle Barret e a da pedagogía da expresión dramática, con compoñentes lúdicos, estaba presente nos espectáculos. Un teatro próximo ao didáctico, dentro do terreo pedagóxico, fan a reivindicación dunha poesía didáctica nesa época.

Coa dirección de **Teatro de Ningures** varía esa tendencia pedagóxica do espectáculo teatral. O elenco non toma parte na dramaturxia como na etapa anterior ao non ser obxectivo do curso. Son obras dirixidas a un público adulto baseadas no teatro de texto. Despois da dirección de Casilda García, Santiago Cortegoso con Fran Paredes e Pepa Barreiros (un curso cada un deles) toma a dirección das montaxes Salvador del Río. Predominan as comedias absurdas ou satíricas con referencias a temas de actualidade. Búscase aprofundar nas relacións entre personaxes, máis que unha busca ética ou estética determinada, evitando grandes efectos e recursos. Hai unha finalidade de divertimento para o grupo e o espectador.

### AULA DE OURENSE

CURSO/S	ANOS DIRIXINDO	DIRECCIÓN ESCÉNICA
1991/92 a 1993/94	3	Ánxeles Cuña
1994/95 a 2014/15	21	Fernando Dacosta

**Sarabela Teatro** é a compañía que dirixe a **Aula de Teatro** desde o seu comezo. Ánxeles Cuña é a fundadora e Fernando Dacosta a persoa que máis anos a dirixiu. Outros membros de **Sarabela** dirixen as montaxes dos outros niveis da **Aula**. Sabela Gago o primeiro nivel, Fina Calleja e Elena Seijo o segundo nivel, Elena Seijo a **Aula infantil** (que tamén dirixiron Fina Calleja e Sabela Gago).

O compromiso coa sociedade e as inxerencias do tempo no que se crean as montaxes é o que leva a Ánxeles Cuña á elección das obras. Tamén as posibilidades que as artes escénicas teñen como ferramentas educativas. O humor crítico tivo presenza nas súas montaxes, a incomunicación como tema central, a exploración de novas linguaxes teatrais con fragmentación textual. Unha linguaxe poética con densidade nos textos apoiada nas diversas linguaxes escénicas. Esa procura de novas formas de expresión sitúannos nunha tendencia de teatro experimental.

Fernando Dacosta presenta varias liñas nas súas postas en escena. Hai unha recorrencia na elección de textos narrativos, de novelas que son adaptadas ao teatro con dramaturxias realizadas por el. Presenta tamén algunha creación propia e varias obras teatrais adaptadas ao elenco e aos tempos.

O tratamento do espazo e do obxecto polivalente e polisémico, o soporte sonoro acompañando ás emocións e o coral na interpretación están presentes nas súas montaxes.

Hai unha liña de teatro de axitación, procurando sensibilizar ao público respecto a situacións políticas ou sociais. Son varias as obras que se adentran na distopía ou futuro adverso (da que se fixo unha tetraloxía ademais doutras montaxes) como maneira de facer un teatro de advertencia. O teatro serve como instrumento político.

A carón desta liña está a da loita do ser humano para conformarse como tal, para ter un lugar no mundo. Abórdase o estudo do ser humano e das súas reaccións segundo as circuns-

tancias. Obras que teñen o humor como compoñente preciso para a vida, que procuran a conxunción de diversas linguaxes escénicas para salientar os conflitos.

Hai outra liña: a das accións teatrais na rúa, espectáculos cun gran número de actores e seguindo a tendencia de teatro de axitación.

Polo que respecta ao primeiro nivel, Sabela Gago realiza teatro de rúa e de participación. No segundo nivel (Fina Calleja e Elena Seijo) hai un traballo sobre escenas con coreografías e coas cadeas de acción ben marcadas ademais do traballo de relación dos personaxes e co espazo.

**Geppetto** é o grupo da Aula de Teatro Universitaria de Ourense que está especializado en teatro infantil. A dirección recae desde hai anos en Elena Seijo.

## AULA DE VIGO

CURSO/S	ANOS DIRIXINDO	DIRECCIÓN ESCÉNICA
1993/94, 1994/95, 1997/98	3	Maribel González
1996/97	1	Leonel García Laborde
2000/01	1	Casilda García
2001/02, 2002/03	2	Salvador del Río
2003/04 a 2014/15	12	Pepa Barreiro

**Vagalume** dirixiu a **Aula de Teatro Universitaria de Vigo** desde o curso 1993/94 ata o 1997/98. Maribel González era quen dirixía a **Aula** e coordinaba as mostras no Campus de Vigo.

**Teatro de Ningures** fíxose cargo da **Aula de Teatro de Vigo** de xeito gradual, ao mesmo tempo que a de Pontevedra. Desde o ano 99 estaba na coordinación das mostras despois dun periodo no que Manuel Vietes coordinou as actividades da **Aula**. Xa desde o curso 2000/01 ata a actualidade faise cargo da dirección dos espectáculos, sendo Pepa Barreiro a persoa que máis anos dirixiu a **Aula**.

Son dúas etapas diferenciadas as dirixidas por **Vagalume** e por **Ningures**.

Na primeira etapa, baixo a dirección de Maribel González, as obras son de creación colectiva baseadas en creacións de diversos autores. Non presentan tanto montaxes como tal, senón máis ben “mostras de traballo” baseadas en ritmos, impulsos e cánticos, relacionadas con frecuencia co ciclo festivo (entroido, maíos, Nadal...). Son montaxes de rúa, circulares, con colaboración do público. Teatro de participación de orixe ritual ou mítica con influencia da mística de Grotowski. Procúrase unha participación emocional.

Coa chegada de **Ningures** pásase a un teatro de sala, hai unha montaxe dirixida por Casilda García e dúas por Salvador del Río (que transitan de Jarry a Koltés, de comedia a drama contemporáneo) antes das direccións de Pepa Barreiro. Esta directora alterna as

comedias cun teatro de corte máis intimista. Hai un teatro do cotián, por unha banda, e o que poderíamos considerar teatro de cámara por outra, con conflitos esenciais, evitando golpes de efecto, no que é o asunto tratado o que condiciona a forma, presentada de xeito simple. Un intento de participación equitativa de todo o elenco, sen grandes movementos en escena e con coidado dos pequenos detalles.

## AULA DE LUGO

CURSO/S	ANOS DIRIXINDO	DIRECCIÓN ESCÉNICA
1993/94 a 1997/98	5	Tareixa Campo
1998/99 a 2002/03	5	Pablo (Paulo) Rodríguez
2003/04 a 2006/07	4	Paloma Lugilde
2007/08	1	Quico Cadaval
2008/09	1	Xulio Lago
2009/10, 2010/11	2	Alberte Cabarcos
2011/12 a 2014/15	4	Paloma Lugilde

Na primeira etapa, de Tareixa Campo, hai unha primeira montaxe na que se atende ao pasado histórico, con teatro de rúa e participación.

Nas seguintes montaxes, Campo variou a temática e ademais pasou a facer teatro de sala. Puxo en escena clásicos galegos, estatais e internacionais, procurando a participación lúdica e crítica do alumnado. Hai tamén un teatro do cotián, en contraposición coa presentación dos grandes heroes. Amósase o atípico, aquilo insignificante, aparentemente, no desenvolvemento histórico.

Seguiu na dirección da **Aula** Paulo Rodríguez, que marca a liña que apuntamos na dirección da **Aula da Coruña** (dirxiu antes a de Lugo que a da Coruña). Falabamos dun teatro denso, de ritmo lento que se achega ao teatro da crueldade polo que supón de choque emocional ao espectador, un teatro máis ritual que psicolóxico. Continúan os elencos amplos nesta etapa, aínda que algo menos numerosos que nas montaxes de Campo. Montaxes crípticas ás veces, poéticas, melódicas.

Trala etapa de Paulo Rodríguez pasa a dirixir a **Aula de Lugo** Paloma Lugilde. Experimentación e investigación nas súas propostas, con trasfondo social e/ou existencial. Un actor fai varios personaxes como noutras aulas, pero nas súas montaxes é moi frecuente que un personaxe sexa interpretado por varios actores ou actrices. Un teatro total que introduce ao espectador na atmosfera da obra apelando a todos os sentidos e con grande riqueza de significacións, relacionando a iluminación, o espazo o movemento, o son... con rupturas habituais da cuarta parede, co espectador pegado espacialmente aos actores en moitas ocasións e fuxindo da representación á italiana. A procura dun espectáculo integral.

Trala primeira etapa de Lugilde veñen catro anos nos que pasan 3 directores distintos, polo que é difícil falar de liña ou tendencia. Cadaval e Lago son directores de amplísima

experiencia que deixaron o seu bo facer nas montaxes. Cabarcos estivo dous anos e presentou obras de temática social, de indagación nas reaccións do ser humano.

Despois dese período volveu á dirección da **Aula** Paloma Lugilde.

### TEATRO UNIVERSITARIO DE FERROL

CURSO/S	ANOS DIRIXINDO	DIRECCIÓN ESCÉNICA
1996/97	1	Xoán Carlos Mejuto
1997/98	1	Jorge Castro Ruso
2010/11 a 2013/14	4	Gonçalo Guerreiro

O teatro universitario en Ferrol tivo poucas montaxes e só as da época de Gonçalo Guerreiro tiveron unha continuidade que permite falar de tendencia.

Di Xoán Carlos Mejuto que na elección da obra coa que se inaugurou o teatro universitario en Ferrol concorreron dous criterios, o simbólico de representar a Manuel Lourenzo, como un dos pais do teatro galego actual, e o sentimental de render homenaxe ao actor Ibán Toxeiro.

Castro Ruso elixiu un texto de Synge e xa con Guerreiro fanse creacións orixinais, con material que se obtiña das improvisacións dos propios actores, a partir de vivencias, con preocupación pola temática social ou existencial. Teatro xestual, con pouco apoio no texto. Montaxes poéticas a partir do corpo e do visual.

Fixemos, ata aquí, un percorrido polas distintas etapas das aulas en relación cos seus directores ou directoras, coas persoas que marcaron as tendencias das súas montaxes no período obxecto de estudo.



**CAPÍTULO OITO**  
**CONCLUSIÓNS**



O teatro universitario galego recolle o facho prendido polo teatro universitario de **La Barraca** e que quedou esmorecendo no ano 36. Previamente á aparición dos grupos universitarios nos anos 80, tal e como reflectimos, houbo unha aparición do TEU en Galicia, sobre todo nos 50 e 60, con montaxes teatrais, lecturas dramatizadas e outras actividades. Aí detívose, ou máis ben, retívose ese intento de volver prender o facho que parecía esmorecer de novo coa situación social e política dos prolongados 40 anos de escuridade. O teatro universitario vía como era o teatro independente o que se postulaba na defensa da cultura e da lingua. Posteriormente o teatro independente foi derivando cara á profesionalización ou cara o amateurismo. E isto que acontecía en Galicia mantiña un paralelismo co que acontecía en España, aínda que ese facho procuraba manterse alumeando coas actividades do teatro universitario de Murcia, Salamanca ou Granada, a Granada lorquiana. Co cambio de réxime político, desde a Facultade de Filoloxía de Compostela, na lingua de Shakespeare, un grupo empezou a darlle pulo de novo ao teatro universitario en Galicia. Seguiría outro grupo na lingua de Molière, e despois outro na lingua de Cervantes e outro, por fin, xa na lingua de Castelao, Ferreiro, Pedrayo ou Rosalía. Cando foron cinco os grupos, con moitos compoñentes cada un, e as semanas teatrais empezaron a ser seguidas por moitos espectadores, e dunha universidade se pasou a ter tres en Galicia, o facho do teatro universitario acabou por recompoñerse e alumear de novo, e apareceron as aulas de teatro, a proliferación de grupos universitarios non institucionais, as mostras, as representacións..., e con todo iso os soños do 36 deron un chouto de 55 anos e as travesías de Lorca e Ugarte coa **Barraca** volveron xurdir multiplicadas por diversos camiños. E un dos camiños máis prolíficos resultou ser o galego. E as pantasma dos que un día foran derrotados pasaron a comandar unha tropa libertaria de aulas e de grupos de teatro universitarios.

Como procuramos demostrar con esta tese, existe un sistema teatral universitario galego que funciona como un sistema particular dentro do Estado. Procuramos tamén apuntar camiños, deixalos abertos para teses futuras que poidan atopar aquí unha base importante a partir da que realizar os seus propios estudos. Cremos que é un terreo non explorado en profundidade ata o de hoxe e que pode servir para a publicación dun libro ou, o que é máis importante, constituír un documento que sirva para manter esta preciosa xoia cultural e para buscar melloras de cara a un futuro.

Respecto á situación actual e ás perspectivas constatamos que as aulas de teatro universitarias de Galicia presentan modelos que son pioneiros e referencia en España, tanto na formación actoral como na organización e xestión de mostras e festivais de teatro. Son aulas que percorreron a Península e outros países coas súas montaxes. Xunto a esas aulas institucionais están tamén os grupos universitarios non institucionais cunhas propostas arriscadas e ben interesantes, necesitados de axudas por parte das universidades, porque os orzamentos para teatro son escasos tanto para compañías profesionais como para as afeccionadas ou as universitarias. A actividade que desenvolven as aulas de teatro cos cursos, ensaios e montaxes e a que desenvolven en mostras e festivais en relación co orzamento co que contan é altísima, como vimos de ver, en cantidade e calidade e saíria moi ben parada nas comparacións con outras actividades tanto culturais como doutra índole impulsadas desde administracións autonómicas, provincias e locais. Son euros ben ‘apañadiños’. Repercuten na economía local (hoteis, restaurantes, imprentas, medios de comunicación, axencias de viaxes, locais de copas, tendas, taxis, salarios, seguridade social, proxección da cidade e do campus, comercio, turismo...), ingresan, ademais, un 21% do que moven economicamente pola súa actividade cultural ao Estado como Imposto sobre o Valor Engadido, un IVE dos máis altos de Europa, e a situación non vai cambiar aínda que baixen o prezo das entradas, pois o que máis afecta son as contratacións e as facturacións, e aí non está pensado, de momento, baixar o IVE.

Ao tempo, as universidades, con variacións dunhas a outras, fan un esforzo importante por manter a actividade. Santiago é o Campus que ten máis consolidada a súa estrutura, ao estar integrada a Aula de Teatro na propia Universidade. Está mellor tratada economicamente Santiago que Lugo, ao tempo que recae máis labor no campus compostelá. Porén recibiron baixadas orzamentarias importantes desde a chamada ‘crise económica’ do ano 2008 que trouxo aparellada unha redistribución da riqueza e unha baixada orzamentaria á educación e á cultura. A Universidade de Vigo mantén unha regularidade nas axudas pero avisa, desde hai un tempo, de posibles baixadas orzamentarias que afectarían á actividade das aulas. No ano 2010 perdeuse a Aula e a Mostra de Teatro de Pontevedra. Hai intentos de recuperación da actividade, con conversas, con proxectos presentados, pero sen concretarse ata o de hoxe nin con posibilidades inmediatas de reaparición da Aula nesa cidade. Unha Aula histórica, a primeira en aparecer cando estaba vencellada á Escola de Maxisterio, e que desapareceu con toda a actividade que estaba a desenvolver, con mostras que enchían de espectadores o Teatro Principal de Pontevedra, teatro que, por outra banda, está des-leixado na súa programación. A Universidade da Coruña fluctuou no seu apoio á **Aula de Teatro da Coruña** e non axudou, en xeral, a manter a posibilidade dunha Aula en Ferrol. Mantense a **Aula da Coruña** e o seu festival pero moi suxeitos a políticas que por veces son erráticas.

É tanta a actividade que desenvolven as aulas de teatro universitarias que necesariamente ten que haber implicación da Xunta de Galicia. Desde hai uns anos, coa aparición da AGADIC, foron perdéndose os apoios que recibían do IGAEM, e as axudas da Secretaría Xeral de Cultura son ben pequenas. Precísase compromiso e axuda tamén das deputa-

cións e dos concellos. Na medida en que hai un certo respaldo desas administracións as aulas de teatro e as súas mostras e festivais chegan máis alto, máis rápido e máis forte. Cremos que a estabilidade orzamentaria e a estabilidade dunha política cultural plurianual son básicas para obter mellores resultados.

Como dixemos, Santiago é, de todas as aulas, a que ten esa estabilidade conseguida, con problemas así e todo, con diferenzas nos orzamentos duns anos para outros. Ourense e Vigo renovan os contratos cando corresponde, con maior orzamento para Ourense, neste caso, que tamén ten varios niveis e unha mostra moi extensa; porén na dirección mantiveron unhas liñas estables. Son os Campus da Coruña e Lugo os que máis cambiaron de dirección, tendo máis implatación e fortaleza os seus traballos nas épocas de estabilidade. Desde hai anos Paloma Lugilde en Lugo e Ruibén Ruibal na Coruña están á fronte das aulas e iso ten unha repercusión positiva nas postas en escena e na organización.

Xa demos conta das dificultades no Campus de Ferrol, que pasan pola falta de orzamentos, da autonomía precisa para poder desenvolverse, de espazos..., cuestións básicas que con ben pouco poderían cambiarse para retomar o teatro universitario nese Campus.

Desde os seus nacementos, vencelladas en moitos casos ás escolas de maxisterio (Pontevedra, Ourense, Coruña, Lugo), e tamén ás filoloxías (Santiago, Coruña), as aulas de teatro universitarias foron medrando para chegar a toda a comunidade universitaria, a todas as carreiras dos campus, a toda a cidadanía e facerse ver, escoitar e sentir por toda Galicia, a Península Ibérica e crear unha rede teatral que chegou ou atraeu ao teatro dos cinco continentes.

Con loitas nos diversos campus por un espazo digno para ensaios (exténdase esa loita por espazos culturais axeitados a toda Galicia e aos diversos ámbitos culturais), desde pequenas salas, desde ximnasia, desde locais sen calefacción..., estes grupos conseguiron chegar aos máis afastados recunchos de España e Portugal e abrirse cara o mundo coa súa arte, coa súa cultura, coas súas propostas escénicas. Unha loita polos espazos dignos que vai desde os primeiros grupos de filoloxía de Santiago ata as necesidades que hai hoxe no Campus de Ferrol e de Pontevedra para retomar a actividade.

A vontade é unha constante para poder levar adiante o traballo que supoñen os ensaios con grupos numerosos e con distintos graos de implicación e nivel de formación, para poder realizar producións, planificar e realizar xiras, programar e realizar mostras e festivais de teatro con eses orzamentos axustados e inestables.

E, malia todo, seguen sumándose cada ano grupos de países distintos que acoden ás mostras de teatro universitario galegas e seguen ampliándose os lugares de actuación das aulas de teatro. Desde o ano 2015 ao 2017, en que ten lugar a redacción desta tese, actuaron en Galicia grupos de máis países que os xa citados. Habería que incorporar á nómina pre-

sentada os seguintes: Dinamarca, Afganistán, Holanda, Suecia ou Irak. E as aulas tamén actuaron en novas localidades, como Lleida, por exemplo.

E este monumento ao teatro ergueuse cunha dose de implicación fundamental por parte de moitas persoas: directoras e directores, técnicas e técnicos, persoal das universidades, cargos con sensibilidade para entender que a Universidade precisa do teatro e o teatro da Universidade. E por suposto de alumnas/os, actrices/actores.

Igualmente, a implicación do alumno con aquilo que se quere comunicar é fundamental. Estamos a tratar con mozos nunha etapa vital determinada. Como pedagogos debemos coidar as inquedanzas propias da etapa evolutiva na que se atopan. Debemos facer espectáculos nos que se atopen a gusto. Isto non significa facer o que eles queiran sen criterio. Falamos doutra cousa, de implicar nun proxecto cultural organizado, estruturado e con obxectivos claros: a responsabilidade do mestre. Nesta cadea hai outra parte: o espectador. Os alumnos universitarios teñen unhas receptores determinados, débese coñecer, saber ou intuír aquilo que lles pode interesar, aquilo que tamén nos interese a todos nós contarlles e buscar como facelo. Partimos de que entendemos o teatro como comunicación, como necesidade de plasmación dunhas actitudes con formas artísticas determinadas. (Dacosta 2000: 433)

En calquera dos casos, o alumno-actor leva ensaios dabondo para saber o que ten que facer: hai que coidar o produto aínda que este estea dentro do ámbito pedagóxico e o que máis importe sexa o proceso. Estamos a falar do respecto do artista e do respecto cara ó espectador. (Dacosta 2000: 433)

A perspectiva de continuidade existe, a seguridade non. A pesar de todo o aquí exposto as estruturas son fráxiles e poden ser derrubadas. Nun momento no que se destinan poucos recursos económicos para a cultura e para a educación, cunha baixada continuada de alumnos nos distintos campus, ábreanse outras posibilidades como é a do teatro na universidade para maiores de 55 anos (dirixido por Sabela Gago en Ourense) ou o Teatro Senior da UDC que dirixe María Torres.

Dise do teatro que é arte efémera. Pero hai unha maneira de rachar con iso, de ir máis aló, e é crear espectáculos que perduren na memoria do espectador, no seu maxín, nos seus sonhos e na súa cultura. Xa el, o espectador, encargárase de darlle forma no seu interior e transmitilo, mudado por el, a outras xeracións.

Longa vida ao teatro. Longa vida ao teatro universitario.



# BIBLIOGRAFÍA



- AADTEG (1990). *Necesidade dunha política teatral*. Santiago. AADTEG.
- ALMEIDA, Luís Manuel. (2008) “Norte e Algarve” (dentro de “Um Palco de Memórias, contributos para a historia do Teatro Universitário”) en *Revista FATAL. Publicação anual de teatro universitário* nº 1, pp. 14-22.
- ARTAUD, Antonin. (1990). *El teatro y su doble*. Barcelona. Ed. Edhasa.
- BISCAINHO, Carlos C. (2008). *Un país desde as táboas. 125 anos de teatro galego*. Santiago de Compostela. Ed. Xunta de Galicia. Consello da Cultura Galega.
- BOBES NAVES, María del Carmen. (1997a). “El diálogo primario de la representación dramática” en *Revista Galega de Teatro (Información teatral)* nº 15, pp. 64-69.
- BOBES NAVES, María del carmen. (1997b). *Semiología de la obra dramática*. Madrid. Ed. Arco/Libros.
- BOUBETA, Xosé. (1995). “As salas alternativas de Galicia” en *Revista Galega de Teatro (Información teatral)* nº 12, pp. 13-16.
- BRECHT, Bertolt. (1948). *El pequeño organón*. Recuperado de <https://es.scribd.com/doc/24993807/Brecht-Bertolt-Pequeno-organon-para-el-teatro-completo-1948> [consulta: 20 febreiro 2016].
- BROOK, Peter. (1997). *La puerta abierta. Reflexiones sobre la interpretación y el teatro*. Barcelona. Ed. Alba.
- BROOK, Peter. (1986). *El espacio vacío: arte y técnica del teatro*. Barcelona. Ed. Península.
- CARRÉ, Leandro. (1931) “Apontamentos para a historia do teatro galego” en *Boletín de la Academia Gallega (RAG)*. Tomo 20. nº 235-240. Recuperado de: <http://academia.gal/imaxin-boletins-web/boletin.do?id=248&d-6034487-o=2&d-6034487-p=1&d-6034487-s=1> [consulta: 11 marzo 2017].
- Consello da Cultura Galega (Ed.) (2005). *Arte dramática e función docente*. Santiago de Compostela. Ed. Consello da cultura galega.
- Consello da Cultura Galega (Ed.) (2013). *Las artes escénicas en Galicia: situación y perspectivas*. Santiago de Compostela. Ed. Consello da Cultura Galega.
- COUTO PALMEIRO, Xoán. (1997). “As Aulas de Teatro na Universidade Galega” en *Revista galega de educación* nº 28 (Educación teatral) pp. 36-40. Vigo. Ed. Xerais de Galicia.
- DACOSTA, Fernando. (1993). “Grupo de teatro universitario Eis” en *Información teatral* nº 9, pp. 24-27.
- DACOSTA PÉREZ, Fernando (1998). *Representaciones teatrales y compañías de teatro profesional gallegas en 1993. Las representaciones en Santiago de Compostela con referencia a eventos teatrales e otros puntos geográficos de la Comunidad*. Madrid. Facultad de Filología de la UNED. Departamento de Literatura española y teoría de la literatura. Memoria de investigación de doctorado.
- DACOSTA, Fernando. (1999). “Aula de Teatro Universitaria de Ourense” en *Casahamlet* nº1, pp. 72-73.
- DACOSTA, Fernando (2000). “Animación teatral na Universidade” en F. Vieites, Manuel (coord.) (2000) *Animación teatral. Teorías, experiencias, materiais*. Santiago de Compostela. Consello da Cultura Galega, pp. 425-453.
- DACOSTA, Fernando. (2001). “VI MITEU” en *Información teatral* nº 27, pp. 21-26.
- Dacosta, Fernando (coord.). (2010). *20 anos Aula de teatro universitaria de Ourense (1991-2010) 15 anos MITEU. Mostra internacional de Teatro Universitario (1996-2010)*. Ourense. Ed. Difusora de letras, artes e ideas.
- DE LA TORRE RODRÍGUEZ, Ricardo (2015) *Teatro e internet: Galicia (2000-2009)*. Tesis doctoral. Recuperada de: [http://www2.uned.es/centro-investigacion-SELITEN@T/pdf/nuevas-tegnologias/Teatro\\_Internet\\_Galicia.pdf](http://www2.uned.es/centro-investigacion-SELITEN@T/pdf/nuevas-tegnologias/Teatro_Internet_Galicia.pdf) [consulta: 23 decembro 2016].
- ECO, Umberto. (2001). *Como se hace una tesis. Técnicas y procedimientos de estudio, investigación y escritura*. Barcelona. Ed. Gedisa.

- FERNÁNDEZ CASTRO, Xosé Manuel (2000). “¿Panorámica del teatro gallego de los 90?” En *Signa. Revista de la Asociación Española de semiótica*. nº 9. Recuperado de [http://www.cervantesvirtual.com/obra-visor/signa-revista-de-la-asociacion-espanola-de-semiotica--8/html/dcd931cc-2dc6-11e2-b417-000475f5bda5\\_28.html](http://www.cervantesvirtual.com/obra-visor/signa-revista-de-la-asociacion-espanola-de-semiotica--8/html/dcd931cc-2dc6-11e2-b417-000475f5bda5_28.html) [consulta: 8 xaneiro 2017].
- FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Xosé. (1999). “A actividade escénica na Universidade da Coruña” en *Casahamlet* nº1, pp. 78-79.
- FISCHER-LICHTE, Erika. (2011). *Estética de lo performativo*. Madrid. Abada Editores.
- GARCÍA LORENZO, Luciano (Ed.) (1999) *Aproximación al teatro español universitario (TEU)*. Madrid. Ed. Consejo Superior de Investigaciones Científicas.
- GONZÁLEZ MAESTRO, Jesús. (1996). *Didáctica y teoría del teatro (Signo y método)*. Principado de Asturias. Ed. Dayures.
- GORDÓN, José (1965). *Teatro experimental español (antología e historia)*. Madrid. Ed. Escelicer.
- GORDON CRAIG, Edward. (1987). *El arte del teatro*. México. Ed. Gaceta.
- GROTOWSKI, Jerzy. (1989). *Hacia un teatro pobre*. México. Ed. Siglo veintiuno.
- GUEDE OLIVA, Manuel (1993). “Galicia: una perspectiva teatral” en *ADE (Revista teatral de la Asociación de Directores de Escena de España)* nº 31/32 Setembro 1993, pp. 100-103
- GUERRA, Alma (coord.) (2011) *La Barraca. Teatro y Universidad. Ayer y hoy de una utopía*. Madrid. Acción Cultural Española-Universidad Complutense de Madrid-Instituto del Teatro de Madrid.
- INSUA, Emilio Xosé. (1997). “O teatro das irmandades da fala” en *Historia de la literatura gallega*. Vigo. Ed. A nosa terra, pp. 610-640.
- INSUA, Emilo Xosé. (2007). “O Teatro galego desde a estrea de A fonte do xuramento ao fatídico 1936” en Vieites, Manuel F. (coord.) (2007): *125 anos de teatro galego no aniversario de a estrea de “A fonte do xuramento”, Galicia 1882-2007* Santiago de Compostela. Ed. Galaxia-Xunta de Galicia, pp. 67-80.
- KOWZAN, Tadeusz. (1997). *El signo y el teatro*. Madrid. Ed. Arco/Libros .
- LAMAPEREIRA, Antón (Coord.) (1996) *Anuario do Teatro Galego* nº 0 1994. Santiago de Compostela. Ed. Xunta de Galicia / IGAEM.
- LAMAPEREIRA, Antón (Coord.) (1998) *Anuario do Teatro Galego* nº 1 1996. Santiago de Compostela. Ed. Xunta de Galicia / IGAEM.
- LEAL, Paula. (2008) “Porto” (dentro de “Um Palco de Memórias, contributos para a historia do Teatro Universitário”) en *Revista FATAL. Publicação anual de teatro universitário* nº 1, pp. 22-28.
- LÓPEZ SILVA, Inmaculada (2005). “Os teatros galegos: lugares ou non?” En *Casahamlet* nº 7, pp. 10-15.
- LÓPEZ SILVA, Inma. (2015). *Resistir no escenario: cara a unha historia institucional do teatro galego*. Santiago de Compostela. Ed. Xunta de Galicia: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións.
- LOURENÇO, Cilha & Vizcaíno, Carlos C. (2000). *Talia na crónica de nós: dez anos de teatro galego (1990-1999)*. Ourense. Ed. Abano.
- LOURENÇO, Manuel & Pillado Mayor, Francisco. (1979). *O teatro galego*. Sada – A Coruña. Ed. do Castro.
- LOURENÇO, Manuel & Pillado Mayor, Francisco. (1982). *Antoloxía do teatro galego*. Sada – A Coruña. Ed. Do Castro.
- LOURENÇO, Manuel & Pillado Mayor, Francisco. (1987): *Diccionario do teatro galego*. Barcelona. Ed. Sotelo Blanco.
- LUEIRO LEMOS, Xosé (Autor e Coordinador) (2006) *Anuario do Teatro Galego 2003/2004*. Santiago de Compostela. Ed. Xunta de Galicia / IGAEM.

- MAMET, David. (2001). *Los tres usos del cuchillo*. Barcelona. Ed. Alba.
- MARIÑAS DEL VALLE, Xenaro e Dónega Rozas, Marino (RAG). (1979). *Importancia do público na revelación teatral*. Sada-A Coruña. Ed. do Castro.
- MEYERHOLD, Vsevolod. (1986). *Teoría teatral*. Madrid. Ed. Fundamentos.
- MEYERHOLD, Vsevolod Emilievic. (1992). *Textos teóricos*. Madrid. Publicaciones de la ADE.
- NEIRA, Ramiro (2001) “Mostra de Teatro da Universidade da Coruña” en *Información teatral* nº 27, pp. 17-18.
- OGANDO, Iolanda. (2006). “El teatro y su estudio en Galicia (1975-2004)” en *Estreno: cuadernos de teatro español contemporáneo* nº 2, pp. 88-94.
- OGANDO, Iolanda. (2007). “A formación e a investigación teatral en Galicia” en Vieites, Manuel F. (coord.): *125 anos de teatro galego no aniversario de a estrea de “A fonte do xuramento”, Galicia 1882-2007* Santiago de Compostela. Ed. Galaxia-Xunta de Galicia, pp. 319-334.
- OGANDO, Iolanda (2013). “Representacións do Aquí: imaxes do teatro e o país de Roberto Vidal Bolaño” en *BRAG* nº 374 ‘Roberto Vidal Bolaño’, pp. 67-102.
- OLIVA, César & Torres Monreal Francisco. (1990). *Historia básica del arte escénico*. Madrid. Ed. Cátedra.
- OLIVA, César. (1999). “La escena universitaria española” en García Lorenzo, Luciano (Ed.) *Aproximación al Teatro Español Universitario (TEU)*. Madrid. Consejo Superior de investigaciones científicas, pp. 15-30.
- PAVIS, Patrice. (1996). *Diccionario del teatro (dramaturgia, estética, semiología)*. Barcelona. Ed. Paidós Comunicación.
- PAZ GAGO, Chema. (1996). “El teatro gallego de postguerra” en *Primer acto* nº 262. Madrid, pp. 6-8.
- PASCUAL, Roberto. (2007). “O Teatro na Universidade” en Vieites, Manuel F. (coord.): *125 anos de teatro galego no aniversario de a estrea de “A fonte do xuramento”, Galicia 1882-2007* Santiago de Compostela. Ed. Galaxia-Xunta de Galicia, pp. 283-295.
- PÉREZ DE OLAGUER, Gonzalo. (1999). “Teatro y Universidad. Del compromiso al olvido” en García Lorenzo, Luciano (Ed.) *Aproximación al Teatro Español Universitario (TEU)*. Madrid. Consejo Superior de investigaciones científicas, pp. 55-61.
- PÉREZ-RASILLA, Eduardo. (1999). “La situación del teatro universitario en España desde 1939 a 1967” en García Lorenzo, Luciano (Ed.) *Aproximación al Teatro Español Universitario (TEU)*. Madrid. Consejo Superior de investigaciones científicas, pp. 31-53.
- PILLADO, Francisco. (1992). *Cinco aspectos do Teatro Galego*. Santiago de Compostela. Ed. El Correo Gallego.
- PORTILLO, Rafael & Casado, Jesús. (1988). *Abecedario del teatro Madrid*. Ed. Centro de Documentación Teatral.
- PREGO CABEZA, Santiago (Autor e Coordinador) (2002) *Anuario do Teatro Galego 1999-2000*. Santiago de Compostela. Ed. Xunta de Galicia / IGAEM.
- PREGO CABEZA, Santiago (Autor e Coordinador) (2004) *Anuario do Teatro Galego 2001/2002*. Santiago de Compostela. Ed. Xunta de Galicia / IGAEM.
- PRESUMIDO, Ricardo (2008) “Lisboa” (dentro de “Um Palco de Memórias, contributos para a historia do Teatro Universitário”) en *Revista FATAL. Publicação anual de teatro universitário* nº 1, pp. 29-35.
- RABUÑAL CORGO, Henrique. (2000). “A Escola Rexional de Declamación. Un fito na historia teatral galega e coruñesa” en *Casahamlet* nº 2, pp. 4-7.
- RABUÑAL CORGO, Henrique. (2012a). “Cronoloxía (orientativa) do teatro galego (1960-1980)” en *Casahamlet* nº 14, pp. 145-147.
- RABUÑAL CORGO, Henrique. (2012b). “Da catacumba ao officiu. O teatro galego entre 1960 e 1980” en *Casahamlet* nº 14, pp. 63-69.

- RISCO, Vicente. Escolma de textos de Vicente Risco. Recuperado de: <http://www.terraetempo.gal/media/documentos/2Escolma%20de%20textos%20de%20Vicente%20Risco.pdf> [consulta: 15 novembro 2016].
- RIZZO, Alberto (2013) *Haciendo Mutis*. Barcelona. Ed. Dédalo.
- RODRÍGUEZ, Pablo. (1999). “Teatrografías” en *Casahamlet* nº1, pp. 82-83.
- RODRÍGUEZ VILLAR, Alejandra Juno. (2005). *A Cultura teatral en Galicia. O caso de Ditea (1960-1986)*. (Tesis doctoral). Santiago de Compostela. Ed. Facultade de Historia da USC.
- RUIZ RAMÓN, Francisco. (1995). *Historia del teatro español. Siglo XX*. Madrid. Ed. Cátedra
- SÁENZ de la Calzada, Luis. (1998). *La Barraca Teatro Universtario*. Madrid. Residencia de estudiantes / Fundación Sierra Pambley.
- SALGUEIRO, Roberto. (1999a). “La práctica escénica en la Universidad de Santiago de Compostela entre los años 1936 y 1975” en García Lorenzo, Luciano (Ed.) *Aproximación al Teatro Español Universitario (TEU)*. Madrid. Consejo Superior de investigaciones científicas, pp. 173-221.
- SALGUEIRO, Roberto. (1999b). “Teatro e universidade en Galicia. O traballo teatral no seo das Aulas de Teatro” en *Casahamlet* nº1, pp. 84-85.
- SALGUEIRO, Roberto (2000). “Breve reflexión sobre o actual panorama da formación teatral en Galicia. Visións, proxectos e estratexias do minifundio intelectual galego” en *Casahamlet* nº 2, pp. 102-105.
- SALGUEIRO, Roberto (2001). “VII Festival Internacional de Teatro Universitario. Universidade de Santiago de Compostela” en *Información teatral* nº 27, pp. 19-20.
- SALGUEIRO, Roberto. (2006). “El Aula de Teatro de la Universidad de Santiago de Compostela y el teatro universitario gallego” en *ADE teatro* nº 112, pp. 256-258.
- SÁNCHEZ GARCÍA, Jesús Ángel. (1994). “Os primeiros teatros en Galicia” en *Revista Galega de Teatro (información teatral)* nº 10, pp. 70-73.
- SÁNCHEZ GARCÍA, Jesús Ángel. (1995). “Espacios escénicos en Galicia: Teatros “Á italiana”” en *Revista Galega de Teatro* nº 12, pp. 26-29.
- SASTRE, Alfonso (1994). *Drama y sociedad*. Hondarribia. Ed. Argitalexte Hiru.
- SOTO, Pepe (1997) “Historia non cronolóxica do teatro galego” en *Revista Escaramuza* nº 0, pp. 11-14; nº 1, pp. 28-31; nº 2, pp. 31-33; nº 3, pp. 15-21.
- STANISLAVSKI, Konstantin. (1995). *La construcción del personaje*. Madrid. Ed. Alianza.
- STANISLAVSKI, Konstantin. (1999). *El arte escénico*. Madrid. Ed. Siglo veintiuno de España editores.
- TARRÍO VARELA, Anxo. (1988). *Literatura gallega*. Madrid. Ed. Taurus.
- TATO FONTAÍÑA, Laura. (1997a). “O teatro actual” en VV.AA. *Historia da literatura galega*. Vigo. Ed. A Nosa Terra, pp. 1410-1440.
- TATO FONTAÍÑA, Laura. (1997b). *Teatro Galego. 1915-1931*. Santiago de Compostela. Ed. Laiovento.
- TATO FONTAÍÑA, Laura (1999a). “Desencontros e polémicas” en *Casahamlet* nº 1, pp. 4-7.
- TATO FONTAÍÑA, Laura (1999b). *Historia do teatro galego (das orixes a 1936)*. Vigo. Ed. A Nosa Terra.
- TATO FONTAÍÑA, Laura (2007). “Primeira xeira. Diáspora e exilio” en Vieites, Manuel F. (coord). *Literatura dramática: unha aproximación histórica*, págs. 561-586. Loc: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=5180153> [consulta: 12 xaneiro 2017]
- TEJEDOR, Concha (coord.) (2002). *1900-2000. Un siglo de España*. Madrid. Agencia EFE.
- UDAONDO, Xoán (2000). “O Teatro na Universidade da Coruña (1988-1999)” en *Casahamlet* nº2, pp. 46-51
- UBERSFELD, Anne. (1989). *Semiótica teatral*. Madrid. Ed. Cátedra / Universidad de Murcia.
- VIDAL BOLAÑO, Roberto (1998): “Perspectivas do teatro galego actual”, en Luís Alonso Girgado (coord.), *Actas das IXornadas das Letras Galegas en Lisboa*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia – Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, pp. 183-194.



- VIEGAS, César. (2008) “Coimbra & Aveiro” (dentro de “Um Palco de Memórias, contributos para a historia do Teatro Universitário”) en *Revista FATAL. Publicação anual de teatro universitário* nº 1, pp. 7-14.
- VIEITES, Manuel F. (1996). “Ribadavia 1973-1980” en *Primer Acto* nº 262, pp. 9-17.
- VIEITES, Manuel F. (1998). *La nueva dramaturgia gallega (estudio y antología)*. Madrid. Publicaciones de la ADE.
- VIEITES, Manuel F. (Coord.) (2000). *Animación teatral. Teorías, experiencias, materiais*. Santiago de Compostela. Ed. Consello da Cultura Galega.
- VIEITES, Manuel F. (2005): *Historia do teatro galego, unha lectura escénica*. Santiago de Compostela. Ed. Consellería de Cultura, Comunicación social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural.
- VIEITES, Manuel F. (coord.) (2007): *125 anos de teatro galego no aniversario de a estrea de “A fonte do xuramento”, Galicia 1882-2007* Santiago de Compostela. Ed. Galaxia-Xunta de Galicia.
- VILA JATO, María Dolores (coord.) (1996) El patrimonio histórico de la universidad de Santiago de Compostela. Santiago. Ed. USC. Recuperado en: <https://books.google.es/books?isbn=8481214388> [consulta: 2 febreiro 2017].
- VILAVEDRA, Dolores & Paz Gago, Chema. (1996). “El teatro gallego actual” en *Primer acto* nº 262, pp. 18-23.
- VILLALAIN, Damián. (1997). “A información e a crítica teatral en Galicia” en *Ensaio* nº1, pp. 5-6.
- VILLANUEVA, Carlos. (1995). “Vinte anos de Extensión Universitaria (1975-1994)” en *Gallaecia Fulget (1495-1995)*. Cinco séculos de historia universitaria. pp. 526-532. Santiago de Compostela. Ed. Universidade de Santiago de Compostela. Recuperado de: [https://books.google.es/books?id=A\\_e90mnTYugC&pg=PA22&lpg=PA22&dq=cinco+séculos+de+historia+universitaria&source=bl&ots=UXM7VHIGRg&sig=74JxYbY8DtzcTaOHiTZBIFNSIaw&hl=es&sa=X&ved=0ahUKEwjGxsSfjtzOAhVC7RQKHc9kBdwQ6AEILzAD#v=onepage&q=cinco%20séculos%20de%20historia%20universitaria&f=false](https://books.google.es/books?id=A_e90mnTYugC&pg=PA22&lpg=PA22&dq=cinco+séculos+de+historia+universitaria&source=bl&ots=UXM7VHIGRg&sig=74JxYbY8DtzcTaOHiTZBIFNSIaw&hl=es&sa=X&ved=0ahUKEwjGxsSfjtzOAhVC7RQKHc9kBdwQ6AEILzAD#v=onepage&q=cinco%20séculos%20de%20historia%20universitaria&f=false) [consulta: 17 novembro 2016].
- VILLEGAS, Juan (1991). *Nueva interpretación y análisis del texto dramático*. Ottawa, Ontario. Ed. Girol Books, Inc.

### Revistas, catálogos, programas e anuarios

- Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galicia. *Escaramuza (Revista de la AADTEG)*. nº 0, 1, 2, 3. (1997). Santiago. AADTEG.
- Asociación de Directores de Escena de España: *ADE (Revista teatral de la Asociación de Directores de Escena de España)* nº 31/32. (1993); nº 82 (2000) e nº 112 (2006). Madrid
- Catálogo de dramaturgos galegos: 1973-2004: de Abrente ata hoxe*. (2005). Santiago de Compostela. Centro de Documentación das Artes Escénicas e Musicais de Galicia.
- El Público* nº 89 y nº 93. (1992). Madrid.
- Ensaio* nº 1. (1997). nº 2 (1998). Vigo.
- FATAL (Revista do Festival Anual de Teatro Académico de Lisboa)*, nº 1 (2008), nº 2 (2009), nº 3 (2010), nº 6 (2013). Lisboa. Ed. Reitoría da UL.
- Grial (Revista Galega de Cultura)* nº 17. (1967). Vigo. Recuperado de: [www.cervantesvirtual.com/descargaPdf/num-17-1967/](http://www.cervantesvirtual.com/descargaPdf/num-17-1967/)
- Informes de literatura*: <http://www.cirp.es/rec2/informes/informes.html>
- Primer acto* nº 262 (1996). Madrid.

*Revista Galega de educación*. nº 28. (1997). Vigo. Edicións Xerais.

*Revista Galega de Teatro (Información teatral)*. Desde el número 7 (1990/91) á actualidade (2015).

*Revista Casahamlet*. Do Nº 1 (1999) ao 14 (2012). A Coruña.

*Setepalcos*. nº 4 (2003). Teatro Galego. Coimbra. Ed. Cena lusófona.

*Teatro do Noroeste*. nº 1 e nº 2. (1997). Santiago.

*Xunta de Galicia*. Programa dos circuítos culturais.

Programas de aulas de teatro universitarias, mostras e festivais de teatro universitario de Galicia de 1990 a 2015.



